

AUÑIÓS

Nº 21

MAIO 2016



ASOCIACION CULTURAL

Pineiróns



COLABORAN	PÁXINA	ARTIGOS
José Ramón Álvarez Calleja	2 - 3	LEMBRANZAS DA ILLA
Xoán Xosé Pérez Labaca	4 - 5	BISBARRA DO CONDADO. O SAN MARTÍÑO. APUNTES VARIOS SOBRE O PORCO
Julio Santos Pena	6 - 8	ONS O MEU PARAISO DE ONTE (XIII). ILLEÑOS DE ONS, PIONEIROS SEN QUERER
Xulio Xosé Pardellas de Blas	11 - 12	ALGUNHAS CONSIDERACIÓNS ENTORNO Á RUTA DO MAR DE AROUSA NO CAMIÑO DE SANTIAGO
Celestino Pardellas de Blas	13 - 16	UNS PEQUENOS APUNTES PARA O ESTUDO DOS ALCUMES DOS HABITANTES DA ILLA DE ONS
Moncho Lavandeiro	17 - 18	CONTOS DE O GROVE (II)
Carlos Lixó Gómez	21 - 25	A TOPONIMIA COMÚN DE SÁLVORA E ONS
Anxo López Vergara	26 - 28	O EMBARRANCAMENTO DO GARDACOSTAS UAD-TARGA FRONTE AO GROVE NA PERSECUCIÓN DE ARROASES
Francisco Calo Lourido	31 - 33	PESQUEIRAS E ACTIVIDADE MARIÑEIRA NO FONDO DE AROUSA
Manuel Dopazo Entenza	34 - 37	CO SILENCIO TAMÉN COMUNICAMOS
Lino J. Pazos Pérez	38 - 40	CRISTOBAL COLÓN: DISQUISICIÓNS EN CANTO Á SÚA ORIXE E TRASLADO DOS SEUS RESTOS
Ramón Patiño Gómez	41 - 42	PINCELADAS DA HISTORIA DE ONS NO XVI E XVII
Cosme Damian e outros	43 - 45	VERTEBRADOS MECOS III: MAMÍFEROS E RÉPTILES MARIÑOS DA CONTORNA DO GROVE
Colección Colexio "Rosalia de Castro" Grove	46	O MAR DO GROVE
Estanislao Fernández de la Cigüña	47 - 50	AS CAMPÁS DA ILLA DE ONS
José Taboada García	51 - 53	MÚSICOS MECOS
Arturo Sánchez Cidrás	54 - 56	APUNTAMENTOS DA ILLA DE ONS E A FALANXE
Xosé Martínez Pontevedra	57 - 58	IGREXA DE MEIS
Maracaibo	61 - 62	O XENIO SAGRADO DOS DEUSES
Fernando Trigo	63 - 66	AS FESTAS PATRONAIS DA ILLA DE ONS
Javier Fernández Soutullo	67 - 68	O VESTINO NO TEMPO. AS COSTUREIRAS DE O GROVE
Jose Curt	71 - 73	DE ONS A AUNIOS PASANDO POR 50 ANOS DE VIDA
Emilio Ferrer Jaureguizar	74 - 76	AS PROTESTAS DOS CAPITÁNS I. RÍA DE PONTEVEDRA. MARÍN
Manuel Chazo Cores	77	A RÍA DE AROUSA. AI SÁLVORA, AI SAN VICENTE
Francisco Meis Durán	78	O GROVE: LUÍS A. MESTRE
Manuel e Eduardo Parada	81 - 82	A ILLA QUE FALA
Roberto Castiñeira Lavadores	83 - 87	O FARO DE SÁLVORA. HISTORIA, CARACTERÍSTICAS E FUNCIONAMENTO...
Redacción	88	O GROVE, ESA GRANDE VILA MECA

FOTOGRAFÍAS E DEBUXOS CEDIDOS POR:	PÁXINAS
Celestino Pardellas de Blas	Portada, 2,4,5,6,7,8,9,13,14,15,16,23,24,37,47,51,52,53,63,64,65,66,71,72,73,77,82,88
Estanislao Fernández de la Cigüña	48,49,50
Periódico ABC	28
Lino J. Pazos Pérez	38,39,40,47
José Miguel Besada Costa	17,18
Javier Fernández Soutullo	67,68
Cosme Damian Romay Cousido	44,45
Carlos Lixó Gómez	21,22,
Internet	26,27,28
Roberto Castiñeira Lavadores	83,84,85,86,87
Jose Manuel Dopazo Entenza	34,35
Francisco Calo Lourido	32,33
Francisco Meis	78
Arturo Sánchez Cidrás	54,55,56
Xosé Martínez Pontevedra	57,58
Maracaibo	62
Manuel e Eduardo Parada	81
Fernando Alonso Romero	3
Colexio Rosalia de Castro. (O Grove)	46

Web (html5):

<http://descubrobueu.wix.com/bueu>
correspóndese tamén con
<http://descubrobueu.tk>

Web (flash):

<http://viladebueu.wix.com/bueu>
correspóndese tamén con
<http://bueu.tk/>

Blog (galego):

<http://acidras.blogspot.com/es/>

Blog (español):

<http://viladebueu.blogspot.com/es/>

Revista Aunios:

<http://descubrobueu.wix.com/bueu#!aunios/ckoq>

DIRECCIÓN DA ASOCIACIÓN CULTURAL "Pineiróns"

Rúa Conchases, 39 - 2º Esq. - 36980 O GROVE


Pontevedra - Galicia - España

Tel.: 649 424 950

E-mail: tinopardellas@edu.xunta.es

CORRECTOR LINGÜÍSTICO:
Anxo López Vergara

A asociación non se fai responsable do contido dos artigos inseridos neste número.



LEMBRANZAS DA ILLA

Por: José Ramón Álvarez Calleja

Son mestre. E Ons foi o meu primeiro destino profesional.

Tiña vinte anos a estreir. E decidino eu. Os que me coñecían, os que me rodeaban, non acertaban a entender como, podendo elixir calquera outro lugar, eu pedín para Ons. Terra illada, inhóspita e dura. Lugar de piratas. Case que remataba 1963 e, faltándome aínda un ano para a maioría de idade, víame preparado para comezar a nova etapa vital. Capaz e emocionado, independente. Coa familia en terra... lonxe dos amigos...

Asia a un lado, al otro Europa.....

Tódolos mestres daquela Campaña de Alfabetización de Alumnos destinados na zona de Bueu, visitamos a D. José María Massó, sempiterno Alcalde-Presidente do concello quen, despois de enxalzar a nosa profesión, cominounos a que cumpríramos co noso cometido, erradicando da bisbarra o analfabetismo xa; que el nos axudaría no que fora mester... e que non déramos moito a lata.

Había dous barcos que facían a viaxe ata a Illa: o barco de Pancho e o do Sr. Emilio <O Alemán>. Embarcacións non moi grandes, dispuñan dun motor de gasoil que arrancaba ao prender unhas mechas postas nos pistóns, e facendo xirar unha manivela todo o tempo que fose necesario ata que o motor, por fin, púñase en marcha. O fedor do gasoil queimado acompañábanos durante toda a travesía, pero xa no medio da ría, pasando a Punta de Udra, ese aroma combinado co recen estreado movemento da embarcación, provocaba, nun mariñeiro experimentadísimo coma min, un mareo tal, que me mantiña atordado durante toda a viaxe ata que ao subir, con indecisos pasos, polas escaleiras do peirao da Illa, a brisiña e o cambio da natureza dos arumes, facían que volvese en min, non sen certa dificultade. Porque no barco, os pasaxeiros compartíamos o espazo útil da cuberta con todo tipo de mercancías: materiais de construción, víveres, animais... que facían que a vida na Illa fora posible. De maneira que, ao non haber moito sitio onde estar e, como era preciso agarrarse ben, había que baixar ao interior do barco, onde o risco de mareo era máis inmediato, sobre todo cando o mar estaba enfadado.


Descargar no peirao da Illa era unha tarefa non sempre doada; dependendo de se cadraba en preamar ou baixamar, o traballo era máis ou menos dificultoso.

Lembro unha vez que, tratando de descargar unha becerra coa marea baixa, o animal deu un mal paso que o levou dereitiño ao mar. Era digna de ver a axilidade coa que aquela corpulenta e improvisada Serea nadou ate chegar, san e salva, á praia.

Os fins de semana que se podía, facía a viaxe de volta. Agora, do que viña ateigado o barco era de caixas e caldeiros cheos do polbo que os mariñeiros collían na Illa, e que se transportaba ata Bueu onde ía ser subastado na lonxa.

Dúas tabernas había na Illa: a de Acuña e a de Checho. Polas noites os homes acostumaban a xogar a baralla – tute, escoba, “cinquillo” - e, como se ve que non facían unha consumición axeitada, o taberneiro cobráballes unha peseta pola utilización das cartas.

A antiga casa de dous andares de Canexol que albergaba, na parte baixa a escola e arriba a vivenda do mestre.



Ao pouco de estreir o meu destino de mestre en Ons, andaba eu paseando polo peirao, cando un dos mariñeiros que estaba preparando os trebellos de pesca, preguntoume sen máis:

- “Don Ramón, ghóstanlle as nécoras?”.

A pregunta sorprendeume. Dixen que si pero, por se acaso, engadín que cando me apetecían, que as mercaba, para que quedara claro que non desexaba que me regalase algo do que, por outra banda, non me sentía merecedor.

-”Pero ghóstanlle, non si?”.

-”Ghóstan, si”.

E o mariñeiro de Ons, cun fato de nécoras na man respondeu:

-”Pois deixe que xa!!!”.

E... ata hoxe.

Naqueles tempos circulaba unha anécdota que relatava, ben ás claras, a capacidade resolutiva que tiñan os isleños: nunha ocasión fora un a Pontevedra portando un cesto con centolas para vendelas nalgún restaurante; un policía, que se decatou da ilegalidade da operación- por estar en veda-, comisoulle as devanditas centolas, ameazándoo cunha multa. O home, facendo gala desa retranca intelixente para os momentos de perigo : !Vaia, eran un regalo para o Sr. Gobernador!, contestoulle.

Y si muero, ¿qué es la vida?

Eu pasaba o día lendo, escoitando a radio e paseando ou explorando os recunchos da Illa, cando o tempo o permitía. O Buraco do Inferno, co seu impresionante bruar, o cemiterio onde había algunhas lápidas con inscrición, moi curiosas cuxos termos agora non recordo, pero que naquel tempo me chamaron poderosamente a atención; supoño que aínda se conservarán. O faro a chisca-lo ollo. O mar aberto, que tamén lambía as Américas...



O Sr. Domingos, "Cachote", á porta da súa casa en Pereiró.

Pero o que me encantaba era observar como, cun martelo, unha machada e unha aixola, o señor Cachote poñía a punto, ou construía de novo, aqueles estilizados navíos cos que os avezados insulares navegaban a remos ou a vela, pescando de todo á liña, ás nasas ou co aparello as dornas da Illa. Era unha ledicia contemplar o delicado traballo do señor Cachote que, con ferramentas tan bastas, conseguía unha obra tan fermosa.

O Sr. Morling, "o Sueco", viñera naquela época dende a súa terra para estudar esas embarcacións, e a similitude existente coas do seu país.

Que es mi barco mi tesoro.

Ao chega-lo serán collía o camiño do Canexol, onde estaba a escola. Moitas veces, cando o vento do sudoeste ía a máis, o mar estrelábase con forza contra as rochas, tecendo unha manta de espuma branca que el mesmo transportaba polo aire, mollándome con esa fina espuma salgada que, non só non molestaba, senón que me transportaba abordo dun navío imaxinario no que percorría tódolos mares en absoluta liberdade.

Y del trueno al son violento, y del viento, al rebramar, yo me duermo sosegado, arrullado por el mar..

Xa na escola, un baixo tan grande como lóbrego, ían chegando os alumnos e as alumnas que, despois de rematar os traballos da terra ou do mar, poñían a súa mellor vontade para aprender os rudimentos da lectura e da escritura, mal alumeados polas buxías do candil de carburo. Alí pelexabamos tódalas noites coas armas didácticas e pedagóxicas, eu aprendendo cómo dar e eles cómo recibir.

E así estiven ata que á chegada da primavera, coa necesidade de investir mais tempo nas actividades agrícolas, a xente foi diminuindo a súa asistencia a escola ata que a miña presenza xa non foi necesaria. De tódalas maneiras, o curso xa remataba e eu tamén. Foi tempo, entón, de volver á "Terra".

Nesta época, os mariñeiros da Illa fóronse decatando de que posuír un barco a motor daríalles máis liberdade de movemento, venderían a pesca sen ter que compartir as ganancias con intermediarios, e poderían beneficiarse dunha embarcación moito máis poderosa e veloz.

Daquela empezaron a facerse con "motores".

!Que regatas desde entón! !Que piques por chegar os primeiros a Bueu ou a Sanxenxo!

Navega, velero mío, sin temor Que ni enemigo navío, ni tormenta, ni bonanza tu rumbo a torcer alcanza, ni a sujetar su valor.



BISBARRA DO CONDADO O SAN MARTIÑO, APUNTES VARIOS SOBRE O PORCO

Por: Xoán Xosé Pérez Labaca

Como dixeramos no número anterior, Juanjo tiña a ilusión de publicar en AUNIOS unha serie de artigos que foran escritos para inserir nalgún xornal da bisbarra do Condado. A súa enorme enerxía e a facilidade para contar historias que tiña, facía case que imposible o publicalos, xa que, sempre se lle ocorría algunha cousa nova sobre a que escribir, sobre todo da súa querida Illa de Ons, que retrasaba a publicación deses artigos.

Por desgraza, comezou un camiño sen retorno e vai ser por ese triste motivo que imos ter a oportunidade de publicalos en diferentes números.

Comezamos o ano pasado co traballo das "Cancións obscenas" e neste número vai o dedicado ao "San Martiño e ao Porco".

Di o refrán: "Que a cada porco lle chega o seu San Martiño". O día 11 de novembro, data na que persiste a tradición do sacrificio do porco, para xúbilo de todos, agás loxicamente da vítima, que é allea á preparación do atentado, parece oportuno facer unha breve glosa de tan sufrido e ilustre animal, nunha terra na que é recoñecido non só polas súas calidades gastronómicas, senón polo seu prestixio social e a súa indiscutible contribución histórica ao sustento e alimentación básica do pobo galego.

Jose R. Vázquez Liñeiro, polo San Martiño do 2011, escribiu unha "Elexía ao porco" que non ten desperdicio. Da mesma saquei moitas das cousas que cito de seguido e xunto coas miñas achegas escribín este canto a ese ilustre animal que é o rei da gastronomía popular.



Magnífico exemplar de porco criado nunha das casas da Illa de Ons.

Como é sabido o porco é un animal doméstico, artiodáctilo, de corpo alongado, co pel grosa e basta,

de distintas coloracións e provisto de catro patas (lamentablemente). Estanse a realizar clonacións e analizando un cruce xenético con ADN do cempés, para conseguir incrementar o número de patas do porco. Isto suporía unha revolución económico social e facilitaría enormemente o problema do paro, ao favorecer a creación de emprego.

O porco ten distintas denominacións en función da idade e a zona xeográfica: gorrino, cochinito, lechón, verraco, márrano, puerco, cochino, e en Uruguai e Arxentina: chanco. En Galicia se lle denomina porco, cocho, rancho e tamén corricho, cos seus diminutivos cariñosos respectivos. Tamén se che chama familiarmente "marisco de cortello".

Pode vivir de dez a quince anos, pero case nunca o consegue, por causas alleas á súa vontade. Normalmente, antes dun ano o animal "pasa a mellor vida".

O porco é un animal sufrido, pouco agraciado, humilde e pouco comunicativo. Cando se expresa faino nun dialecto descoñecido, que por certo é un dos máis estendidos no mundo, con máis de mil millóns de usuarios. Non consta que teña un acento especial en función da zona xeográfica.

Ten un crecemento rápido sendo as camadas moi numerosas (afortunadamente). Aparéllase cando ten oportunidade, máis ou menos coma o home. A crecente e abusiva implantación da inseminación artificial ten privado ao animal dun dos poucos praceres da súa austera e sacrificada existencia.

O porco vive en cativeiro, normalmente en condicións pouco confortables, claramente insalubres ou en liberdade vixiada. Ademais de ser un animal pouco

agraciado, é inxustamente tratado como sucio e desaliñado. Non en van a palabra porco, ademais de servir para chamar ao sinalado animal, úsase para describir ás persoas sucias, groseiras, con pouca educación e poucos escrúpulos. Estes exemplares de “porcos de dúas patas” son bastante abundantes e ao revés que o porco común que abunda no rural, estes abarrotan as zonas urbanas.

Expresións tan antagónicas como “portouse coma un home” e “portouse coma un porco”, mostran o inxusto da situación e poden dar lugar a una pregunta inocente: O máis perverso dos porcos sería capaz de comportarse peor que o máis perverso dos homes?

O porco é un animal omnívoro, come de todo. De todo o que se lle bote ou atope ao seu alcance: pensos, millo, cebada, fariña, farelo,..., sobras de comida, castañas, landras,... Todo un menú. Como sabería a súa carne se comese trufas, meixóns e solombos de tenreira?

A fama da súa sucidade lle ven ao porco do seu afán de enzoufarse ou enlamarase. Isto é debido a que este animal é o único mamífero que non ten glándulas sudoríparas e realiza estas accións para refrescarse e tamén para eliminar parasitos e insectos que se hospedan no seu pelo. Isto xunguido ás condicións habituais do aloxamento, lle atribúen unha fama realmente inxusta, se ben é certo que isto deixámolo no esquecemento cando o temos sobre a mesa, sabiamente cocinado e presentado.

O porco é feo por afora e fermoso por dentro. É coma un cofre basto e sucio que ao abrilo garda prezados tesouros ou delicias gastronómicas. É posible que a nai natureza o dotara desa fealdade para protexelo do depredador humano. En tal caso é evidente que non tivo éxito. Se o porco tivese a elegancia do cisne, o porte da garza, o poder do león, a lealdade do can, a astucia do raposo e a maldade do home sería o rei da creación, desprazando aos humanos de tan discutido título. Pero o porco non ten outras aspiracións, é sinxelamente e deliciosamente comestible.

Gastronomicamente o porco é un fenómeno da natureza. Todo no porco é aproveitable, do focinho ao rabo, a cabeza, as patas (Cantas portas teñen abertas as patas traseiras do porco!!!), o raxo, o costelas, as vísceras, a graxa. Ata o sangue. Todas as partes rivalizan en sabores e admiten múltiples e imaxinativas combinacións culinarias. Don Peregrino, un bendito abade da parroquia de Santa María a Maior de Pontevedra, chegou a dicir nun sermón que: “A Virxe María era coma o porco porque se lle aproveitaba todo”.

Recentes investigacións de expertos en nutrición afirman que a carne de porco ten graxas polisaturadas que son beneficiosas para o organismo, e incluso o porco ibérico posúe compoñentes oleicos que chegaron a cualificalo como “unha oliveira con patas”.

O noso insigne e ínclito escritor Álvaro Cunqueiro, poeta e gastrónomo, afirmaba que a cacheira ten sete sabores distintos: morro, dente, orella, papada, contrapapada, ternilla e carrís. En suma, unha cabeza ben amoblada.


En Galicia o produto gastronómico rei é o cocido, onde o porco ten o maior protagonismo. O cocido típico galego, onde se combinan sabiamente diversas partes do animal con outros complementos da horta galega, nunha sinfonía de sabores, aromas e cheiros, que non é para describilo, é para comelo. Este prato, o cocido, sen ningún tipo de dúbida tamén, como se está a mirar, é de orixe celta. O noso cocido, o cocido galego, é a representación xenuína do que é o bo comer en calquera lugar da nosa xeografía. Se os cocidos teñen esa sona será por algo, digo eu, xa que levan os seguintes ingredientes: media cacheira, medio lacón curado, ósos de soán, dous rabos salgados, touciño, costela salgada, tres morros, cinco orellas salgadas, unha galiña da casa, faldra ou xarrete de vacún ou tenreira, unto, unha ducia de chourizos, garavanzos, freixós brancos, grelos e patacas. A isto aínda se lle poden engadir outras achegas segundo o gusto do cociñeiro como: outros tipos de chourizos, pezuños, repolo,...

Se ademais se degusta en boa compañía e regado por algúns dos viños tintos da terra: ribeiro, condado, ribeira sacra, barrantes, tinta femia,..., chegamos ao súmmum gastronómico.



A matanza do porco era unha das festas máis importantes de Ons nas que participaban todos os illáns.

Cómpre salientar que o porco celta é oriúndo de Galicia, posúe unha característica morfolóxica que o diferencia doutras razas pois ten unha vértebra máis, que fai que o lombo sexa máis longo e faino andar cun lixeiro culebreo dos cuartos traseiros, polo que se lle denomina familiarmente como “porco de pasarela”. O certo é que houbo quen afirmou: “A min do porco gústame todo incluído os andares”. En todo caso, a verdade é que a historia do porco está ligada ao do home desde os albores da humanidade.



ONS O MEU PARAÍSO DE ONTE (XIII) "ILLEÑOS DE ONS, PIONEIROS SEN QUERER"

Por: Julio Santos Pena

Aquel día que por casualidade atopei a "Pepe da Illa" en Marín e me propuxo que pedira a escola de Ons non podía imaxinar o que me esperaba, profesional e persoalmente, para os tres seguintes e plenos anos da miña vida. Obtido o meu título de mestre e tras retornar da, por aquela, obrigatoria mili, durante un par de anos andivera dando tombos polas academias do entorno dando clases particulares ou traballando moi en precario, sen horario nin seguridade social. Seiscentas pesetas (menos de catro euros ao mes) fora o meu primeiro soldo nunha prestixiosa academia de Pontevedra cunha mellora aos poucos meses que chegou a oitocentas (cinco euros de hoxe) noutra academia de Marín que melloraba a cuestión, xa que aforraba o gasto do traslado no "trole" catro veces ao día, e todo axudaba a mellorar.

Aquel encontro fortuíto con "Pepe da Illa", antigo compañeiro de servizo militar en Ferrol, abriunos novas expectativas porque, por un lado, se me concedían a escola en réxime de interinidade, supoñía un avance importante, economicamente falando, porque ía a cobrar ao mes pouco máis de dúas mil cincocentas pesetas (uns 15 euros), pero sobre todo, quedaría incluído na Seguridade Social con todo o que elo significaba, toda vez que xa esperabamos a nosa primeira filla. Profesionalmente era tamén un importante e apaixonante reto porque era consciente de que a vida na Illa non era o mesmo que en "terra" e que me enfrontaría a un grupo de rapaces que, desde anos atrás, víranse privados da regularidade escolar, pola falta de mestre titular, ou pola intermitencia de meses sen poder asistir á escola polos continuos cambios do profesional que atendera á educación da poboación infantil masculina da Illa xa que, aínda tendo mestre destinado alí, os temporais e a falta de comunicación real facían que quen marchaba da illa o

venres, non retornase a ela ata mediados da seguinte semana, ou incluso ata a semana seguinte, co que, a interrupción constante da escolarización, provocaba un retraso evidente na aprendizaxe dos nenos.



Casas escola da Illa de Ons. O meu fogar illeiro.

Tras a solicitude da praza e todo o trámite que conlevou ata conseguir o nomeamento, que xa vos teño contado en outros "Aunios" pasados, a chegada á Illa foi como xa esperaba e houben de enfrontarme a unha situación moi singular e especial porque, en efecto, o retraso escolar por carencia de normalidade era evidente. A diferenza do que fixeran outros compañeiros anos atrás, instalámonos na casa do mestre para vivir intensamente aquela etapa da nosa vida. Alí levamos os mobles e pertenzas que tiñamos, coa estrañeza dos propios insulares que, daquela, empezaban a marchar dalí para instalarse en Bueu, Beluso ou Portonovo, e iniciamos a nosa vida permanecendo os fins de semana sen saír a terra máis que unha vez ao mes ou aínda con menos cadencia. Esta permanencia en Ons facilitoume tanto o traballo na escola como a integración social entre a nada fácil veciñanza que, como xa vos teño contado tamén anteriormente, tiña moito receo para co mestre de tanda que, ata a miña chegada, era tamén o "Delegado

Gobernativo”, unha autoridade que para a xente non era moi agradable xa que algún mestre tiña tomado o cargo demasiado en serio e intervido en exceso no devir da vida insular.

Non foi doado poñer en marcha un réxime escolar normal porque a irregularidade era o denominador común en todos e cada un dos alumnos. Había mozos a punto de saír da idade escolar que apenas tiñan coñecementos mínimos porque perderan moitos días, semanas e incluso meses, de asistencia. Había tamén un núcleo principal do alumnado de entre os seis e os dez anos que aínda estaban peor porque moitos deles nin sequera asistirán un curso completo, sobre todo os máis pequenos, e pesaba enriba deles un certo temor por descoñecemento do que era a escola e pola idea de que “a letra con sangue entra” que, si pesaba no mundo educativo xeral por aqueles anos, moito máis era o que se manexaba naquel enclave tan especial.



Entrada principal da escola da Illa de Ons.

Cunha matrícula de preto de vinte rapaces empezamos a tarefa escolar a finais do mes de outubro. Organizar os grupos máis ou menos compactos foi bastante problemático aínda que, polo nivel de coñecementos, con tres foi suficiente: Os pequenos de entre seis e nove anos que nunca asistirán á escola ou o fixeran de xeito mínimo, os maiores con idade próxima a deixar a escola e, no medio, un terceiro grupo “intermedio” de rapaces algo máis preparados. A todos estes nenos uníronse un mes despois, máis ou menos, un grupo de mocións aos que, fóra xa da idade

escolar, invitámoslos a asistir cando puidesen, xa que algúns deles traballaban ou axudaban nos labores da pesca ou nos do agro nas casas aínda que, tras a proposta do mestre, foron liberados de ambas as dúas cousas para que aproveitasen no posible a posibilidade de recuperar o que non tiveran tempo a aprender na escola. Entre uns e outros, o grupo superaba os trinta nenos e mozos que foron conformando os grupos co que fomos quen de consolidar a marcha daquel meu primeiro curso alí, e logo do Nadal, todo rodaba a satisfacción xeral.

Foi no segundo curso da miña estancia na Illa cando nos decatamos de que, daquela, a vantaxe era para os nenos en prexuízo das rapazas da illa que eran atendidas pola mestra que tiña unha matrícula similar en canto a número pero moito máis compacta respecto dos niveis porque, curiosamente, tiveran moito mellor funcionamento da escola feminina, sempre cuberta con mestra titular. Claro que o problema daquela era que a mestra desprazábase a terra cada fin de semana co que, especialmente nos meses de duro inverno, tiña que quedar semanas enteiras en terra, xa que o barco de pasaxe non podía ou non quería facer a travesía que era unha obriga que se saltaba a conveniencia do patrón. Entón decidimos de mutuo acordo que sería bo xuntar as matrículas das dúas escolas e, tendo en conta que os nenos e as nenas dos últimos cursos tiñan menos tempo de preparación ata a finalización da súa idade escolar, sería bo que pasaran a formar parte dun grupo baixo a tutela do mestre e, os máis novos, nenas e nenos, quedaran na da mestra co que gañaríamos, nós en organización, e os rapaces en aproveitamento.

A idea parecíanos boa pero, naqueles anos, ver xuntos aos nenos e as nenas na escola era pouco menos que un escándalo, sobre todo visto desde os ollos da autoridade competente que foi resistente a acollela. Nunha viaxe á terra visitei á inspectora xefa que xa me coñecía, non porque nos visitase nunca na Illa, que sería o último que lle gustaría facer, senón polo episodio da miña negativa a coller a responsabilidade de “Delegado Gobernativo” cando me foi outorgada

a escola. Aquela muller, que entendeu perfectamente a conveniencia daquel cambio, negounos o permiso, non obstante, porque en principio, non podía ser e punto. En cambio, despois de negarnos oficialmente a posibilidade daquela nova organización, e tras mandar cun encargo á funcionaria que tiña dentro do seu despacho para evitar ser escoitada, fíxome sentar fronte dela na mesa de traballo e, baixando a voz díxome

- Sabes que me parece unha estupenda idea esa que me dis?; pero non podemos autorizala oficialmente. Nembargantes se estades os dous de acordo facédeo de xeito extraoficial aínda que ti firmes os documentos dos nenos e a mestra a das nenas. Aquí faremos que non sabemos nada do cambio se non xurde algún problema en adiante.

Aquel comportamento de complicidade foi ben acollido por min e pola compañeira, conscientes de que o noso traballo resultaría moito máis doado dalí en diante como así foi, decidindo que ela se fixese cargo dos nenos e nenas de ata nove anos e eu do resto, incluídos os mozos de idade extraescolar.

Os resultados foron francamente bos e sen sabelo ben certo, posiblemente a humilde escola de Ons fose pioneira nunha experiencia de ensinanza mixta que ben pouco despois implantouse de xeito xeneralizado na educación pública.

Do mesmo xeito comezouse en Ons unha práctica deportiva inusual en “terra” cando conseguimos arrincar, aos nenos primeiro, e aos mozos despois, da nociva estancia nas tabernas onde respiraban aquel espeso fume do tabaco e presenciaban as partidas de cartas que exacerbaban aos xogadores, moitos dos cales non se recataban á hora de expresar co mais basto vocabulario a súa ira ante o fracaso no xogo. Tamén vos quedou contado neste Aunios cómo convertemos o patio da escola nunha cancha do que hoxe se chama “futbito” pero daquela non existía

neste lado do océano . As reducidas dimensións do campo fixeron que os partidos que se organizaban fosen entre equipos de cinco compoñentes incluído o porteiro e, ao longo de todo o ano, nas tardes dos sábados e dos domingos desenvolvíanse verdadeiras competicións de equipos que se formaban alí mesmo ou se retaban dunha semana para outra para disputar enfrontamentos entre Cucorno e Canexol; Curro e Pereiró ou mesmamente, “Os do cura contra os do mestre” e tamén os do Torreiro contra os do cura”, competicións que ocupaban varias horas e que acabaron por potenciar o nivel deportivo dos mozos da illa que poucas ocasións tiveran de organizar semellantes entretementos.



Patio de recreo empregado para os partidos de futbito.

Cando anos despois, xa lonxe da illa, se empezaron a organizar as competicións de futbito en todos os pobos aproveitando as canchas dos pavillóns reservadas a deportes como balonmán ou baloncesto, sentín que para min, que tiven a ocasión de formar parte dun dos equipos participantes, non era nada novo porque, curiosamente, na humilde Illa de Ons, xa tiñamos moito camiño andado.

Ás veces, sen unha clara proposición adoitan acontecer cousas como estas.

Xaneiro 2016.



ALGUNHAS CONSIDERACIÓNS EN TORNO Á RUTA DO MAR DA AROUSA NO CAMIÑO DE SANTIAGO

Por: Xulio X. Pardellas

A importancia do Xacobeo como marca de promoción turística e na consolidación de Santiago de Compostela como destino internacional é indiscutible. Aínda que inicialmente o “Camiño a Santiago” foi un itinerario basicamente relixioso-espiritual, hoxe está configurado xa como unha forma de turismo cultural que foi evolucionando e mesturando os seus contidos cara a unha acepción moito máis extensa, aportando novas dimensións que poden ir desde o sentimento relixioso ata o estritamente turístico, pasando por conceptos culturais de diversa motivación e constituíndo hoxe un claro factor de desenvolvemento local naqueles espazos rurais por onde discorre o Camiño.

Nese contexto diverso, a ruta marítimo-fluvial pola ría da Arousa e o río Ulla conmemora a chegada a Galicia polo mar, do corpo do apóstolo Santiago o Maior, despois do seu martirio en Xerusalén, no ano 44. Vellas tradicións cristiáns, afortaladas por textos medievais, aseguran que despois do martirio algúns dos seus discípulos recolleron o corpo de Santiago decapitado e o trasladaron á costa palestina. No porto de Xaffa un barco mercante –a “barca de pedra”-, levouno ao través de todo o Mediterráneo e seguindo a costa atlántica ata o fin de occidente (o fin da terra coñecida), onde el xa predicara outrora o evanxeo (Xunta, 2010).

Esa lenda sitúa a “barca de pedra” en Iria Flavia, e quizais puidese ser unha das naves que transportaban minerais entre Galicia e outros lugares do imperio romano. O texto fundamental que narra a *Traslatio* do corpo do apóstolo desde Xaffa ate Iria e de aquí ao seu lugar final de soterramento, en Compostela, é o Liber Sancti Jacobi, *Códice Calixtino, libro III, cap 1*, escrito na primeira metade do s. XII.

Ata aquí a argumentación histórico-relixiosa que xustifica a existencia deste itinerario dentro dos diversos que integran o concepto xenérico do Camiño de Santiago. Calquera persoa interesada, pero allea á realidade actual do Camiño (un xaponés, por exemplo, motivado polos valores espirituais da peregrinación), podería pensar despois da lectura do Liber Sancti Jacobi, que a ruta do mar da Arousa é a máis importante para os peregrinos, posto que **rememora os lugares** polos que foi trasladado o corpo do apóstolo desde o seu desembarco en Galicia ata

Compostela, pero nada máis lonxe do que acontece nas peregrinacións, especialmente nos anos Xacobeos.

As cifras publicadas nos informes estatísticos do arcebispado de Santiago son ben expresivas: no Ano Santo 2010, acudiron á Oficina do Peregrino un total de 272.135 peregrinos e preguntados polo itinerario que seguiran cada un deles, un 69,5% viñeran polo francés, un 12,5% polo portugués, un 9,4% polos denominados do norte e primitivo, un 5,2% pola Vía da Prata, outro 2,4%

polo inglés e apenas un 1% responderon que viñeran polo itinerario do mar da Arousa. Pero máis recentemente, nos datos do 2013, esa mesma pregunta tivo como respostas, un 70,3% o francés, un 13,7% o portugués, un 9,4% o primitivo, un 4,2% a Vía da Prata, outro 2,2% o inglés e só un 0,2% o mar da Arousa (Arcebispado de Santiago, 2014).

Á vista deses datos, semella evidente que a ruta marcada desde a illa de Sálvora a Padrón, para seguir cara o norte, non é apenas relevante para os peregrinos a Santiago, aínda a pesar de constituír en rigor o tramo de maior singularidade por ter un itinerario marítimo e aparecer definido nos textos relixiosos coma o camiño final

seguido polo apóstolo ate o seu destino final, como xa foi comentado.

Pero acudindo á documentación histórica científica podemos descubrir algunhas das claves desa marxinación.

As peregrinacións a Santiago de Compostela iníciase a partir do descubrimento da tumba do apóstolo Santiago (considerado historia ou lenda, en función das crenzas de quen lea os textos antes citados). Con respecto a Santiago, non hai unha coincidencia estrita entre os historiadores, pero probablemente, podemos situar a invención do sepulcro de Santiago no primeiro terzo do s. IX e a partires dese momento tamén o comezo das peregrinacións (VVAA, 2004). A situación en Europa estaba definida pola estrutura do Sacro Imperio Romano Xermánico, herdanza de Carlomagno, coroado emperador polo papa León III no ano 800, pero falecido no 814, que fusionou así a cruz e a espada. Na xeografía máis veciña, na península ibérica, case todo o territorio estaba ocupado polos árabes de Al-Andalus, a excepción do norte. Alí atopamos a rexión da antiga Gallaecia romana e tamén o reino de Asturias, onde os musulmáns decidiran non aventurarse moito polas



Torre de San Sadurniño.
Cambados

dificultades de pelexar nas súas montañas, e así mesmo xa eran cristiáns os condados de Aragón e Navarra, e no Pirineo oriental a denominada Marca Hispánica do Imperio Carolinxio, que chegaba ata o río Ebro (Vázquez et al, 1998).

No recuncho máis occidental desa área xeográfica e cristián do norte terá lugar un feito, que hoxe considerariamos sorprendente, pero que, naquela altura, non era excesivamente raro: un eremita, chamado Paio, que se mortificaba no lugar onde hoxe está Compostela, escoita cánticos anxelicais e mira fogueiras polas noites na mesta fraga que se estendía por aquelas terras nese momento. Informado Teodomiro, bispo de Iria Flavia, achegouse alí e logo dalgún ascético xaxún compartido co eremita, atoparon un sepulcro sobre o que decidiron que, sen dúbida, había ser do apóstolo Santiago. Comunicaron de seguido este descubrimento a Alfonso II o Casto, rei en Oviedo, quen ordenou construír alí unha igrexa (da que xa non quedan restos), para honrar os restos do mausoleo.

Alfonso II estaba intentando abrirse un oco en Europa e o descubrimento dos restos do Apóstolo foi aproveitado polo clero francés, que interesado en apoiar e estender a fe católica cara o sur da península, non tivo problemas en vincular ao sepulcro con Carlomagno e como non, darlle o aval de milagre e levar o coñecemento do suceso a terras europeas. A continuación, Alfonso III completa co seu reinado os últimos anos do século IX e a primeira década do X, ocupando o val do Douro, e xa sentíndose seguro e autodenominándose emperador, sitúa a capital en León e fomenta sen complexos a peregrinación a Santiago desde toda Europa.

Xa nun primeiro momento, a nacente Compostela empezou a atraer veciños das terras próximas, situación que se prolongaría ata o inicio do esplendor no s. XI. A partir de aí, o Camiño vai ser moito máis cá unha ruta relixiosa, gañando aos poucos o papel de punto de encontro para negociacións e pactos entre Europa e a cristiandade peninsular, pero tamén como vía de entrada de ideas políticas e, aínda máis, de intereses políticos europeos, que tentarán (e conseguiran) a instalación de súbditos dos reinos de Borgoña na península, e igualmente converténdose en vía comercial, na que se van instalando artesáns, mercadores, bufóns, burgueses..., na que se practica un intenso mercado, no que conflúen non só produtos cristiáns europeos, senón mesmamente dos propios musulmáns, e desde logo, irá configurándose unha das máis importantes vías de intercambio cultural no mundo daquela coñecido. (Calo Lourido, 2005).

Desde finais do s. XIII, co avance da reconquista cara o Guadalquivir, o norte da península ve como se desprazan os intereses económicos para o sur. Medina do Campo e outras novas cidades comerciais afastaranse do Camiño. Todo se despraza ao sur, o Camiño decae e as

peregrinacións esmorecen ata case desaparecer na segunda metade do S. XIX. Xa no s. XX, o nacionalcatolicismo imposto por Franco logo do seu triunfo na guerra civil, tentou recuperar os anos santos con desigual éxito, pero sería a habilidade das xestións de Manuel Fraga, nos seus anos de ministro de turismo, quen facilitou que en 1987, o Consello de Europa declarase o Camiño como “I Itinerario Cultural Europeo”, máis logo, en 1993, a UNESCO concedeulle o título de Patrimonio da Humanidade, e para rematar, en 2004, recibiu o premio Príncipe de Asturias da Concordia.

Esta necesariamente breve referencia histórica é relevante porque mostra os diversos pasos da evolución do Camiño, unido cultural e politicamente a Europa e sen unha ollada ás orixes do itinerario marítimo. Así, pode comprobarse que en toda a publicidade e carteis dos Xubileos desde 1993, ano en que se creou o Pelengrín, como mascota mundialmente coñecida do Xacobeo, a referencia principal e case única é o itinerario francés, con algunha achega crecente do portugués.


As consecuencias actuais desa evolución e daquelas decisións aparecen na marxinação da Arousa, relegada a un terceiro ou cuarto plano (antes está o denominado camiño primitivo desde Oviedo, ou o itinerario da Ruta da Prata, ou o inglés desde Coruña), privando ás vilas desa ría dun valor etnográfico ao que terían máis dereito se cabe, cá eses outros citados, oficialmente favorecidos pola promoción da Xunta.

A visión hoxe das desfeitas urbanísticas no litoral da Arousa, provocadas polos requirimentos do turismo de sol e praia, puideron ser evitadas ou polo menos reducidas, se no seu momento se aplicase algunha figura de protección do litoral fundamentada no valor etnográfico do itinerario marítimo do Camiño. Non sei eu se aínda estaremos a tempo de reclamar esa protección.

A conclusión final que deixamos aquí apunta á administración galega como responsable última desa marxinação e demostra que para os políticos da dereita, cando toman decisións económicas, as cuestións históricas e culturais, así coma o patrimonio etnográfico dos pobos, poden ser deixados de lado.

Referencias bibliográficas

- Bispado de Santiago (2011 e 2014) *Informes estadísticos de peregrinos 2010 e 2013*. Santiago
- Calo Lourido, F (2005) “Os camiños de Santiago na península do s. XI ao XXI” in Pardellas, X. (dir) *Turismo relixioso: o Camiño de Santiago*. Serv. Pub. UVigo
- Vázquez de Parga et al (1998) *Las peregrinaciones a Santiago de Compostela*. CSIC. Ed Facsímil. Gobierno de Navarra
- VVAA (2004) “A invención de Santiago”. *Grial. Revista Galega de Cultura*. Nº 161, T. XLII
- Xunta de Galicia (2010) *Ruta do Mar de Arousa*. Ed. Xacobeo. Santiago.



UNS PEQUENOS APUNTES PARA O ESTUDO DOS ALCUMES DOS HABITANTES DA ILLA DE ONS

Por: Celestino Pardellas de Blas

Cando alá polo ano 1975 acompañaba e axudaba por Ons aos integrantes dun grupo de traballo que estaban a realizar un estudo sobre as “Condicións naturais e socioeconómicas da Illa de Ons”, tiven a sorte de coñecer a Ana Liste, periodista e estudosa do mundo etnográfico galego, que estaba a realizar un estudo fotográfico-antropolóxico sobre os habitantes da Illa de Ons.

Con eles, pero sobre todo con Ana, comecei as miñas primeiras andainas co fin de coñecer máis profundamente esta peculiar comunidade humana que, debido á súa insularidade, permaneceu illada do mundo durante case dous séculos, construíndo unha cultura propia cunhas especiais características socio-historico-etnográfico-naturais únicas que a fan diferente ao resto das principais culturas galegas.



O patrimonio material e inmaterial da Illa de Ons está falto dun estudo serio e profesional.

Recordo os primeiros contactos co pouco que había escrito sobre Ons e foi o traballo de Álvaro das Casas o que máis me impactou, pois con el descubrín o fabuloso mundo antropolóxico que esta Illa gardaba. Un parágrafo do traballo dicía: “*Ons é dos recantos máis atraintes e de máis fondo intrínseco do noso país, e si con esta papeleta esperto anceios do seu estudo xeolóxico, histórico e xeográfico completos, penso que xa teño conquerido dabondo*”.

Comprobei que vinte anos máis tarde, Salustiano Portela Pazos fixérase eco das súas palabras e realizou un magnífico estudo sobre a historia de Ons, traballo que aínda hoxe é consultado e seguido por calquera persoa que queira indagar sobre o pasado desta Illa. Logo xa temos que ir ao ano 1982 no que Pedro de Llano realiza un pequeno, pero interesantísimo, estudo da magnífica arquitectura mariñeira de Ons. E dende aí ata pasar a formar parte do único Parque Nacional galego, non hai quen se preocupara da investigación desta Illa.


Así foi como decidín comezar a recompilar datos sobre Ons coa teima de dalos a coñecer para que verdadeiros investigadores, como Ana Liste, se deran conta que tiñan en Ons unha Illa completamente virxe e disposta a aportar un mundo de novas e datos á riquísima cultura popular galega.

A partir de 1982 e despois de comprobar que Ons era a <Grande Esquecida> das comunidades etnográficas galegas, comecei a miña particular cruzada para dar a coñecer as súas importantes características co fin de que algún investigador, organismo ou a propia universidade viran nela un diamante en bruto que había que sacar do seu agocho e traballalo, dun xeito profesional, antes de que desaparecera definitivamente.

O PATRIMONIO INMATERIAL da Illa de Ons está na UCI. Moi poucos dos veciños máis vellos, e máis despois do contacto co continente dende hai tres décadas, están en condicións de contarnos a rica cultura popular que viviron en Ons. Pero aínda estamos a tempo de recuperar algo dela, queda unha década, non moito máis. Tan pronto desaparezan as persoas que agora teñen 60 ou máis anos, podemos dar por perdido ese riquísimo Patrimonio Inmaterial que, ata só hai 40 anos, era un dos máis ricos da Cultura Mariñeira de Galicia.

Dende a posta na rúa da revista AUNIOS vin a posibilidade de ir, paseniñamente, mostrando a riqueza cultural de Ons. Ata o de agora pouco se logrou, pero non perderei o ánimo para conseguir que Ons sexa estudada por especialistas en todas as súas importantes características.

Nesta entrega tocarei ese mundo tan fascinante dos Alcumes que tanto nos pode informar sobre as persoas illáns e o seu mundo cultural.



Ana Liste e parte do equipo redactor do Estudio natural e socioeconómico de Ons, 1975

OS ALCUMES DE ONS

A definición de <alcume> é: o sobrenome que se lle pon a unha familia ou persoa intentando expresar algunha calidade ou circunstancia que lle teña ocorrido, que dixera, que herdara,... O poñer alcumes xa vén dende sociedades antigas e está presente en todas as culturas do mundo.

Coido que a mellor definición da palabra alcume é a que nos ofrece Dias Lema no seu traballo titulado “Motes pontevedreses”¹ definía a palabra alcume como: “...*título co que a sabedoría popular designaba a certas persoas para diferencialas e definilas dunha maneira enxeñosa, facendo a súa caricatura social baseándose na súa orixe, no seu oficio, nas súas actuacións e nalgunhas peculiaridades persoais tanto físicas como psíquicas.*”

Na Illa de Ons todos tiñan o seu *Apodo*², sobre todo os homes. Contaba Álvaro das Casas³ xa en 1932: “*asi tódolos homes, vellos, mozos e cativos, teñen un alcume. A muller non o ten endexamais. Os tipos máis populares da Illa son: o Calviño, o Marina, o Pisacán, o Mogueiro, o Gavilán, o ...*”. Dicur, ao respecto das palabras de das Casas, que atopei, no meu traballo de campo (1975 - 1982), un bo número de mulleres con alcume.

Na súa maioría, o alcume xa o collían dende mozos. En moitos casos servían para diferenciar aos illáns con nomes iguais, pois coa abundancia de Manuel ou Manolo, senón lle poñías <Porqueiro>, <Rabelo>, <Cacholas>, <Perrenco>, <Forneiro>,..., non sabían a que Manolo te referías. O mesmo pasaba cos Arturo senón o acompañabas do <Alcatrán>, <Boeiro>, <Mageu>, <Sargento>,

<Negrá>, <Matora>,..., sería difícil identificar aos Arturo. E non digamos aos José ou Pepe senón lle poñías ao lado o alcume: <Azaña>, <Bravo>, <Colludo>, <Gañán>, <Mollero>, <Rendido>,...

Moitas veces, cando preguntaban por alguén, había que pasar por varios chanzos, para vir rematar finalmente no alcume. Por exemplo: Dous veciños se atopaban e un preguntaba - Viches a Pepe?
- Que Pepe?
- Pepe de Carmen?
- Que Carmen?
- Carmen de Aurita?
- Ah!!! <Filgueiras>. Si, foi á de Checho.

É curioso en Ons como algúns collían, xunto ao seu nome, tamén o do seu barco, así: <Pepe do Rosa>, <Francisco do Cro>,

<Manolo do Platuxa>,... E outros que se nomeaban só polo nome do seu barco como: o **Estela**>, <o **Pirata**>, <o **Calvo**>, <o **Centinela**>... Aínda que tamén, podían chamalo polo nome do barco: <Carlos do Xa me Vedes> ou polo seu propio alcume <Carrillo>.

Tamén hai quen considera como Alcumes, os aumentativos e diminutivos como: **Arturito**, **Manolito**, **Pepiño**, **Pepucho**, **Candiño**, **Carlños**,..., Outra característica de Ons é que tan pronto se lle chamaba a un neno polo diminutivo, as demais familias evitaban o usalo, así a un recen nacido ao que lle poñía Manuel - Manolo, ao haber xa un **Manoliño** ou **Manolito**, buscaban outra forma de chamalo e así xurdían os **Lolo**, **Manu**, **Nolo**, **Lito** ...

Os illáns, cando están xuntos, falando ou xogando a partida, polo xeral nunca

se chaman polo alcume; sen embargo, cando se fala ou nomea a un veciño que non está presente, soen empregar máis o alcume.

Cando lemos estudos feitos sobre alcumes noutros puntos de Galicia, vemos que teñen unha relación directa coa persoa. Así temos que se poñan polo oficio desta:



<Francisco do Cro> cos seus fillos.



<O Calvo> alcume que colleu do nome do seu barco.

¹ Antonio Dias Lema. “Motes pontevedreses”. Revista del Museo de Pontevedra nº: XLVIII. Páxs. 573 – 606. 1994

² Utilizo a palabra “Apodo”, aínda que está en castelán, por ser o xeito de chamarlle en Ons aos Alcumes.

³ Álvaro das Casas. “A Illa de Ons”. Revista Nós. Nº: 132. 1934

Ferreiro, Peluqueiro, Asador,..., sen embargo en Ons, ao traballar todos na mesma actividade, mariñeiro, é difícil atopar algún que teña que ver con esta característica, aínda que si aparecen <Pintor> ou <Forneiro>, pero nada teñen que ver coa súa profesión. Podemos atopar, porque era a persoa encargada de facelo, <Capadore> pero esa non era a súa actividade profesional. Tamén é raro en Ons atopar alcumes que teñan que ver con procedencias de fóra da Illa, aínda que atopemos: <Cubano> ou <Coreano>, alcumes que nada teñen que ver coa súa procedencia, xa que son veciños nados na Illa e que nunca emigraron.



Algúns collen o alcume polas súas habilidades.
Este é o caso de <Capadore>

Non hai por peculiaridades físicas, aínda que atopemos: <Falelo>, <Gordo> ou <Chepudo>. Chama tamén a atención que sendo unha comunidade mariñeira, non encontremos, como noutras, unha boa cantidade de alcumes con nomes de peixes ou mariscos, a excepción de: <Mexilón>, <Serrán> ou <Pescadilla>.

Temos que dicir entón que en Ons os alcumes teñen que ver con características sociais (<Azaña>, <Crego>, <Sultán>,...). Polo seu xeito de actuación (<Queimamontes>, <Larpeiro>, <Matacobras>,...). Polo seu xenio ou por todo o contrario (<Rendido>, <Garulo>, <Bravo>, <Guerrero>, <Terco>, <Gañán>,...).

Dun bo número dos alcumes de Ons, non saberemos o seu por que, senón se fai un estudo de campo exhaustivo. Ese estudo sería un xeito de coñecer máis profundamente a esta comunidade mariñeira.

Por facer un mínimo comentario sobre tres deles de diferentes xeracións: O alcume de <Gavilán> segundo contan, vén dos anos 40 s.XX cando á Illa acudían a criar as londras. Cando os veciños escoitaban os seu asubíos, acudían á súa captura para a posterior venda das súas peles. Tiñan diferentes xeitos de cazalas e darlle morte, pero a do <Gavilán> era única, sobre todo coas crías, xa que as mataba a trabadas. Polo que dicían del que tiña uns dentes coma o pico dun *gavilán*; de aí o seu alcume.

Dunhas xeracións posteriores vén o <Sardiña>. Din que o barco no que traballaba ía cara a Portonovo. El ía na popa arraxando os aparellos e, nun momento da travesía, caeu ao mar. Os demais mariñeiros non se decataron. Cando notaron a falta do seu compañeiro, deron volta para buscalo con bastante optimismo, pois era un día de calma e sabía nadar. Non o atoparon e puxeron rumbo á Illa para dar a mala nova. Ao chegar, abraiados, comprobaron que estaba xa en Ons, regresara a nado. Dixeron que nadaba como unha sardiña, e así lle quedou.

Xa das últimas xeracións temos a Carliños. Este neno era moi traveso e se dedicaba a facer falcatruadas nos barcos dos illáns. Un dos patróns, que o colleu na allada, berroulle e díxolle: - Es peor que Carrillo, referíndose ao histórico dirixente comunista, e así lle quedou de alcume <Carrillo>.

Pero ollo, tamén os de fóra, os visitantes asiduos, non quedan fóra no momento de poñerlle alcumes. Estes alcumes son postos por algún veciño ou polos mesmos visitantes. O primeiro que coñecín foi o de <Mañán vés>. Sobre este alcume hai dúas teorías. Unha vai polo seu xeito de falar pois, aínda sendo madrileño, pronto foi collendo algunhas palabras en galego. Así, por exemplo, cando lle pedían algo que el non quería dar, ou non quería facer,..., contestaba: “si, e mañán vés”. Sen embargo, outros opinan que o alcume ven da súa teima por ir pescar na dorna con algún mariñeiro. Estes non se fiaban da súa habilidade para ir na embarcación e, entón, sempre lle contestaban: “mañán vés”, pero nunca o levaban. De aí que, por algunha das dúas razóns, lle quedou o alcume.

Temos a <Machadas> rapaz de Noalla que veu traballar á Illa e que facer achas, coa machada, era a súa maior lideira. Os <Conguitos> matrimonio que viñan case brancos e, en pouco, se poñían morenísimos. O <Halcón Callejero> persoa que, para recorrer o espazo que había da súa casa a Curro, apenas 200 metros, usaba unha antiga moto Derbi, así lle quedou o alcume da serie televisiva. O <Conliño> un personaxe que chegou a Ons dicindo que era un alto cargo de Aduanas, durmiu, comeu e bebeu o que quixo durante un bo tempo e desapareceu, loxicamente, sen pagar o adeudado. O detalle é que era



O <Machadas>, en primeiro termo,
o día que se cazou o xabarl en Ons.

coxo e só desprazarse do Checho ao Acuña, custáballe moitísimo. Un día veu co conto de que se desprazara ata Pereiró, xa que vira unha manobra rara dun suposto barco



- Que Cesáreo, imos ás fanecas?
- Hoxe non, pero... <Mañán ves>.

de contrabando. Dixo que lles dera o alto saltando dende terra á pedra do Conliño, un salto de máis de 10 metros, xa podedes imaxinar as risas, e o por que do seu alcume...

Otro caso curioso é o dun pintor de Ourense que alá polos anos 70 S.XX decidiu alugar a casa do <Cambados> en Pereiró. Pasaba longas tempadas, incluso no inverno, e pintaba paisaxes illáns que despois foron expostos na Caixa de Aforros de Ourense, tendo unha boa venda. O curioso é que, por cada tres palabras que pronunciaba soltaba un Carallo. Ata ao pequeno can que tiña, púxolle de nome "Carallo". É por iso que quedou acumado como <Manolo Carallo>.

Ben, espero que ninguén se sinta ofendido e, como dicía na introdución, aquí deixo outro anaco da importantísima Cultura Popular de Ons para que, se alguén quere estudala, teña neste pequeno artigo unha idea de por onde ir.

ALGÚNS DOS ALCUMES DA ILLA DE ONS

A	Cachote	Checha		Lelo	N	Pian	Reboredo	Trumán
Alcatrán	Cajallón	Checho	G	Lura	Negrá	Piana	Rendido	Tupí
Alemán	Cajané	Cheira	Galiñán		Negro	Picarón	Richa	
Amigomé	Cajanicho	Chepo	Gallarda	M	Nervio	Pillado	Ripote	V
Añazo	Calviño	Chepudo	Galleta	Macario		Pin	Rojo	Vello
Arisco	Calvo	Chichona	Gañán	Macenlla	O	Pinche	Roxo	Viuda
Azaña	Campaña	Chin	Garulo	Mageu	Oveiros	Pinto	Ruso	
	Campela	Chin Chin	Gaspar	Marcial		Pintor		X
B	Candola	Chirica	Gato	Marina	P	Pisacán	S	Xacobe
Barandas	Canducho	Chumbé	Gavilán	Marqués	Paisa	Pisco	Salvao	Xaneira
Barbas	Cañete	Cochaina	Gavota	Martillos	Paletas	Pisito	Samaritana	Xanes
Barbeiro	Cañón		Ghia	Matacobras	Pancho	Pitiso	Sanica	Xilo
Bigotes	Capadore	D	Gordo	Meco	Pareja	Plantada	Sardiña	Xirome
Bizarro	Carabicho	Droga	Guerrero	Mediohuevo	Parva	Porqueiro	Sargento	
Bocarén	Carocha	Duque		Meleiro	Pata	Portela	Serrador	Y
Boeiro	Carrancho		J	Merdé	Patavella	Portugués	Serrán	Yu
Boi	Carrañáns	E	Jalvao	Mexilón	Paté	Pucheta	Sidro	
Borracho	Carrete	Estruja	Jinchón	Migallas	Pau da Morte		Sipodo	Z
Bravo	Carrila		Jodoy	Miracielos	Pavieiro	Q	Sultán	Zurrón
Bruxa	Carrillo	F	José de Vicente	Mollero	Peideira	Queimamontes		Zareta
Bulicas	Carroucho	Falelo	Joseiño	Mono	Peidenta	Quiano	T	
	Catreira	Familiño	Juana da Cana	Moqueiro	Peitos		Terco	
C	Ceboleiro	Farruco		Morra	Peludo	R	Tolón	
Caballitos	Ceja	Fentos	L	Motora	Pepiña	Rabelo	Tomasa	
Cabalo Hilario	Centinela	Filgueiras	Laberco	Muriñas	Pequeno	Rabudo	Torrello	
Cabezón	Chalanas	Fin	Lareán	Mandamás	Perfeuto	Raspita	Toupeira	
Cabo Compra	Chanelo	Finacho	Lareiro	Matacáns	Perrenco	Ratonera	Trescuartas	
Cacholas	Charreira	Fochecas	Larpeiro	Modesto	Pescadilla	Ratonero	Trujillo	

CONTOS DE O GROVE (II)

Por: Moncho Lavandeiro

Diciamos nos número 14 e 15 de Aunios que todos os pobos teñen a súa particular historia. As súas lendas, os seus contos, as anécdotas diarias,..., os sucesos non pasan desapercibidos para a xente, pero co tempo, a maioría, vanse esquecendo e con iso pérdese un elo importante da historia do pobo; o que agora dan en chamar, o seu Patrimonio Inmaterial.

Os responsables de AUNIOS están á procura ano a ano da recuperación dese Patrimonio e contactan con aqueles grovenses que, polos motivos que sexa, poden axudar a recuperalo e dalo a coñecer para que así non se perda.

Naquel número 14, o chorado José Miguel Besada Fernández máis eu, fixemos unha pequena introdución a este tema recuperando historias de personaxes mecos como Chicavella e Juan Pintos. E no número 15, seguíu coas historias de Pintos, Traila, Jareja, Tonio Barbeiro e outros.

Estas historias que, como xa dixen, están escritas sen ánimo de desprezo nin ofensa cara aos seus protagonistas, son un anaco da rica cultura popular meca e da idiosincrasia das súas xentes, e dándoas a coñecer quedarán como un patrimonio escrito sobre os habitantes desta península que aínda conserva parte do seu carácter isleño.

Sei que son moitas, polo que quero animar, dende estas humildes letras, a que todos aqueles que coñezan máis historias coma estas que veño escribindo, se poñan en contacto cos responsables desta revista para publicalas e que así non queden no esquecemento.

CURRO QUE PERDEU 20 PESOS EN TERRA DE PORTO

Curro era un home especial, deses que hai por todos os pobos, pero moi querido e apreciado na nosa vila.

Un día, pola noite, atopábase na Catorse dando voltas arredor dun farol, coma buscando algo polo chan.

O Sr. Antonio, que pasaba nese intre pola outra beirarrúa, mirouno e co fin de axudalo, din que catro ollos ven máis que dous, cruzou a rúa e foi cara a el:

- Curro, perdistes algo? Mírote preocupado. – díxolle.

Curro deixou de buscar e mirando para el, contestoulle:

- Ando a buscar unha moeda de 20 pesos que perdín en Terra de Porto.

- Home Curro – díxolle Antonio - se a perdistes en Terra de Porto, como andas a buscala aquí?

- Home!!! Porque en Terra de Porto non había luz, meu!


ATRÁNCAMO, PAPAROLO!!!

Naqueles anos, 40-50 s.XX, viñan ao Grove uns barcos chamados “Barrosos” desde o Levante español arribando ao leste da Illa de A Toxa, fronte a Castrelo. Viñan buscando barro para as cerámicas de Valencia e Alicante.

Os mariñeiros destas embarcacións, tiñan por costume comprar e levar fabas, parece ser que nas súas terras non as tiñan ou non eran tan boas como as nosas. As paisanas de Castrelo estaban á súa espera para venderllelas.

Un día, unha das paisanas vendeu aos tripulantes dun dos barcos as súas fabas. Os mariñeiros díxéronlle que ían cobrar e logo irían a pagarlle.

Alí en Castrelo había un home, chamado Paparolo, que era o encargado de todo o que respecta a este movemento de barcos barrocos (barcos do barro); sen el, nada se tramitaba alí.



Pois ben, a señoraíña que vendera as fabas, ao ver que non viñan a pagarllas, achegouse ao peirao e, con asombro, comprobou que o barco, cos mariñeiros que llas mercaran, estaba a piques de zarpar. Ao ver a manobra comezou a correr e a berrar, dicindo:

- Atráncamo, Paparolo!!! Que me levan as fabas sen cobralas!!!

Foi tan sonada a historia que durante un tempo, cando alguén che escapaba e ías detrás del para collelo e non o dabas pillado, berrabas aos que estaban cerca, para que o pararan: - Atráncamo, Paparolo!.

APARELLO DE ARRASTRE

Eran os anos 40/50 do pasado século XX e no Grove había unha pensión chamada "La Noyesa".

Nela paraban, D. Juan, o cura, D. José, o médico e D. Angel, o contable. Comían e ceaban sempre xuntos na mesma mesa.

Aquel día a señora Pilar, da Noyesa, plantoulles unha sopeira no centro da mesa. Como era costume daquela, servíase de primeiro a xefatura da mesa, ou sexa, D. Juan o cura.

D. Juan plantou o cullerón na sopeira ata o fondo e comezou a remexer, como buscando as talladas máis grandes.

D. José, o médico, que xa o vía vir, espetoulle.

- D. Juan, non me use o aparello de arrastre!

EXAME DE PATRÓN EN VILAGARCÍA

O amigo Prol foi ao exame para patrón a Vilagarcía de Arousa. A primeira pregunta que lle fixeron foi:

- Vamos a ver, vostede se atopa no mar e de súpeto, un forte vento lle impide volver a terra. Que faría?

El contestou:

- Pois largar fondo e soltar cabo.
- E se aumenta o vento e non pode seguir?
- Solto máis cabo.
- Pero imaxine que xa é case un forte temporal de vento
- Solto máis cabo.

O entrevistador un pouco contrariado díxolle:

- Pero de onde saca vostede tanto cabo?

E el respondeu:

- E vostede, de onde saca tanto temporal?

O MEU CU, NON É NINGÚN GARAXE

Tamén polos anos 40-50 s.XX, había no Grove só dous ou tres coches. Nunha das empresas da vila estragouse unha máquina e paralizouse a produción. Deuse a casualidade que tamén, o coche da empresa, estaba avariado.

Entón o xefe díxolle ao empregado:

- Vai alí xunto ao Sr. Pepe e mira que che deixe o coche. Logo vai a Vigo en busca da peza da maldita máquina.

Chegou o empregado a xunto o Sr. Pepe a pedirlle o coche e este díxolle:

- A muller e o coche non se lle presta a ninguén!


E alá marchaba de volta o home, cando antes de saír, o Sr. Pepe chama por el e espétalle:

- E dille ao teu xefe: Que o meu cu, non é un garaxe!!!

A muller, que estaba ao seu lado dille:

- Como lle dis iso ao rapaz.

- Porque xa sei o que vai dicir o seu xefe: Que o meta no cu!!!



QUEN SON EU?

Estabamos unha tarde na terraza do Lavandeiro, meu amigo Luís e máis eu.

O meu amigo, maior xa, tiña un principio de alzhéimer. Nun momento dado apareceu por alí unha parente del que, sabendo que estaba un pouco delicado de saúde, púxose fronte a el e díxolle:

- Quen son eu?

O Sr. Luís miroume cos ollos brillantes e cara de preocupado e díxome, falandome polo baixo:

- Monchiño, que mal está esta muller!!! Non sabe nin quen é!!! Deberían levala ao médico enseguida!!!

O SR. BARREIRO, ENCARGADO DA NEVEIRA DE MONCHITO MIMÍ

Un mal día, ao Sr. Barreiro, sacando as barras de xeo, caelle unha delas nun pé, que se lle puxo morado. Automaticamente Monchito levouno ao médico.

Ao chegar ao médico, este viu a lesión e díxolle:

- Ben, ten que poñer no pé unha bolsa con xeo e mañá veremos como está e que facer.

O Sr. Barreiro, con cara de enfado, espetoulle:

- Pero, por favor..., máis xeo aínda! Acabo de foder unha barra de 25 Kg enteiriña no pé e agora me mandan poñer máis xeo!!!

A TOPONIMIA COMÚN DE SÁLVORA E ONS

Por: Carlos Lixó Gómez

O devir histórico de Sálvora e Ons presenta, a grandes trazos, paralelismos que resultan difíciles de obviar. Ambas pertenceron á monarquía na Alta Idade Media e desde o ano 899, após a doazón do rei Afonso III, á igrexa de Santiago (Lucas Álvarez, 1998: 71-73). O resto do medievo (a súa maior parte) continuaron baixo dominio relixioso (aínda que non sempre episcopal) até que no século XVI pasaron a mans de sendas familias nobres. No século XVIII, en Sálvora, e no XIX, en Ons, afincáronse industrias de salgado que modificaron profundamente o modelo de explotación das illas, e xa no XX o Estado español fíxose coa titularidade das mesmas. A antiga familia propietaria de Sálvora, que contaba co favor do franquismo, recuperouna en 1954, mentres que en Ons, desde a morte do seu dono, republicano, nos anos da Guerra Civil, mantívose a titularidade estatal. A principios do século XXI e finais do XX, respectivamente, integráronse nas posesións da Xunta de Galiza até hoxe.




Miniatura do rei Afonso III

O modelo de poboamento tamén foi coincidente; nos dous casos discontinuo. Nunha primeira etapa altomedieval contaron con instalacións relixiosas –das que se fala xa no nomeado documento de doazón: talvez pequenas comunidades monásticas ou eremíticas–, previamente a sufriren e mesmo serviren de base a incursións sarracenas a comezos do segundo milenio. Unha vez estabilizada esa situación, as institucións propietarias aproveitáronas desde un punto de vista agrícola (Andrade, 1997: 90), polo que posibelmente estivesen habitadas por algún tipo de comunidades campesiñas. A diminución do interese agrario por parte dos posteriores posesores laicos mudaría os seus usos, que variaron desde a explotación industrial á cinexética: as illas non se mantiveron habitadas ao longo da Idade Moderna. Sálvora e Ons non contaron, polo tanto, cunha poboación estábel e continuada no tempo e foi xa na era da industrialización cando grupos de colonos procedentes respectivamente de Carreira (Ribeira) e Beluso (Bueu) se instalaram nelas. Fixérono con distinta intensidade: Sálvora non chegou a superar os cen habitantes, agrupados nunha única aldea, e ficou deshabitada completamente nos anos 70 da pasada centuria; Ons chegou a acoller máis de medio milleiro de persoas, dispersas en varios núcleos, e continúa habitada a día de hoxe.

Esta evolución histórica ten unha grande importancia desde o punto de vista toponímico, tendo en conta que a meirande parte dos topónimos galegos que chegaron a nós son, cando non anteriores, dos séculos de plenitude feudal (XI-XIII). Nesa etapa na que a expansión económica e agrícola transformaron o modo de poboación e de aproveitamento do campo (Portela e Pallares, 2007) aparecen por exemplo os *Vilar*, *Campos*, *Casal novo* ou *Vilanova* que se repiten ao longo da xeografía galega e portuguesa (Matosso, 1989: 76-77). As comunidades que habitaron Sálvora e Ons non tiveron continuidade desde ese período até hoxe, como si ocorreu na maior parte do territorio continental galego. Por iso, a súa toponimia é unha toponimia particular.

En relación co continente, os microtopónimos do interior das illas amosan menor densidade, maior correspondencia dos nomes con realidades identificábeis e predominancia de topónimos referenciais e dependentes doutros topónimos. Estamos entón ante unha toponimia simple, escasa e que traduce de xeito transparente as sinxelas instalacións e espazos nos que os nativos organizaron o territorio. Isto posibelmente sexa resultado da súa cronoloxía poboacional, do serodios que foron os asentamentos nas illas das comunidades

que nos transmitiron a nós a toponimia. Pola contra, o perímetro costeiro así como o conxunto de elementos mariños que conforman o arquipélago están cubertos por unha inxente cantidade de topónimos mariños que dan fe da intensa e ininterrompida explotación pesqueira e marisqueira durante séculos¹.



Carreira, Aguiño e Sálvora.

Estas singularidades remarcán a evidencia de que a toponimia non é reflexo tanto da realidade como da concepción que se ten dun determinado espazo, e polo tanto pódenos aportar información sobre como se leva a cabo a súa organización, fosilización e transmisión (Fernández Mier, 2006: 38). A riqueza dos topónimos que permanecen en uso fálanos sobre como as comunidades entendían os lugares de explotación agrícola, gandeiros, boscosos, mariños, sobre a repartición e a apropiación da terra e sobre os cambios suscitados no aproveitamento do territorio e do mar. Os topónimos das illas de Sálvora e Ons manifestan numerosas coincidencias que nos remiten aos seus paralelismos históricos e habitacionais; que nos amosan como a toponimia serve de ferramenta para a lectura histórica da paisaxe.

En canto á morfoloxía, son moi numerosos no ámbito costeiro os topónimos que se forman tomando como referencia outros elementos do seu entorno, os chamados topónimos referenciais, relativamente escasos no interior do continente. Así atopamos **Os Cons de Debaixo da Viña (Ons)**² e **A Praia de Debaixo do Muíño (Sálvora)**³, ou **Malaca de Fóra (O)** e **As Cornudas de Terra (S)**. A tendencia a situar deulugar mesmo a frases

¹ Sobre as particularidades da microtoponimia de Sálvora e a súa recolleita consultar Lixó Gómez (en prensa).

² Todos os topónimos de Ons son tomados dos artigos que o filólogo Cabeza Quiles publicou nesta revista en edicións anteriores, citados na bibliografía final.

³ De agora en diante, cando no texto non sexa explícito e sexa preciso indicar en que illa se atopa cada topónimo, resumiremos Ons como (O) e Sálvora como (S).


máis complexas, incluíndo até formas verbais, que fican fixadas nos nomes: **Por Onde Non Pasou Dios** (S), **Onde Embisteu o Pialla** (S) ou **Onde Cociñaban os Mecos** (O).

Ademais da referencialidade ser extremadamente útil no mundo naval, outras explicacións para a abundancia deste tipo de nomes poden ser a pouca densidade de poboación ou a xa nomeada falta de continuidade na ocupación do territorio. Así aclararíase por que, no canto de apareceren múltiples e diferentes nomes acumulados ao longo dos séculos nun espazo reducido como ocorre no continente, en Sálvora se cubran grandes áreas recorrendo a variantes dun único topónimo principal, como é o caso da **Cova** entre outros: **A Touza da Cova**, **O Porto da Cova**, **A Punta da Cova**, **As Leiras da Cova de Dentro**, **As Leiras da Cova de Fóra**, **O Pinal da Cova**, **O Camiño da Cova** e **O Eiteiro da Cova**.

Por outra banda, tamén son numerosos neste contexto mariño os zootopónimos, especialmente aqueles que nos falan de especies vinculadas á pesca e o marisqueo. Así aparecen **O Sentulo** (O), **A Centoleira** (S), **A Pedra dos Serráns** (O), **A Pedra do Sargo** (S), **A Mexiloeira** (O) ou **As Langostreiras** (S). De grande interese é a referencia ás lontras, que se repite nas dúas illas apuntando cara a unha importante presenza no pasado destes mamíferos, hoxe ameazados e difíciles de avistar. Rexistramos **Lontreiros** (S), **Terra de Lontreiros** (S) e **O Rego da Londra / Rego Con da Londra** (O).

Outros mamíferos deixaron a súa impronta nomeando a paisaxe: **O Eiteiro das Bestas** (S), **O Rabo da Égoa** (O), **O Gato da Cabra** (O), **O Salto da Cabra** (S), **A Cova do Lobo** (O) ou **O Porco de Sagres** (S). **A Punta Xunvenco** (O) e **A Area dos Bois** (S) pode que tomen o seu nome dalgunha pedra que, coma noutros lugares de Galiza, fose equiparada cun bóvido polo seu grande tamaño. No entanto, as persoas nativas de Sálvora coinciden na etimoloxía popular pola cal a praia recibiría o seu nome ao se tratar do lugar onde se realizaba a descarga de mercadorías, que os bois eran responsábeis de cargar. De facto, algunha versión vai máis aló e sostén que os bóvidos, ao estaren afeitos a ese percorrido, voltaban insistentes cara a praia mesmo cando os soltaban pola illa coa intención de que pastasen. A Area dos Bois mantén, como **A Area dos Cans** (O), o xenérico “area”, que segundo Cabeza Quiles (2006: 13) é a voz patrimonial galega para “praia”, palabra tomada do español.

Tamén a presenza de aves é habitual. **O Con dos Galos** (O) parece remitir aos corvos (ou galos) de mar que se pousan nel (Cabeza Quiles, 2007: 59), mentres que **O Galo de Vionta** (S) ou **O Galo da Bicha** (S) poida que estean vinculados coa posición destacada en altitude desas pedras. Para **O Furado das Pombas** (S), malia semellar unha clara referencia animal, barallamos a posibilidade de que sexa unha evolución dun orixinal ***O Furado das Bombas**, xa que se trata dun espazo de mar calmado recolleito entre varias rochas contra as que o mar bate con estrondo.



BAR LONXA

PORTONOVO

Teléf: 986724333

* ALBARIÑO


ESPECIALIDAD

*PESCADITOS

*MARISCOS

EL PUERTO. CÓMODA TERRAZA

O Porco de Sagres




Se isto fose así, estaría en relación co **Con das Bombas (O)**, que atendendo a Cabeza Quiles (2007: 59) fai alusión ao ruído do mar golpeando. Entramos así noutra temática tamén recorrente, a da navegación e o papel que ocupan os accidentes costeiros no seu desenvolvemento. Aparecen o aspecto, a forma e o son das pedras que é preciso esquivar, porén non só. En ocasións os mariñeiros chegaban máis alá con nomes que recollen a sensación que lles producía interactuar cos espazos mariños, os perigos e a indefensión. De aí **O Carreiro do Inferniño (S)**, **O Buraco / Burato do Inferno (O)** ou **O Carreiro Falso (S)**.

O Con Negro (O) e **Conle Mouro (S)**, pola súa cor; **Lagos (S)** e **As Lagoas (O)**, polas pociñas que fai o mar entre as pedras; **A Volta do Prado (O)** e **A Perna do Prado (S)**, zonas costeiras con espazos de pradarias. Estes exemplos, como os que estivemos vendo até agora, responden a un contexto semellante tanto desde o punto de vista físico como humano (zona de navegación, de intensa explotación pesqueira e marisqueira, de poboamento coas características anteriormente nomeadas, con semellantes fauna e flora etc.). No entanto, hai algúns topónimos que superan o que poderían ser trazos comúns da toponimia costeira galega e amosan unhas semellanzas de enorme precisión.

A Punta do Castelo aparece nas dúas illas. En ambas se recolle exclusivamente na súa versión castelá, ***A Punta do Castillo**, e tamén nas dúas nomea xusto o saínte costeiro que se encontra ao lado do peirao, actuando case que como protección natural. Non podemos descartar que estes nomes fagan referencia a desaparecidas fortificacións que ocuparan eses enclaves. No caso de ser así, parece evidente que, pola súa situación, respondían exactamente ás mesmas necesidades e funcións defensivas. Do mesmo xeito, a presenza de cadanseus topónimos **O Curro** parece referendar que nas illas o gando nalgún determinado momento chegou a ser tan numeroso como para se realizar esta actividade de xeito ritualizado, cun espazo definido para iso.

A Figueira (S) dá nome a unha árbore silvestre que medra a ras do chan de xeito arbustivo e da que se di que baixo as súas ponlas foron enterrados os cadáveres non identificados do naufraxio do Santa Isabel. Está preto da **Punta da Salgueiriña**, tamén coñecida como da **Figueiriña**, probablemente por asimilación coa emblemática árbore. Máis ao norte da illa, lonxe desta punta, atopamos **A Figueira das Cabanas**, outra árbore aínda viva e identificábel. En Ons, mentres tanto, encóntrase **A Punta da Figueira**, ou da **Figueira Brava**, que aparentemente toma o seu nome dalgunha árbore como as que atopamos en Sálvora malia que actualmente non haxa na zona ningunha desas características (Cabeza Quiles, 2006: 14). Todo parece indicar que os individuos desta especie eran relevantes para os habitantes da illa e chamaban a súa atención o suficiente como para se fosilizaren nos topónimos.

A Laxe do Abade



O Illote Sepultura (O), tamén coñecido como **A Laxe do Abade** ou do **Crego**, nomea unha curiosa pedra na que está escavada unha tumba antropomorfa. Recolle Cabeza Quiles (2006: 13) que nas crenzas populares a sepultura atribuíaselle ao último dos abades dun suposto e antigo mosteiro. Isto ben podería encaixar coa existencia do nomeado enclave relixioso altomedieval na illa, do mesmo xeito que ao topónimo **Candabade (S)** lle poderíamos buscar esa explicación. En ningún dos casos contamos con probas que avalen tal teoría, mais si temos a particular coexistencia nas illas de topónimos que inclúen o termo *abade*, claro no seu significado e pouco habitual na toponimia.

A antroponimia non é frecuente na toponimia de Sálvora, porén da media ducia de antropónimos dos que temos constancia dous coinciden con nomes en Ons. **Xan Ferreiro (S)** ten o seu correlativo **Ferreiro (O)**, que segundo Cabeza Quiles (2006: 13) se refire a un apelido, e **Punta Ignacio (O)**, que leva un nome aínda que non raro si pouco habitual, encontra nos arredores de Sálvora a súa parella, **Os Baixos da Inasia**. Se tornamos o ollo cara á dialectoloxía, aínda se intúen sinerxias dignas de mención. O xenérico propio que utilizan as poboacións do extremo sur do Barbanza para pedras mariñas rodeadas completamente pola auga e nunca cubertas polo mar é *conle*. Así se recolle nun bo número dos topónimos de Sálvora e na fala oral dos informantes na súa recolleita (Lixó Gómez, en prensa) No entanto en Ons o xenérico en uso é *con*, polo que o rexistro do topónimo **O Conliño (O)** de novo pon en relación as dúas realidades.

Á vista de todo isto chegamos a tres conclusións globais. A primeira, que a evolución histórica e demográfica de Sálvora e Ons presenta paralelismos que sen dúbida influíron na configuración da súa toponimia, diferente do territorio galego continental. A segunda, que ao remitiren a diversos aspectos e realidades os topónimos demóstranse como documentos que transmiten en pequenas doses a concepción da paisaxe que tiñan os poboadores no momento de seren fixados. A terceira, que a análise toponímica insinúa unha vinculación entre as dúas illas que vai máis aló das semellanzas no contexto, polo que traballando non só desde este ámbito, que tamén, se pode avanzar no coñecemento histórico de cada unha das illas, das dúas no seu conxunto e, por extensión, de Galiza en xeral.

Se afondamos no estudo, desde diversas fronte e disciplinas, do vínculo histórico, lingüístico e cultural entre Sálvora e Ons, con probabilidade este descubrirase moito máis fondo e intenso do que se espera.

BIBLIOGRAFÍA

- Andrade Cernadas, José Miguel (1997): *El monacato benedictino y la sociedad de la Galicia medieval (siglos XI al XIII)*. Sada: Ediciós do Castro.
- Cabeza Quiles, Fernando (2011): “A hidronimia da Illa de Ons III”, *Aunios*, 16, 24-26.
- Cabeza Quiles, Fernando (2010): “A hidronimia e a toponimia na Illa de Ons. Parte leste: dende o peiro ao Alto do Vixía (II)”, *Aunios*, 15, 26-28.
- Cabeza Quiles, Fernando (2009): “A hidronimia e a toponimia da Illa de Ons. Parte leste: dende o peirao á Praia de Pereiró”, *Aunios*, 14, 48-49.
- Cabeza Quiles, Fernando (2007): “A toponimia da Illa de Ons (II)”, *Aunios*, 12, 57-61.
- Cabeza Quiles, Fernando (2006): “A toponimia da Illa de Ons”, *Aunios*, 11, 11-15.
- Fernández Mier, Margarita (2006): “La toponimia como fuente para la historia rural: la territorialidad de la aldea feudal”, *Territorio, Sociedad y Poder. Revista de estudios medievales*, 1, 35-52.
- Lixó Gómez, Carlos (en prensa): “A microtoponimia de Sálvora”, *Estudos de Lingüística Galega, Vol. 8*.
- Lucas Álvarez, Manuel (est. e ed.) (1998): *Tumbo A de la Catedral de Santiago*. Santiago de Compostela: Seminario de Estudos Galegos e Cabildo de la S. A. M. I. Catedral.
- Matosso, José / Luís Krus / Amélia Aguiar Andrade (1989): *O castelo e a feira. A terra de Santa Maria nos séculos XI a XIII*. Lisboa: Estampa.
- Portela, Ermelindo / M^o Carmen Pallares (2007): “Estructuras agrarias y cambio social en la Galicia de la Edad Media. Una propuesta de lectura histórica del paisaje” en Mercedes López Mayán e Carlos Galbán (coords.), *Del documento escrito a la evidencia material: Actas del I Encuentro Compostelano de Arqueología Medieval*. Santiago de Compostela: Lóstrego, 37-54.

O EMBARRANCAMENTO DO GARDACOSTAS UAD-TARGA FRONTE AO GROVE NA PERSECUCIÓN DE ARROACES

Por: Anxo López Vergara

OS GARDACOSTAS UAD

Despois dos enormes problemas que o exército español tivo na zona de Marrocos e sobre todo despois do “Desastre de Annual”, tomaron a decisión de dotar á Armada de buques que puideran patrullar a zona do Protectorado de Marrocos. A súa compra fíxose con cargo ao presuposto especial de dito Protectorado.

Mercaron buques gardacostas empregados na Primeira Guerra Mundial por Francia e Inglaterra e que serviran durante esta guerra como patrulleiros armados. Segundo parece non eran adecuados para labores de persecución pero si para vixilancia de costa.

Estes patrulleiros eran coñecidos en Inglaterra como “Arrastreiros Armados” xa que empregaron como forma para a súa construción a de pesqueiros de arrastre de costado Púxoselles o nome de **Uad** “ríos” en bereber de Marrocos e déronlle os nomes de ríos de Marrocos. O seu destino era a vixilancia da costa da zona española.

Déronos de alta en 1922 e o seu desprazamento variaba entre as 320 e as 500 Tn. O de máis desprazamento era o “**Uad Targa**” con 500 Tn. Os demais da flota dos Uad coñeciáanse co nome de Uad Ras, Muluya, Martín, Lucus e Kert.



Os Uad foron destinados a patrullar augas marroquís e alí estiveron ata o comezo da Guerra Civil Española. Xa en España foron preparados e dotados cos dous canóns Vickers de 76,2 mm.

Tiveron unha notable vida activa en accións de guerra, salvamentos e patrullaxe.

No ano 1923 os Uad son dotados de TSH (*Telegrafía sen hilos*) e mellorou moito a súa operatividade. Por Real Orde de 1924 dispúxose que foran mandados por un Tenente de Navío.

O **Uad Targa** e o Lucus levaron servizos de correo entre Malaga e Melilla. O Uad Martín foi destinado en 1929 á escuadrilla afecta ao Polígono de Tiro Janer de Marín.

Uad Lucus



Uad Muluya

O **Uad Targa** pasa a finais de 1930 a depender do departamento do Ferrol para servizo de vixilancia pesqueira.

PESCA E CAZA DE ARROACES NAS COSTAS GALLEGAS. RÍA DE AROUSA

Xa no número 19 desta revista, Francisco Calo Lourido tocaba o tema da caza de arroaces nas rías de Pontevedra e Arousa, onde nos contaba como esas mandas de arroaces que visitaban as nosas rías eran ben vistos polos pescadores do cerco, pois cando perseguían aos cardumes de sardiñas estas formaban grandes manchas que facilitaban a súa pesca. Sen embargo para os xeiteiros, con quilómetros de

ACTIVIDADES “Pineiróns”
Agradecemento á:

Colabora



CONCELLO DE O GROVE
CASA DE CULTURA DE O GROVE

rede largada e chea de sardiña, os arroaces estragábana ao se lanzaren sobre ela a comer. É por iso que eran perseguidos con arpóns, armas de fogo, facendo pregarias coidando que os nigromantes das illas de Ons os mandaban para dentro das rías,..., e ata perseguidos con metralladoras para espantalos ou matalos.

Comentaba Felipe Valdes Hansem que os arroaces eran considerados como uns *peixes* malignos e nocivos para a pesca, polas desfeitas que causaban nas redes ao enmallarse ao ir rapinar o peixe alí atrapado, ademais de ser un competidor que depredaba o cobizado recurso natural dos pescadores.

En 1878 para escorrentar aos arroaces que entraban na ría de Arousa, o Arcebispo de Compostela comisionou a dous monxes do mosteiro de San Francisco (Santiago) para que, coas súas rogativas, librasen aos mariñeiros de Palmeira e Cabo de Cruz dos arroaces. Sen embargo, segue contando Hansem, os pescadores de Pontevedra no século XVIII en vez de seguir os consellos do Padre Sarmiento sobre o modo de decimar estas mandas, recorreron a prácticas supersticiosas, neste caso aos conxuros dos <*gurumantes*>¹ ou feiticeiros das illas de Ons, inútil superstición popular moi criticada por Sarmiento como home de Igrexa e ilustrado que era.

En 1922 (Casualmente o mesmo ano en que o goberno mercaba os Uad) a *Asociación General de Industrias Pesqueras de Galicia* chegou a ofrecer ao Ministerio de Mariña dous vapores para que, tripulados por mariños da Armada, se dedicasen á persecución dos arroaces. Non foi admitida dita petición.

En 1923 veu ás rías de Pontevedra e Arousa unha comisión encargada de estudar o problema de pescadores e arroaces. Quedou demostrado que a persecución con armas de fogo era inútil e pouco recomendable polo perigo de que se estendese entre os pescadores o uso de ditas armas.

Os pescadores no pararon no seu empeño e en 1924 pediron ao goberno que os vapores de vixilancia estivesen dotados de metralladoras para a persecución de ditos cetáceos.

En 1927 o Ministerio de Mariña, contradicindo a decisión da *Dirección General de Pesca* ordenou aos comandantes de mariña das rías de Vigo, Pontevedra e Arousa a realización de batidas de arroaces polas patrullas da Armada.

E é aquí, cando destinado a Ferrol o gardacostas **Uad-Targa** a finais de 1930, entre as súas tarefas marítimas a desempeñar, tocoulle a persecución de arroaces o que lle levou a embarrancar fronte ao Grove cando se dedicaba á persecución destes cetáceos.

O EMBARRANCAMENTO DO “UAD-TARGA”

O día 2 de setembro de 1931 embarrancou no baixo da Loba², fronte ao Grove, o gardacostas **Uad-Targa** a causa da néboa cando se dedicaba á persecución de arroaces.

¹ Do que nos falaba Calo Lourido no número 19 de AUNIOS.

² Lino Pazos Pérez no seu libro “*Naufragios en las Rías Baixas*”, comenta que na prensa non se poñen de acordo en situar o lugar do embarrancamento, xa que uns o poñen no baixo coñecido como “O Novo”, outros en “A Loba” e finalmente outro nome é “Loba do Regidoiro”.

Toda a tripulación quedou a salvo e, nun dos botes salvavidas que posuía, achegáronse ata a próxima vila de O Grove na que foron auxiliados dándolles comida e cama. Aínda que o Grove era un pequeno municipio de arredor de 6.000 habitantes, estes, xunto coas autoridades, volcáronse na axuda á tripulación do gardacostas. O seu comandante, o Tenente de Navío Gabriel Antón Rosas, quedou no buque organizando os labores de salvamento.


A primeira nova do naufraxio na prensa sae ao día seguinte, xoves 3, na Vanguardia, e dicía:

GUARDACOSTAS EMBARRANCADO

El Ferrol, 2

Recibióse un radio del comandante del buque guardacostas «Uad Targa», noticiando que persiguiendo arroaces embarrancó en el paso de Loba Sedeiro, a la entrada de Villagarcía.

Se ha dispuesto que para prestarle auxilio salga de este puerto el cañonero «Dato», llevando a bordo un buzo del acorazado «España».



Cañonero “Dato”

O día 5 de setembro de 1931 aínda seguían os labores de rescate do gardacostas. Así o contaba o periódico ABC:

EL CAÑONERO UAD TARGA SUFRE AVERÍAS

Vigo, 10 mañana

Continúan los trabajos de salvamento del cañonero Uad Targa, hallándose en el lugar del accidente el <Torpedero nº 3> y el remolcador holandés <Mas Besendi> con el material necesario.

Ferrol, 11 mañana

Comunican que se desconfía de poder salvar el Uad Targa, pues el temporal lo ha aprisionado entre las peñas. En el sitio del naufragio continúan los buques que salieran del Ferrol a prestarle auxilio. Los buzos del acorazado <España> prestan excelentes servicios recorriendo el fondo del cañonero.

Curiosa é a noticia, pois en cuestión dunha hora de diferenza e dende puntos distintos, parece que dan noticias

diferentes, pois nunha aínda podería haber esperanzas e na outra o poñen xa moi complicado.

O día 8 de setembro no periódico La Vanguardia sae unha nova que dá unha esperanza de salvamento ao buque, pois, despois de revisado polos buzos, estes non atopan vía de auga algunha e só están pendentes de que amaine o temporal.

EL GUARDACOSTAS WAD-TARGA

Ayer los buzos que pertenecen a los buques de la escuadra, bajaron para reconocer el casco del guardacostas «Uad-Targa», embarrancado a la entrada de Villagarcía. No encontraron ninguna vía de agua. Los técnicos dicen que si amaina el temporal puede procederse al achique de los departamentos inundados, podrá salvarse el buque.—Corresponsal.

Cando parecía que a cousa ía por bo camiño, o día 22 de setembro, quizais porque o temporal non cedera ou polo seu encaixonamento nas rochas, dan a noticia do abandono do salvamento do buque e que as tarefas só estarán dirixidas a salvar armamento e maquinaria. Así o conta La Vanguardia *Regresaron de Villagarcía el cañonero «Dato» y el torpedero número 3, que a pesar de sus oportunos auxilios, no pudieron salvar al buque guardacosta «Uad-Targa» allí embarrancado, abandonándolo por imposibilidad de salvarlo. Sólo quedan allí los buzos del acorazado «España», para trabajar en el salvamento de la máquina.*

Un día despois, o 23 de setembro, o periódico “El Socialista” no seu nº 7.058 da a noticia da perda do Uad Targa:

EL NAUFRAGIO DEL “UAD TARGA”

El guardacostas se ha perdido por completo

EL FERROL, 22.—Se considera totalmente perdido el guardacostas «Uad Targa», embarrancado en la ría de Arosa. A pesar de los esfuerzos realizados ayer con la pleamar para salvarlo, no ha podido conseguirse nada satisfactorio. En vista de esto, se procederá inmediatamente a desmontar la artillería y la maquinaria.




Ponte do Uad-Targa.

Bibliografía:

- Lino Pazos Pérez. “Naufragios en las Rías Bajas”. Editorial Damare. 2007
- Hemeroteca de La Vanguardia e do ABC.
- Periódico “El Socialista”. 1931.
- Francisco Calo Lourido. “Arpóns, nigromantes, bispos e metraladoras contra arroaces”. Revista AUNIOS nº 19. Asociación Pineiróns. 2014.
- foro.todoavante.es “Historia Naval de España y Países de habla española”.

Foto do xornal ABC do 11 de setembro de 1931, onde se ve o Uad-Targa embarrancado preto de O Grove. O curioso é que hai un novo nome do lugar do naufraxio, neste caso - Peña de la Sirena -.



GROVE (PONTEVEDRA).—El cañonero español Uad Targa, embarrancado en la Peña de la Sirena cuando se dedicaba a perseguir “arroaces”. (Foto Blanco)



PESQUEIRAS E ACTIVIDADE MARINEIRA NO FONDO DA AROUSA

Por: Francisco Calo Lourido

Cando andaba a barallar, entre varios, o tema para este artigo, escoito que se viña de abrir a temporada de pesca da lamprea nos escasos ríos nos que aínda pode resultar produtiva e nos que a Xunta de Galicia autoriza a súa explotación. Considerando que ao Grove, porto que abre a ría da Arousa polo sur e domicilio de *Aumios*, xa lle teño dedicado varios artigos, cócrreseme que talvez puidera ser dalgún interese facer unha referencia histórica aos primeiros lugares nos que as augas doces do Ulla se mesturan coas salobres da ría e onde, xa desde a Idade Media, temos noticia de actividade pesqueira complementaria da agrícola.

Nun dos capiteis do Pazo de Xelmírez (s. XII) hai labrada unha empanada que, para a desbordante imaxinación de Cunqueiro, tiña que ser necesariamente de lamprea, considerando que o bispo do que toma o nome posiblemente nacera nas Torres de Oeste, onde xa principia o mar da Arousa; e o padronés Cela, nun artigo sobre Prisciliano, barroco en datos e entre literario e científico, remata dicindo que o noso heresiarca “Se alimentó de dudas e ilusiones, de lacón con grelos (y lo que es más curioso, sin incumplir su dieta vegetariana), de nécoras de la isla de Cortegada, de centollas de Sálvora y de lampreas de las pesqueiras de Herbón –los pimientos tardarían aún once siglos en acostumbrarse a nuestras brétemas, a nuestro orballo y a nuestro vento mareiro” (Cela, 1982: 123). Na *Historia Compostelana* aparecen xa referencias a lampreas, moi posiblemente extraídas do Ulla, sendo abondosas as citas nas *Ordenanzas de Padrón* de 1241 (Cfr. Vázquez, 1962: 2). Nos *Foros Romanceados* de Padrón lemos: “otrosy, de todos los canaes (pesqueras) que están en la villa ata encima del Lapido, de todo quanto y ouier de cinco quinoes (partes) vno, et demas en cada canal vna noche, qual el arçobispo escoger cada año. Et desto ha el cabildo la meytad, saluo que el arçobispo ha de aver do canal de Eruon, que he vuestra heredad las duas quintas de todo para sienpre. Et ha de aver mas do canal de Areas de tres Redes que y son duas quintas de cada vna, saluo de los canales de los caualleros” (López Ferreiro, 1895: 507). Aínda hoxe se segue a traballar no tramo entre Areas e As Vellas, funcionando as pesqueiras de Areas, Vellas, O Canal, o Prateado, A Trapa e Coqueiro.

Ímonos deter nós nunha documentación moito máis recente, no *Catastro do Marques da Ensenada*, feito nas fins do ano 1752.

Todo o territorio do fondo de saco da ría formaba a xurisdición de Padrón, pertencente ao arcebispado de Santiago, e os lugares que agora me interesan, por seren os que tiñan unha certa actividade pesqueira, son a propia vila de Padrón, Herbón, Pontecesures, Requeixo e Campaña. Logo, continuando pola banda Pontevedresa, temos que chegar ata Carril para ver unha comunidade con importancia pesqueira, xa que en Louro só había dúas barcas de pasaxe, e en Bamio unicamente se menciona un mariñeiro que traballaba como oleiro (lembramos alí o lugar chamado Campanario ou Louceiros, nome indicativo do traballo cerámico que se facía) e que tiña un barco no que transportaba, xunto cun fillo, materiais, supoño que arxila da zona de Dena, para o obradoiro. Non figura na documentación que amais realizase labores de pesca.

Principiando polo máis interior, no curso baixo do Ulla, está Herbón, freguesía que, estendéndose polas dúas marxes do río, pertence hoxe á provincia da Coruña. Neste lugar, o mesmo ca hoxe, temos, segundo o Catastro, varias pesqueiras ou pescos de lamprea, construcións pétreas que, desde as beiras, penetran no río, obstaculizando as augas, que se ven obrigadas a escoar por unhas bocas, chamadas no Catastro “vocarones”, nas que se arman unhas redes chamadas cangallas. Por non ser este un traballo etnográfico, remito á bibliografía selecta para as descrições de aparellos, xeito de empregalos e variantes nos distintos ríos. Podo engadir que botei un verán axudando a unha colega portuguesa a estudar e cartografar os pescos (amais de curiosos muíños desmontables, folóns, etc.) do río Támega ao seu paso polo concello de Penafiel antes de que ficasen no fondo dun encoro. No verán seguinte, o traballo, máis descansado, foi de entrevistas cos ribeirás e propietarios de pescos, barcas e artes. Na publicación consta o seguinte: “Compañeiros de muitas dezenas de quilómetros feitos a pé, pela margem do rio, foram Francisco Calo Lourido, Adelaide Recarey e Silvestre Lacerda, juntamente com cinco jovens do projecto OTL.” (Soeiro, 1987/88, 96).

A relación feita para o Catastro por D. Francisco Mariño Sarmiento, “Abogado dela Real Audiencia deeste Reino y subdelegado deMarina enel Puerto dePadrón, Zesures y agregados”, con data 15 de setembro de 1752, está chea de confusións, mesturando individuos de diferentes freguesías, polo que non resulta doado saber onde traballaban realmente. Aparecen aquí os mariñeiros matriculados e o número de barcos, lanchas e dornas, Sospeito que a verba dorna, que figura por toda a costa pontevedresa ata o Miño, debería servir para nomear xenericamente calquera embarcación pequena e, seguramente, de fondo chan. Dentro do río non serían moi manexables as actuais dornas e, cando miramos a documentación de Baiona ou da Guarda nunca aparecen as gamelas, que son as que alí existen, e sempre se fala de dornas. Contrastan a lista do subdelegado uns peritos da zona: “Enla villa deel Padron aveinte ytres delmes deseptiembre año demill setecientos cinquenta ydos estando presentes...” os mariñeiros Domingo Antonio García e Francisco Castromán, veciños de Requeixo,

mais Alberto Devesa e Manuel Pesado, veciños de Campaña, que contestan á pregunta 37 do Interrogatorio “sobre las utilidades de embarcaciones Lanchas Dornas y Quiñones decada Marinero”.

Hai dúas barcas de pasaxe. Unha delas é propiedade de don Pedro de Otero, veciño de “Villanueva”. Corre con ela, como barqueiro, Juan Miguens (máis adiante chámanlle Juan Buceta Míguez) e calcúlase que gañará ao ano 200 reais de vellón. A outra pertence a don Antonio de España, veciño da Coruña, e está patroneada por Domingo Antonio Chacón. Calcúlase 50 reais de vellón ao ano. Só por comparar, direi que o Subdelegado de Mariña gañaba 3 650 reais polo cargo e 1 100 como avogado.

Existen 4 dornas. Inés Paizal, viúva, ten dorna e media, a outra media é de Pablo González; Domingo Chacón e Alonso Fernández teñen cadansúa. Faise constar que estas catro dornas, malia seren os donos forasteiros, neste caso, de Herbón, “sehallan en el termino” de Requeixo. Unicamente andan ao mar seis matriculados.

Sete son as pesqueiras para lamprea que figuran en Herbón, sendo a de maior número de bocas, nove, a de Areas, cada unha delas dividida en cinco partes, facendo un total de 45 quiñóns. Calculouse a cada un deles unha rendibilidade anual de 25 reais de vellón. Dezasete quintas partes pertencen ao cabido de Padrón. Once quintas partes son de Juan López e consortes, desta mesma freguesía. Pablo González, tamén de Herbón, ten dúas quintas partes, o mesmo que outro veciño, Juan Fontenla; o cabido de Santiago ten dúas quintas partes e media, e o “Marques de Bendaña” ten dez quintas partes e media.

A pesqueira de Morono de Abaixo e de Arriba, ou La Morona, como se di noutros parágrafos, recibe o nome do lugar de Morono desta freguesía de Herbón. Aquí só hai catro partes e a cada unha regúlase 130 reais de vellón. A metade da pesqueira pertence a don Antonio de España, a quen se lle calculan polo conxunto 330 reais de vellón. Dona Maria Francisca Deza, veciña da vila de Padrón, posee unha cuarta parte, pola que lle corresponden 115 reais de vellón, e don Francisco Valenzuela, veciño de Santiago, recibe a mesma cantidade por outra cuarta parte.

A pesqueira A Trapa ten 5 “bocarones” repartidos en cinco quintas partes cada un, ás que se lles regulan 12 reais e medio por ser de pesca tardía e de pouca produción. Son propietarios o cabido de Santiago, Francisco Caramés, veciño desta freguesía, Benito de Ths (?) e consortes, tamén da freguesía e o Marqués de Bendaña.

A pesqueira O Ribeiro Vello ten catro bocas divididas en catro partes cada unha. Regúlase a cada cuarto 62 e medio reais de vellón. Son os seus propietarios: Juan López, o cabido de Santiago, Francisco Rajoy e consortes, veciños da freguesía, Francisco Padín, tamén veciño, e don Ignacio Salvador, tamén da freguesía.

A pesqueira Traxeito (“traxeto ou Trajeito”) ten catro bocas divididas en cinco partes cada unha. Por ser o primeiro dos pescos, calcúlase a cada quinto 120 reais de vellón. Son os propietarios: o cabido de Santiago, o citado Francisco Rajoy e consortes, e o tamén citado Marqués de Bendaña (veciño de Santiago).

A pesqueira O Canal ten cinco bocas, divididas en cinco partes e a cada unha destas regúlase 50 reais. O cabido de Padrón ten unha boca enteira, percibindo 645 reais ao ano por esta, mais o que lle corresponde da de Areas. Don Antonio de España ten dúas bocas, outra é de Francisco Padín e a restante de don Ignacio Salvador.


A pesqueira As Vellas ten catro “boquerones”, divididos en cinco partes. A cada unha destas regúlase 50 reais de vellón. Son os propietarios: Juan López, a quen se lle calculan 632 reais ao ano polo que ten nesta pesqueira máis o correspondente ás de Areas e Ribeiro Vello, o cabido de Santiago, ao que se lle calculan 241 reais de vellón ao ano por todas as partes que ten nas pesqueiras, o Marqués de Bendaña, ao que se lle calculan, por todo o que ten nas pesqueiras, 458 reais e 25 maravedís de vellón ao ano e Domingo Bentón e consortes, desta freguesía, aos que lles calculan 50 reais. Teñen tamén parte nesta pesqueira o cabido de Padrón e don Diego Ballesteros, veciño “desan Julian deLayño”).

Vemos que a propiedade estaba enormemente subdividida. Non puxen máis detalles, porque o escribán foi moi pouco coidadoso e non cadran as cantidades de cada un, segundo o número de partes de bocas que ten.

No referido a Padrón figuran embarcacións e mariñeiros, sen que quede moi claro se vivían na propia vila ou no que hoxe é Pontecesures, inclinándome eu por esta segunda posibilidade, considerando a súa importancia xa desde época romana e nos tempos de Xelmírez. Hai tamén confusión entre Pontecesures e Requeixo, hoxe o mesmo concello.

O mesmo que en Herbón, temos aquí outras dúas lanchas de pasaxe. Cada unha delas é de cinco propietarios a partes iguais. Calculan a cada unha destas lanchas 1½ quiñón (cada quiñón son 2 reais) e a cada mariñeiro corresponde 1 quiñón. Traballan 6 meses ao ano.

Hai 4 barcos grandes. Os seus propietarios son: Miguel Vazquez (½), don Manuel de Lago, veciño de Santiago (½), José Pesado (1/5), Andrés González (1/5) e navega nela co seu fillo Miguel González, Domingo Antonio Trasande (1/5), José Gabriel Devesa (1/5), Pedro González (1/5), Pedro Pose (1/5), Felipe Limérez (1/5), José Rial (1/5), Matías de Montes



Pesqueira de Herbón

(1/5), Francisco Pesado (1/5), Domingo Vilar (1/5), Amaro de Castro (1/5), José Fernández (labrador) (1/5), Francisco Rial e Francisco Pereira, veciños de Requeixo, (1/5 cada un). Todos os citados navegan nos respectivos barcos, excepto don Manuel de Lago e o labrador José Fernández. “Regulan a cada quiñón del Barco grande porostos no hacer otro viage mas dela conducción de sal a los Alfolíes Generos, y Texa, adistintas partes delas Rias circunvecinas, aesta oncerealesv(ello)n al día, yad(ic)ho varco leregulan dos quiñones y m(edi)o escluso el quiñón deldueño queesto importa veinte y siete Reales y medio ytrabaxarán d(ic)hos Barcos grandes seis meses del año y el quiñón deldueño son otros oncer(eale)s v(elló)n”.

Hai un total de 11 dornas (8 delas para pescar lamprea exclusivamente). Regulan a cada dorna de pescar 2 quiñóns e cada tripulante percibe 1 quiñón. Cada quiñón son 2 reais e pescan 6 meses ao ano “pornotener Cerco yersolo pesca deventura”. Das 11 dornas, 8 dedícanse exclusivamente á pesca da lamprea, polo que só traballan “eneltiempo de Quarentena”, é dicir, nestes meses primeiros do ano. Regúlanlles, nese tempo, 32 reais a cada un, incluíndo 16 reais por dorna e aparellos. Hai 14 mariñeiros que non teñen embarcación nin parte dela, así como 2 incapaces e maiores de idade.



Voitiróns a secar en Arcade

Este ano 2016, hai unhas 20 embarcacións de mariñeiros, de “valeiros”, de Rianxo, Carril e Pontecesures con permiso para traballar, desde o 5 de xaneiro, cun aparello chamado voitirón, empregado tamén para a pesca da anguía e semellante ao dos naseiros de Pontesampaio e Arcade.

O verdadeiro porto pesqueiro da zona era San Xulián de Requeixo, onde había unha lancha de pasaxe e un barco grande para transporte de sal, tella, etc. polos portos da Arousa e polas rías veciñas. Había tamén 41 dornas dos propios veciños (1/3 dunha delas era dun mariñeiro de Campaña). A estas 41 dornas hai que engadir 4 máis de Herbón e 2 de Campaña (hoxe freguesía de Valga), que tiñan a base en Requeixo. Tamén en Campaña había 8 mariñeiros sen propiedade e 2 incapaces e maiores de idade.

Do “Asento Persoal de Leigos” de Requeixo tomamos o relatorio de cabos de casa, co número de membros da súa familia. O total de xefes de familia era de 95, dos cales 72 só se dedicaban ao mar. O número de membros destas familias mariñeiras era de 367. Había tamén un carpinteiro de ribeira ou calafate e 23 matriculados que non andaban ao mar. De todo isto podemos deducir a importancia pesqueira deste porto en 1752.

En Santa Columba de Louro, hoxe do concello de Valga, só había 2 barcas de pasaxe, sen actividade pesqueira, e a partires de aí, conforme nos introducimos na ría pola costa de Catoira, desaparece toda referencia á pesca e ás embarcacións -agás a cita de Bamio para transporte privado de material- ata chegar ao porto de Carril, onde xa hai unha grande actividade haliéutica. Pola banda norte, en Isorna, cita o Catastro 7 matriculados “todos barqueiros”, mais non di cantos barcos había; seguindo cara fóra, temos en Leiro 2 barcas de pasaxe e un total de 6 mariñeiros, sendo preciso chegar ata Rianxo para atopar unha poboación realmente mariñeira na costa coruñesa.

Bibliografía:

- AHPP.: Catastro do Marqués de Ensenada. Caixas: 576, 559, 605 e 624B.
- CAAMAÑO SUÁREZ, Manuel (2003): *As Construcións da Arquitectura Popular Patrimonio Etnográfico de Galicia*. Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos. Santiago de Compostela.
- CALO LOURIDO, Francisco (1998): “As artes de pesca marítimas e fluviais”. In González Reboredo, X. M. (Coord.): *Galicia Antropoloxía*. Vol. XXV. Hércules de Edicións, S. A. A Coruña, pp. 149-221.
- CELA, Camilo José (1982): “Mi paisano, amigo, colega y correligionario Prisciliano”. In *Prisciliano y el Priscilianismo*. Monografías de Los Cuadernos del Norte. Caja de Ahorros de Asturias, Oviedo, pp. 118-123.
- LADRA, Lois (2008): *A pesca tradicional nos ríos de Galiza*. Sotelo Blanco Edicións, S. L., Santiago de Compostela.
- LÓPEZ FERREIRO, Antonio (1895): *Fueros Municipales de Santiago y su Tierra*. Ediciones Castilla, S. A. Madrid. Hai ed. facs. de 1975.
- SOEIRO, Teresa (1987/88): “Penafiel. O Tâmega de ontem”. *Penafiel. Boletín Municipal de Cultura*, 3ª Série, nº 4/5, Penafiel, pp. 95-253.
- SOEIRO, Teresa (1998): “A pesca fluvial no Baixo Tâmega e Douro”. In Calo Lourido, F. (Coord.): *Antropoloxía Mariñeira. Actas do Simposio Internacional de Antropoloxía in Memoriam Xosé Filgueira Valverde*. Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, pp. 231-252.
- VÁZQUEZ MARTÍNEZ, Alfonso (1962): *La lamprea del río Miño*. Ourense. O concello de Arbo, en 2013, fixo unha edición facsimilar cunha boa introdución de Sierra Rodríguez e tradución ao galego.

CO SILENCIO TAMÉN COMUNICAMOS

José Manuel Dopazo Entenza


1. INTRODUCCIÓN

Tradicionalmente, entendemos que para comunicarmos precisamos dicir algo mediante palabras. Mais non é de todo necesario, como tentarei mostrar neste breve traballo. Se botamos man do Dicionario da Real Academia Galega, veremos que define *comunicar* como *Facer saber [certa cousa] a alguén e*, por tanto, non indica se é ou non a través da palabra. Así que pode ser momento de repensarmos o que entendemos por *comunicar*.

2. CO SILENCIO TAMÉN COMUNICAMOS

No refraneiro popular temos innumerables expresións prefixadas que dan conta do *silencio* e do *calar* como un elemento máis da comunicación. Sen ir máis lonxe, a frase *quen cala outorga*. O que subxace a este refrán é que *calar* ten unha utilidade ou pode derivarse del algún significado. Polo tanto, *calar* e *silencio* non son a oposición a *falar* e *comunicar*, segundo o que nos di o noso coñecemento da lingua como falantes.

Debemos entender, por tanto, que cando se cala non se quere transmitir información ningunha ou é posible que os silencios e pausas que facemos conscientemente no medio do noso discurso posúan algún valor? Se é así, e logo, con que función os empregamos?



Mapa da Ría de Pontevedra coa Illa de Ons.

3. COMO EMPREGAMOS O SILENCIO PARA NOS COMUNICARMOS?

Unha vez nos decatamos de que o silencio tamén forma parte do elenco de ferramentas ó noso dispor para a boa realización das actividades comunicativas, debemos entender como o silencio pode facer parte en tanto que unidade máis dentro desas actividades.

Para tal fin, é preciso determinar cando unha falta de realización fónica pode interpretarse como portadora de contido comunicacional e cando non. Existen moitas variables que poden influír nesta diferenciación. Poden entrar en xogo elementos sociais como o uso das pausas por un determinado grupo (social, familiar, local...), os cambios de quenda... e outros máis persoais e fisiolóxicos como interrupcións, falta de palabras para a situación, lapsos de memoria...

Exemplo 1

Home: ... non había tampouco donde /2"/ que comer!

No **Exemplo 1** podemos ver que se produce unha pausa de dous segundos. Neste caso, o silencio non ten un valor comunicativo, pois non é intencional. Trátase dun silencio necesario no discurso e derivado dunha necesidade fisiolóxica como é o cambio na deriva do discurso. Este home comezou formulando a súa intervención sobre un elemento locativo *donde*, pero repensou o que pretendía transmitir e mudouno por un complemento directo do verbo principal, *que comer!*

Este tipo de silencios son moi recorrentes na oralidade, pois estamos constantemente reformulando os nosos pensamentos e creando as liñas da conversa a cada momento, establecendo os lindes de forma mutua entre as persoas que entevañan nela. Así e todo, este tipo de silencios, como dixen, carecen de valor comunicativo.

A profesora Beatriz Méndez Guerrero (2011) propón unha distinción, na liña do xa exposto, entre os silencios non comunicativos (**mutismos**) e os silencios comunicativos (**silencios**).

Esta estudiosa define **mutismo** como a ausencia de fala durante un tempo amplo. Esta falta de realización fónica non forma parte da conversa e, por tanto, non creo relevante unha análise exhaustiva. Como exemplo podemos poñer o seguinte:

Neste caso temos diversos tipos de silencio. Pero o que nos interesa é o máis longo de todos, o que dura tres segundos. Esta pausa non ten carácter comunicacional, senón que se trata dun silencio que marca o final dunha intervención. Nin sequera busca a continuación da conversa por parte dos outros participantes, só é un remate sen valor informativo.

Exemplo 2

Muller: ... viñamos nós dos persebes / eu e mais o vello /2"/ daquela /3"/

Entrevistador: E por que o querían matar-e? /1"/

Muller: Matárono pola gherra!

En segundo lugar, defínese **silencio** no traballo mencionado como a ausencia de fala con carácter comunicativo. Aquí xa entramos en materia cuns silencios que son intencionais e que buscan a transmisión de información entre as persoas participantes na conversa, polo que estaría codificado desde o momento en que a interpretación non dá a equívocos.

Atendendo ó tipo de información que se queira transmitir e ó uso que teña esa ausencia de palabras, existen diversas clasificacións. Pareceume relevante a distinción,

Exemplo 3a

Muller: ... ese /0.5"/ o que morreu /1"/ ese era o jefe da Illa /1"/ ese era o que mandaba todo /1.5"/ è habrá...

a) **Silencios discursivos**: son aqueles que actúan a modo de indicadores discursivos e axudan a guiar as inferencias da interlocutora ou interlocutor (para denostar engano ou enmascaramento, mostrar acordo ou desacordo, intensificar ou atenuar, argumentar, humorizar ou ironizar...).

Esta muller emprega os silencios (os superiores a un segundo) para darlle un carácter intensificativo ás súas palabras. A través deles transmite ós seus interlocutores un determinado valor de respecto cara á persoa da que está a falar, mostra unha intensidade maior ca no resto da súa perlocución.

Para argumentar en favor desta idea, podemos poñer a mesma información que nos achega esta informante nunha única oración sen pausas e veremos como perde o carácter laudatorio e solemne que fornecen estas no **Exemplo 3a**.

Parece que, se lle quitamos as pausas, deixa de transmitir o respecto que esta muller presenta cara á figura do dono da Illa de Ons. O que realmente transmite o **Exemplo 3b** é unha afirmación dun feito empírico, vendo cerceada toda valoración persoal impresa polas pausas ben empregadas no **Exemplo 3a**.

b) **Silencios estruturadores**: son aqueles que estruturan ou organizan a conversa (para a toma de quendas ou petición de apoio por parte do interlocutor).

Deste tipo de silencios xa se presentou un caso no **Exemplo 2**, cando o entrevistador remata a pregunta e agarda a resposta da entrevistada cun silencio. Mediante esa pausa, o que se busca é dar a entender que xa se rematou a intervención e que se espera que a interlocutora tome a palabra para que a conversa/entrevista siga o seu curso.

Dado que a muller coa que se mantén a conversa responde satisfactoriamente o que se lle demanda na pregunta, podemos entender que a realización desa pausa foi efectiva e obtivo os resultados agardados. Xa que logo, a codificación deste tipo de pausas está presente e aceptado polo conxunto de falantes, para este tipo de contexto (neste caso, unha entrevista), de tal xeito que se saiba en que momento é pertinente parar, en que momento está aceptado que se comece a responder e cal é o marcador discursivo que impele a que a interlocutora sexa posuidora da súa quenda de fala.

Neste exemplo vemos que aparecen dúas mulleres conversando sobre o que lembran acerca do que traballaron na súa infancia. A Muller 1 (M1) ten 15 anos máis cá Muller 2 (M2) e criouse nun ambiente totalmente rural, mentres que a segunda muller marchou con cinco anos a vivir á vila mariñeira de Cangas. Os contextos socioculturais e económicos en que se desenvolveron estas dúas persoas son ben distintos e o único que as une é o feito de seren mulleres e pertenceren, por ascendencia, ó mesmo lugar da Illa de Ons.

Volvendo ó caso que temos para analizar, vemos que M1 busca apoio por parte da súa interlocutora a través das pausas. A primeira delas non a respecta M2, probablemente porque non manexa os parámetros cos que xoga M1. Aquí

Exemplo 4

Muller 1: ... e traer as batatas no carro? No, por que tiñan que traelas?

[/1"/]


Muller 2: [No! Nós traiámolas sempre á cabeza...]

Muller 1: [Nós-e, vi#, nós-e], viña millor na sesta, que así non se estropeaban... /1"/]

Muller 2: Claro.

Muller 1: Desde logho, eran...

por unha banda ampla e pola outra concisa, realizada por esta mesma autora (2013b), a cal divide o silencio comunicativo en tres subgrupos:



Exemplo 3b

**Ese que morreu era o xefe da Illa e mandaba en todo. Habrá...*

estamos ante o que mencionei máis arriba nesta epígrafe de que o uso social das pausas depende do grupo no que se manexen as persoas implicadas nunha conversa.

Así e todo, a segunda das pausas M2 comprende a busca de apoio para continuar coa súa alegación sobre o tratamento dos adultos cando ela era nena e respondeu de forma esperable cunha confirmación pola súa parte.

Cabe dicir que as mulleres teñen maior tendencia a se solaparen na fala sen que iso se entenda como unha falta de

respecto ou mala educación. Así que tanto se podería entender estes solapamentos como algo normal e habitual, como unha falta de coñecemento dos parámetros que rexen as pausas de unha outra informantes.

Caso diferente é o que se presenta no **Exemplo 5**, pois agora trátase dunha muller que ten corenta anos máis có home co que fala. A diferenza etaria, social, económica e cultural é moi ampla e, ademais, únese o factor de xénero, que tamén actúa en detrimento da boa comprensión das unidades comunicativas “pausas”.

Como vemos, a muller busca o apoio do home mediante as reiteradas pausas e el, sistematicamente, elúdeas. Mais

Exemplo 5

Home: *Que era aquilo que había alí? /0.5”/*

Muller: *Alí era / coma un, coma un almasén / como hai aí o instituto /1”/ enriba aí o de / o... /1”/ ó vir de subir do muelle /0.5”/ non sabes que hai un aqueloutro aí? /1”/*

Home: *Bueno / [conte!]*

Muller: *[... ghrande] / moi ghrande! /1”/ Un almasén moi ghrande aí adentro!? /1”/ Non na de Checho!*

Home: *Bueno / conte o que iba contar!*

non só as elude, senón que ignora que haxa intención por parte dela dunha busca de respaldo nel e procura que ela avance no seu discurso a través de frases cortantes que poden interpretarse como de mala educación se non houberse a suficiente confianza entre ambos os dous.

Así que aquí podemos observar dous feitos relevantes. Un é que a muller controla perfectamente o uso do silencio para comunicar, neste caso, a necesidade dun apoio por parte do interlocutor. E outro é que o home non manexa os mesmo criterios ca ela á hora de interpretar eses silencios.

c) Silencios epistemolóxicos ou psicolóxicos: son aqueles silencios que presentan unha alta compoñente psicolóxica, emocional, cognitiva ou de transgresión (para expresar vacilación, descoñecemento, prudencia, reflexión, desafío ou

resistencia e tamén para transmitir ou indicar o estado emocional do falante).

Exemplificación deste tipo de silencios aparece xa no **Exemplo 2**, o que se atopa en *o vello /2”/ daquela*. Aquí a muller procura un tempo para transmitir o seu estado emocional que, neste caso, é o da tristeza por ter perdido o seu home (*o vello*) e traelo ó discurso. Desta forma, a muller deixa claro que inda o bota de menos e que se sente triste ó lembrar ese tempo en que estaban xuntos.

No **Exemplo 6**, atopamos que o primeiro dos silencios esgrime dúbida ou falta de compromiso na información que vén a seguir. Non sería posible dicir que esteamos ante un lapso de memoria (coma o **Exemplo 1**), pois só dubida en se é certa a súa información ou non, en ningún momento se esquece de cantos son.

Os outros dous silencios mostran reflexión sobre a situación que está a contar á par que lle serven para transmitir o seu pesar pola mesma. Estes son os máis complexos de todos os que vimos ata agora, pois precisan un maior coñecemento das persoas e, sobre todo, do contexto en que se realizan.

Exemplo 6

Home: *... que viven solamente na Illa / que quedan-e? /2”/ Dous / dous ou*

tres matri[monios.]

Muller: *[Que] matrimonios? Quendan O Pitiso e mais Sesáreo!*

Home: *Si / dous matrimonios que quedan aí todo o ano porque xa / en fin / non queren / pero dispois do resto /1”/ os demais / todo o mundo xa /1”/ saleu de aquí / todos...*

4. O SILENCIO DEPENDE DO XÉNERO?

Xa vimos no **Exemplo 5** que o home non entendía os silencios da muller. Este feito pódese achacar á diferenza de idade, clase sociocultural etc., pero tamén se pode entender desde unha perspectiva de xénero.

Baixo o meu punto de vista, non estaríamos falando dun único problema de entendemento, senón máis ben de dous, en base a que non só a muller está empregando silencios, senón tamén o home. El non comprende os que ela fai en busca dun apoio, como comentei, pero ela tampouco comprende o gran silencio que el produce de intervención a intervención.

Mentres que el agarda impaciente que prosiga a súa narración no seu longo silencio de respecto e de cesión da palabra, ela continúa buscando o seu apoio por interpretar o seu mutismo como unha indiferenza ou unha falta de información a respecto do que ela está a contar.

Esta situación non é anódina, pois existen milleiros de casos de mala interpretación dos silencios entre persoas de distinto sexo. Ben é certo que os roles de xénero están mudando e, como apunta Pilar García Moutón (2003, 63) “[q]uizá esté cambiando en estos momentos, y es verdad que depende del entorno” a respecto dun tipo de silencio identificado como moi feminino por ela. Esta autora, un pouco máis adiante nesa páxina di o seguinte:

El hombre se puede instalar perfectamente en el silencio, sin que tenga ningún problema, simplemente puede que no tenga ganas de hablar. Pero, mientras los hombres pueden mismo sentirse reconfortados ante el silencio femenino, sin saber que puede encerrar una amenaza de discusión

grave, en el caso contrario las mujeres inquietarse y malinterpretar el silencio femenino. ¿Por qué? Porque las mujeres lo interpretan desde su estilo femenino.

(García Moutón 2003, 63)

Como vemos, a autora mostra o que eu apuntaba xa para o **Exemplo 5**, é dicir, hai un problema de intercomprensión das persoas que interveñen na conversa. Cada unha interpreta os silencios da outra desde o seu propio uso derivado do xénero e iso lévaas a un incorrecto desciframento da información que transmiten.

Coma todo na lingua, as diferenzas de xénero no uso dos silencios derivan directamente da educación recibida homes e mulleres de forma distinta. García Moutón (2003, 63) achácallo a que, mentres que os nenos só buscan a diversión a través dos entretementos que poidan ter ou imaxinar, as nenas fan dos seus xogos de infancia unha constante conversa.

Este feito último é o que explica, para a autora, que as mulleres gratifiquen coa fala e castiguen co silencio. E cando un home dá un silencio (entendido por el como respectuoso) como resposta, unha muller pode interpretalo como unha negación da palabra e, por tanto, como un síntoma de problemas.



5. CONCLUSIONES


En primeiro lugar, vimos que o Dicionario da Real Academia Galega deixa aberta a posibilidade de que nos comunicarmos sexa posible a través do silencio. En segundo lugar, o saber popular apoia o feito de que manexar os silencios é unha forma lícita e socialmente admitida de expresión.

En terceiro lugar, achegámonos á realidade a través duns pequenos exemplos que ilustraron as palabras de Beatriz Méndez Guerrero a respecto da súa proposta de clasificación dos silencios, demostrando, ó mesmo tempo, que a xente os emprega e é quen de codificalos e descodificalos. Por último, vimos que esta unidade comunicativa tiña unha forte compoñente de idade, grupo sociocultural e, sobre todo, de xénero.

Por tanto, podemos concluír que falar trátase de coordinar habilmente produción de sons e silencios, ó que habería que engadir toda a xestualidade paraverbal, que non deixa de ter carga lingüística, pero sempre dentro dun marco de aceptación social que pode mudar dun grupo a outro.

6. BIBLIOGRAFÍA

- Armado Garrido, Miguel (2004): El valor del silencio en el proceso de mediación. On line <http://www.monografias.com/trabajos-pdf/silencio-mediacion-paz-proceso/silencio-mediacion-paz-proceso.pdf> [última consulta 01/05/2014]
- Dopazo Entenza, José Manuel (2013): *O patrimonio lingüístico e cultural da Illa de Ons: textos e estudo*. Memoria de licenciatura dirixida por Francisco Fernández Rei. Universidade de Santiago de Compostela (inédita)
- García Moutón, Pilar (2003): *Así hablan las mujeres*. La esfera de los libros (Madrid). Páx. 61-69
- Mateu Serra, Rosa (2001): *El lugar del silencio en el proceso de la comunicación*. Tese de doutoramento dirixida por Sebastià Serrano i Farrera. On line <http://dialnet.unirioja.es/servlet/tesis?codigo=7333> [última consulta 01/05/2014]
- Méndez Guerrero, Beatriz (2011): *¿Quien calla otorga? Funciones del silencio y su relación con la variable género*. Traballo final de máster dirixido pola doutora Laura Camargo Fernández. Universitat de les Illes Balears
- Méndez Guerrero, Beatriz (2012): “Callando se entiende la gente. Una primera aproximación significativa al silencio”. *Seminario de Jóvenes Investigadores de la Universitat de les Illes Balears*. Palma: Universitat de les Illes Balears
- Méndez Guerrero, Beatriz (2013a): “El silencio en la conversación española. Reflexiones teórico-metodológicas” en *Estudios interlingüísticos*, 1. Páx. 67-86. On line <http://www.slideshare.net/beamendez7/el-silencio-en-la-conversacion-espaola-reflexiones-tericometodologicas> [última consulta 01/05/2014]
- Méndez Guerrero, Beatriz (2013b): “Los actos silenciosos en el habla de las jóvenes españolas. Estudio sociolingüístico” en *Lingüística en la red*. Páx. 1-23. On line http://www.linred.es/articulos_pdf/LR_articulo_25112013b.pdf [última consulta 01/05/2014]
- Real Academia Galega (2011)= González, M. e Santamarina, A. (dir.): *Dicionario da Real Academia Galega*. On line <http://www.realacademiagalega.org/creditos> [última consulta 30/04/2014]



CRISTÓBAL COLÓN: DISQUISICIÓNS EN CANTO Á SÚA ORIXE E TRASLADO DOS SEUS RESTOS

Por : Lino J. Pazos Pérez

Mentres nós pelexabamos para darlle, ou non, razón ós que propugnaban que España era a patria do arriscado navegante que “descubriu” América (eu creo que o que fixo realmente foi unha viaxe a un país do que escoitara falar a outros mariños...), enguedellando de tal forma o novelo que finalmente a que saíu vencedora foi Xénova (ou polo menos así figura na maioría dos libros de historia) en prexuízo de tantas teorías, aínda que nunca fundamentadas (a excepción da achegada e documentada por La Riega), de boa parte das comunidades peninsulares, Portugal incluído.



FOTO 1 - Litografía de J. B. Álvarez. Peninsular 4, Madrid na obra “Cristobal Colón, descubridor de las Américas”, de M. Alfonso de Lamartine.

En 2006 preparei un artigo para o *Diario de Pontevedra* (creo que non chegou á rúa) que máis tarde modifiquei convenientemente, e que en 2009 se publicou na revista *Nodales* que cada ano ve a luz grazas ó empeño do Gremio de Mareantes de Pontevedra, no que precisamente debullaba as diferentes “ofertas” peninsulares onde cada cal asegura que alí naceu o egrexio nauta, aínda que nos gañan descaradamente a partida no país de Dante,

onde se contan ata doce lugares segundo podemos ler en *El misterio de Colón*, de Vicente Blasco Ibáñez, na revista *Colón Español*, Nº 0 de outubro de 1989.

Con maior ou menor fortuna en canto á súa documentación, pugnaban por facerse con tan recoñecido veciño varias poboacións, todas elas convencidas en maior ou menor grao, de que a súa tese era a verdadeira.

O Colón estremeño, descendente do rabino Paulo de Santa María, defendida polo señor Vicente Paredes Guillén é, xunto coa do ibicenco, proposto por Nito Verder, ou o catalán sostido polo peruano Luís Ulloa y Cisneros, algunhas das ofertas que tentan ser impugnadas por outras, con máis ou menos acerto, como é a teoría catalanista que o fai natural de Lleida, defendida con paixón comprendida por Juan Querol Calvís, de Tortosa, ou a que se basea no termo xeográfico de nome Génova, correspondente a un illote radicado no leito do río Ebro, aposta formulada por Enrique Bayerri; ou a mallorquina, de Felanix, que entendo que mantén Renato Llanas Niubó no seu libro *El enigma de Cristobal Colón*, publicado por edicións Marte, de Barcelona en 1964..., ou a enigmática proposta do inigualable Salvador de Madariaga na súa obra *Vida del Muy Magnífico Señor Don Cristóbal Colón*, que resolve a ecuación afirmando que se trata dun descendente de xudeus españois..., instalados en Xénova.

Tamén reclama a súa orixe o portugués Mascareñas Barreto, que o fai personaxe luso na figura de Salvador Fernández Zarco, que se presentaría ante os reis católicos como Cristovao Colombo (*Cristovao Colombo, agente secreto do rei Dom Juan II*), natural da vila de Cuba, no Alentexo, brandindo para iso as máis insospitables armas...



FOTO 2 - Actuais instalacións da Casa Museo de Colón, en Portosanto, Poio, berce do navegante

Como vemos, para o seu lugar de nacemento non se poñen de acordo os diferentes eruditos, pero para o do seu definitivo lugar de repouso, tampouco.

O navegante expirou, como de todos é sabido, en Valladolid, o 20 de maio de 1506 (se facemos caso ás crónicas, xa que moitos autores, entre os que se atopaban “el Padre Las Casas, Navarrete, Washington Irving, Prescott...”, apuntaban o día 21, segundo subscribe Juan Ignacio de Armas en 1882) sendo soterrado na igrexa de San Francisco desa poboación castelá, ata que é “remitido” ó mosteiro dos Cartuxos de Santa María de las Cuevas, de Sevilla en 1513, deixando ese santo lugar para dirixirse, xunto cos restos do seu fillo Diego, atravesando de novo o océano a bordo “del galeón *San Cristóbal*, acompañados por Doña María de Toledo y por uno de los cartujos de las Cuevas”, a Santo Domingo, onde descansaría na catedral uns cantos séculos.

Durante a travesía, o barco viuse envolto nun violento temporal que “puso a ambas urnas en peligro de sumergirse en el Océano, con todos los viajeros...”. Dese templo, “Colón tendría que ser mudado cuando los españoles perdimos la parte que nos correspondía de la isla, dividida entre Haití y Santo Domingo según acuerdos suscritos en la Paz de Basilea, firmada en 1795, partiendo en una fragata de la Armada española nombrada *Descubridor*”, segundo Constantino de Horta y Prado no seu libro *La verdadera cuna de Cristóbal Colón* (publicado en New York en 1911), rumbo á Illa de Cuba. “La urna conteniendo sus restos fue de nuevo enterrada en la cripta de la catedral, esta vez de la Habana...”.

E é aquí cando volvo a vista as nosas antigas posesións nas Antillas ó reler o *Diario de la Marina*, publicado na capital cubana na década dos anos setenta, do século XIX, que pon toda a operación do traslado dos restos de Colón “en solfa”, é dicir que segundo algunhas persoas de determinada autoridade de Santo Domingo, os restos que se levaron para a Habana ¡eran falsos!, “con el objeto de retener en aquella isla los verdaderos *residuos* de Cristóbal Colón, sustituyéndolos por otros en el lugar en que yacían aquellos a fin de que fuesen trasladados a la Habana los falsos en lugar de los verdaderos”.




FOTO 3 - Portada libro

Embuste político (trola política) ou acto de reivindicación dun tesouro *turístico*.

A verdade é que a prensa das dúas Antillas loitou durante boa parte do ano 1877, e sucesivos, desmentindo ou certificando unha ou outra versión.

En 1882 sae en defensa da teoría cubana “el erudito y correcto escritor D. Juan Ignacio de Armas”, que xa pugnara pola autenticidade do traslado nun artigo publicado en Caracas un tempo antes, titulado *Las cenizas de Colón, suplantadas en la Catedral de Santo Domingo* (en 1838 José Antonio Echevarría xa publicara na Habana un traballo titulado *Las cenizas de Colón*), e que agora volve a incidir niso, alegando que a discutida urna “desenterrada en la catedral de Santo Domingo el día 10 de septiembre de 1877, que se quiso hacer pasar por la del Descubridor del Nuevo Mundo, es la de su segundo nieto, Don Cristóbal Colón de Toledo (se encontraba enterrado al lado de la del primer nieto Luis colón)”, percorrendo un por un os pasos dados polos restos de Colón e os seus

parentes, irmáns, fillo Diego (tiña outro fillo doutra relación chamado Hernando) e netos...

Os intereses dalgúns prebostes de Santo Domingo incitan á prensa da illa para que faga presión sobre as autoridades co fin de que sexan devoltos os restos de Colón; entre eles destaca a solicitude presentada polo investigador e escritor José Gabriel García nas súas *Memorias para la historia Quisqueya* na que “se queja amargamente de la exhumación verificada en 1795 y la considera como un acto de injusticia hacia Santo Domingo”. Tamén sae en defensa de que retornen os restos do navegante ó lugar que ocupaban o xeneral dominicano Luperon que sostén que os restos volvan o antes posible...

De todas formas, o máis interesado en que os restos aparecidos durante as escavacións realizadas na catedral en 1877 é o Delegado Apostólico da Santa




FOTO 4 Selo conmemorativo do Descubrimiento editado en 1992 en Bulgaria

Sede, Monseñor Roque Cocchia, bispo de Oroppe (en 1882 Arcebispo de Sirace) que en connivencia co presbítero Bellini ordenan que se “busquen en el templo los verdaderos restos del Descubridor de América”.

O día 10 de setembro (1877) convidáranse ás autoridades para que “concurran al templo por la tarde porque tienen la casi seguridad de que van a descubrirse los verdaderos restos de Colón; y pide que se preparen las tropas, se carguen los cañones de las fortalezas y se hagan otros preparativos”, co obxecto

de festexar o fastoso suceso. Efectivamente, das entrañas da catedral xurde unha urna (completamente restaurada, apunta Juan Ignacio de Armas), que contén ósos e cinzas, que deseguida son levadas en procesión ante o altar maior.

A citada caixa “tenía tapa con bisagras a modo de cofre, pero sin cerradura, ni indicios de haberla tenido nunca... lo que es completamente imposible que de España hubiese venido a América la urna de Colón abierta...”.



FOTO 5 - Última representación de Cristóbal Colón, obra do pintor Camilo Camaño, que aparece na parte esquerda; a serigrafía, de considerable tamaño (co autor deste artigo ó pé) presidirá a entrada da Casa Museo de Colón, en Poio (foto realizada por Pedro Martín).

Parece ser que dentro da urna apareceron, ademais dos ósos e cinzas, unha bala de chumbo e dous parafusos; dado que os gonzos estaban todos no seu sitio, de onde saíron? As cinzas repartíronse, di o xornal, entre os presentes, “con certificaciones de escribano, visadas y refrendadas por Monseñor Cocchia con su sello arzobispal”; además se enviaron los residuos pulverizados a “Roma, Génova, Pavía, New York, Caracas y otros puntos”.

O cofre introduciríase nunha caixa de caoba “que quedó perfectamente sellada”, manifestando Monseñor Cocchia que “desde 1795 había en santo Domingo la tradición de que los restos de Colón no habían salido de la Isla”...

Como podemos ollar, o tema dá para outro par de séculos de disquisicións...

COLABORA:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

PINCELADAS DA HISTORIA DE ONS NO XVI E XVII

Por: Ramón Patiño Gómez
Arqueólogo e historiador

A Illa de Ons sempre foi un punto de encontro para todo tipo de embarcacións que comerciaban polas costas europeas. Ademais de estar situada na ruta de comunicación usual entre as monarquías de Europa e as súas colonias en África e nas Indias Orientais, posuía unha entidade propia con poboación asentada e con recursos.

As illas galegas, hoxe chamadas Illas Atlánticas, sempre foron punto de recalada para protexerse dos temporais, facer reparacións dos danos nos barcos que estes provocaban, proverse da auga doce para o servizo das tripulacións e, se era posible, conseguir víveres. Ao mesmo tempo foron utilizadas como bases para os ataques que tanto os piratas e os corsarios, ademais das Armadas navais dos países europeos, facían contra as costas galegas, a maioría das veces para aprovisionarse de provisións, como tamén para interromper a libre navegación Norte-Sur e Sur-Norte dos países que intentaban dominar o comercio marítimo cando estaban en guerra.

Os primeiros datos da presenza destes estranxeiros nas illas datan do século XII, cando piratas berberiscos, de Sale ou Alxer, e nalgúns casos do Reino de Granada, nazaríes, realizaban correrías en busca de presas e escravos. A súa presenza fixo que o famoso arcebispo Xelmírez contratara en Italia uns construtores de navíos para que en Iria Flavia fixeran unhas galeras e preparasen mariñeiría para combatelos. Deste momento, o ano 1120, recóllese a actuación de catro naves berberiscas que utilizando como base a illa de Ons atacaban as costas circundantes. A escuadra construída polo arcebispo conseguiu afundir tres deses navíos e espantar aos africanos.

Pero tamén a vida cotiá na illa xerou moitos litixios e reclamacións promovidos polos señores das illas, fidalgos que non residían nelas, pero que mediante permutas familiares se fixeran coa propiedade tendo aos seus moradores como aforados, suxeitos a unha renda. No período que abarca o século XVI e XVII os señores da illa foron diversos membros da familia Montenegro.

En 1520, o 23 de setembro, formalízase documentalmente a partición da illa de Ons entre Pedro Carnero, residente en Noia, e Payo Sorred de Sotomayor, á sazón cuñados. Tres anos despois, o 4 de xullo, atópanse moedas antigas, probablemente romanas, nalgún lugar da illa, o que non especifica a documentación, e encárganlle a Francisco Mejía que informe sobre os feitos e que faga unha valoración.

En 1554, o 28 de xuño, Bernardino Sarmiento de Montenegro, fillo de Payo, cede a súa lexítima, unha parte de Ons, ao seu irmán Antonio, ambos residentes en Redondela, a cambio dunha cantidade de ducados que necesita para poder ingresar na Orde de San Juan de Rodas, máis coñecida como a Orde de Malta, que por aquela época navegaban cos seus navíos por estas augas.

A partir dese momento Antonio Sarmiento de Montenegro intenta ser o único señor de Ons e así en 1562 consegue que o arcebispo de Santiago de Compostela Gaspar de Zúñiga y Avellaneda lle ceda unha pequena parte da illa que recibira en herdanza. A documentación ofrece o recoñecemento oficial da propiedade, o que lle permite nomear a Sarmiento dous escribáns, Gonzalo Pérez e Juan de Bamonde, para que atendan na illa os sucesos da mesma e controlen os *impostos*. Ao ano seguinte Pedro Carnero, que partira a propiedade da illa co seu avó, cede ao seu sobriño Antonio a parte que aínda conservaba en Ons.

A illa xa estaba habitada, cunha aldea permanente na zona este da mesma protexida dos temporais. A cría de gando, en liberdade, tanto vacún como equino era importante. Esta actividade complementábase coa pesqueira.

Así en 1580 o xuíz de Ons acolle unha denuncia de Antonio Sarmiento contra Juan Ramos e Antonio Díaz por roubo de gando. Catro anos despois o mesmo xuíz pide ao seu colega de Cangas que aprese a un ermitán desa vila por cazar furtivamente coellos na illa.

En 1585 dúas naves corsarias son esnaquizadas contra a costa oeste da illa por un temporal e os do lugar recollen todo o que poden do que chega a terra. Naqueles anos as actividades do curso nas illas Atlánticas era grande. Esta é a causante de que o señor de Ons denuncie a Bartolomé Díaz e Juan Ramón Díaz, residentes na illa e probablemente irmáns, por participar axudando á tripulación dun navío corsario francés a saquear a aldea e roubar gando.

A situación social fíxose complexa; era unha comunidade semi-illada con poucos recursos e as visitas dos tripulantes dos navíos estranxeiros promovían dalgunha forma actuacións contra os poderes fácticos que controlaban a súa existencia. Así en 1587 ábrese un proceso xudicial contra os irmáns Pedro, Gonzalo, Esteban e Domingo Fernández, veciños da illa, por agredir ao párroco da mesma Juan de Millara.

En 1596 volve a naufragar un navío estranxeiro e ábrese un preito porque Antonio Sarmiento reclamaba os restos, recollidos polos veciños do lugar, deste barco francés cuxo propietario, Beltrán de San Martín, reclamaba lle foran entregados dado que xa había paz entre Francia e España.

Nos albores do século XVII o xuíz de Ons abre dilixencias xudiciais contra Pedro de Dadín, residente na Lanzada, por levar gando equino á illa e cazar nela sen autorización. O mesmo sucede con outro personaxe, Juan Hesturanes, veciño do anterior, e con Juan do Outeiro, alias o Tuerto, polas mesmas causas.

En 1604, o 26 de xuño, ante o xuíz da illa Juan Marino Pardo solicítase a custodia das mercancías recollidas dun navío, chamado FRANCÉS, que naufragara na illa. Salváranse algúns dos seus tripulantes coas súas pertenzas, e aínda que aínda había paz con Francia, estes son arrestados, probablemente para aclarar se eran mercadores ou corsarios.

En 1605 o mesmo xuíz solicita ao seu colega de Portonovo que abra dilixencias contra Antonio Díaz, coñecido como o ermitán de San Fins, por levar á illa a pastar gando vacún e equino sen satisfacer ningún acordo co señor da illa.

Os anos pasan máis tranquilos, sen grandes sobresaltos, pero volven os berberiscos á zona. En 1617 atacaron a vila de Cangas, na que fixeron grandes estragos e capturaron máis de douscentos prisioneiros que converteron en escravos ata que mediante a intervención de parentes se conseguía pagar o seu rescate. En 1622 con dez navíos saquearon a costa dende Portonovo ao Grove e en 1625 chegaron ás proximidades de Pontevedra, desaparecendo máis de corenta persoas. No 1633 unha desta naves finaliza estrelada na costa da illa. Os superviventes, que chegaron a ser 36, foron capturados e vendidos como escravos. Cando se coñeceu a noticia do naufragio nos pobos ribeiráns, dende estes trasladáronse varias pinzas e chalupas con xente armada á captura de mouros. Nesta caza participaron setenta e nove persoas que meses despois reclamaban, ante as autoridades, a súa parte ou quiñón da venda, pero os mouros vendéronse con dificultade, pouco a pouco e por pouco valor.

Oito anos despois un empresario vasco, Francisco Zárraga Breogán (Barragán nalgúns textos), dedicado ao corso, solicitou da Monarquía española que se lle deixara sacar a artillería dunha nave turca, que así tamén se chamaban aos piratas musulmáns, que naufragara na illa e que se supoñía portaba canóns de bronce:

“Se lle permitira extraer e usar a artillería dun navío turco afundido”.

Con parte do recuperado Zárraga armou algúns dos seus barcos que tomaban presas nas costas galegas usando de base portos como Coruña e Vigo, non só para abastecerse senón tamén para vender os barcos apresados e as mercancías que portasen. Só cando a presa era moi importante remitíaa ao País Vasco arriscándose a que fora represada. Nun memorial escrito por este capitán corsario, no que solicitaba favores ao Rei, reconece que sufriu algunhas represas e algún que outro naufragio por causa dos temporais nas costas galegas.

A finais do XVII vólvense a producir varias denuncias contra veciños de Sanxenxo polo aproveitamento da illa de Ons como zona de pasto e coto de caza, sen pagar nada aos seus propietarios.

En datas posteriores repítense feitos como os citados, naufragios, denuncias por gando, pola caza furtiva e máis dunha actuación corsaria.

Todos os datos que sustentan este artigo están recollidos nos arquivos existentes en diferentes institucións, a maioría deles relacionados coa familia Sarmiento de Montenegro, marqueses de Mos que, primeiro con Payo Sorred de Sotomayor, logo cos seus fillos Antonio e Bernardino, e máis tarde co seu neto Payo, todos con residencia na vila de Redondela, foron señores da illa de Ons, tendo como aforados aos habitantes da illa, preferentemente dedicados á pesca, que eran autosuficientes, cunha estrutura social diferenciada das vilas costeiras circundantes, dalgunha forma illados pero relacionados cos procesos económicos e comerciais que desenvolvían as novas potencias europeas en contra da supremacía da monarquía española dos Austrias, en cuxos territorios “*non se poñía o Sol*”.

Fontes:

- Archivo General de Indias
- Archivo del Marquesado de Mos
- Archivo Histórico Provincial de Pontevedra

Bibliografía:

- Patiño Gómez, R. “Naufragios en las costas gallegas” RP. Vigo 2015.

VERTEBRADOS MECOS. III: MAMÍFEROS E RÉPTILES MARIÑOS DA CONTORNA DO MUNICIPIO DO GROVE

Por: Cosme Damián Romay^{1,3,4}, Pablo Coveló^{2,5}, Alfredo López^{2,5}, Gustavo Ferreiro³ e Encarna González³.

¹ Dpto. de Bioloxía Animal, Bioloxía Vexetal e Ecoloxía. Facultade de Ciencias da Universidade da Coruña. Cámpus da Zapateira, s/n. 15071 A Coruña.

² Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños. Camiño do Ceán 2 (O Ceán). 36350 Nigrán.

³ Colectivo Ecoloxista do Salnés. Apartado 100. 36980 O Grove.

⁴ E-mail: c.d.romay@udc.es

⁵ E-mail: cemmaorganización@gmail.com

Introdución

O presente traballo constitúe a terceira entrega da colección “Vertebrados mecos”. Nas dúas anteriores abordáronse os peixes continentais, anfíbios, réptiles e mamíferos terrestres do concello do Grove (A) e os peixes mariños da súa contorna mariña (B). O presente relatorio pretende actualizar e ampliar o coñecemento sobre os mamíferos e réptiles mariños, cos que se ven traballando desde hai anos na zona por parte dos autores e doutros investigadores (C, I, J, K, L, M, N).

Área de estudo e métodos

Considérase como área de estudo a contorna mariña do municipio do Grove (suroeste de Galicia). Os vértices da zona mariña asignable ao municipio meco sitúanse equidistantes cos litorais dos concellos de Ribeira, A Illa de Arousa, Cambados e Sanxenxo. Esta área abrangue 6,5 km² de contorna mariña, que se atopa parcialmente protexida (A). A efectos de estudo, considéranse as cuadrículas UTM de 1x1 km que posúen parte ou a totalidade da súa área na contorna marítima municipio do Grove, en total 100 (Figura 1), tal e como se avaliaron no traballo anterior sobre peixes mariños (B). Os datos proceden principalmente da base de datos da Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños (CEMMA), con datos puntuais do Colectivo Ecoloxista do Salnés (CES), do primeiro autor (CDRC) e bibliográficos (C, H, I, J, K, L, M, N), algúns deles ampliados polos autores das propias obras. Considéranse na Táboa 1 todas aquelas cuadrículas con ao menos unha cita (observación directa ou restos) dunha determinada especie de mamífero ou réptil mariño no período 1986-2015, inclusive.

Resultados e discusión

Para o período 1986-2015 rexistráronse 8 especies de cetáceos, 2 de pinnípedes e 3 réptiles mariños na contorna mariña do municipio do Grove. Cómpre lembrar que en Galicia hai rexistradas 22 especies de cetáceos (C, I, J, K, N), 4 de pinnípedes (L) e 5 de tartarugas mariñas (M). Para todas as especies citadas na contorna mariña meca hai datos de presenza en cuadrículas UTM de 1x1 km, cun total de 521 rexistros non repetitivos (Táboa 1). Destes datos, o 87,9% corresponden a datos da CEMMA e o 12,1% restante a datos inéditos de tres dos autores (CDRC, GFM e EGR) e bibliográficos. A distribución das 10 especies de mamíferos mariños foi en xeral restrinxida no contexto das 100 UTM da área de estudo, cunha media de 16,4±21,1 cuadrículas con datos por especie, e un rango de 1 a 69 cuadrículas. Para os réptiles mariños, a media foi de de 4,3±4,2 cuadrículas con rexistros por especie, cun rango de 1 a 9 cuadrículas. Agradécese o envío de rexistros para calquera cuadrícula UTM de 1x1 km sen datos para unha determinada especie, ou nomes tradicionais inéditos, aos enderezos e/ou correos electrónicos dos autores.

Agradecementos e dedicatoria

A Xosé Manuel Penas Patiño, pola súa amabilidade ampliando a información sobre os rexistros detallados na referencia C. A Isidro Mariño, patrón do “Chasula”, e á súa tripulación polo seu traballo e boa disposición. Aos voluntarios e voluntarias de CEMMA que dende 1990 participan na recolección de datos destas especies. Dedicar este artigo á memoria de Juan Carlos Cabrero Figueiro (1964-2014), excelente naturalista e estudoso dos mamíferos mariños.

Referencias bibliográficas

A. Romay, C. D.; Cabana, M.; Cabrero, J. C.; Ferreiro, G. & González, E. 2014. Vertebrados mecos. I: Peixes continentais, anfíbios, réptiles e mamíferos terrestres do municipio do Grove. *Aunios* 19: 43-48. B. Romay, C. D. & Padín, A. 2015. Vertebrados mecos. II: peixes mariños da contorna do municipio do Grove. *Aunios* 20: 58-61. C. Penas-Patiño, X. M. & Piñeiro, A. 1989. *Cetáceos, focas e tartarugas das costas ibéricas*. Consellería de Pesca da Xunta de Galicia, Santiago de Compostela. 379 pp. D. Barja, I. (ed.). Lista de los mamíferos de la Península Ibérica, islas Baleares e islas Canarias. En: Salvador, A. (ed.). *Enciclopedia virtual de los vertebrados españoles*. URL: <http://www.vertebradosibericos.org/mamiferos/listamamiferos.html> (con acceso: 25/1/2016). E. Purroy, F. J. & Varela, J. M. 2000. *Guía de los mamíferos de España*. Lynx Edicions-SEO/BirdLife, Madrid. 165 pp. F. Camiñas, J. A. 2004. Capítulo IV. Estatus y conservación de las Tortugas Marinas en España. En: Pleguezuelos, J. M.; Márquez, R. & Lizana, M. (ed.). *Atlas y Libro Rojo de los Anfíbios y Reptiles de España*. Pp. 345-380. Ministerio de Medio Ambiente/Asociación Herpetológica Española, Madrid. G. Ríos, M. C. 1983. Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. II. Mamíferos, aves y algas. *Verba*, anexo 19. Universidade

TÁBOA 1. Mamíferos e réptiles mariños rexistrados na zona de estudo (ver **Figura 1**) entre 1986 e 2015 inclusive. Para a taxonomía (nome do grupo e secuencia de especies) e nomes galegos (en grosa aquel recomendado) séguense as referencias **D, E e F**. Os nomes locais (en cursiva) foron recollidos polos autores no Grove, engadíndose algúns da referencia **G**. Para a sinopse dos rexistros empréganse estes códigos: primeiro, entre corchetes e en grosa danse as seguintes cifras: número de rexistros aportados pola CEMMA/número de rexistros totais; número de cuadrículas aportadas en exclusiva pola CEMMA/número de cuadrículas totais. Despois dos corchetes, relátanse as cuadrículas con rexistros de cada especie, cos seguintes formatos: número sen subliñar: rexistros bibliográficos (referencias **C, H, I, J, K, L, M, N**). Subliñado: rexistros ata agora inéditos. Cursiva: exemplares mortos. Paréntese: citas dentro da cuadrícula pero fóra da área de estudo. Entre comiñas: localidade sen precisar cuadrícula. Asterisco: nesta cuadrícula houbo rexistros de ao menos un animal vivo e un animal morto. A columna de Ameaza refírese ás figuras incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (CGEA, referencia **Ñ**) e no Catálogo Español de Especies Ameazadas (CEEA, referencia **O**).

Grupo	Nome científico	Nome(s) galego(s) / Nome local	Sinopse dos rexistros (ver explicación na lenda da táboa)	Ameaza
Cetáceos	<i>Balaenoptera acutorostrata</i>	Balea alibranca , balea de aletas brancas.	[1/2; 1/1]: 38, "O Grove".	Vulnerable (CEEA)
Cetáceos	<i>Ziphius cavirostris</i>	Cifio común , cifio de Cuvier.	[2/2; 2/2]: 47, 30.	
Cetáceos	<i>Tursiops truncatus</i>	Arroaz real , arroaz / <i>Arruás</i> , <i>arroás</i> .	[88/126; 31/69]: 1, 2, 3, 4, 5, 6, 9, 10*, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 19, 20, 33, 34, 38*, 39, 40, 41*, 42, 45, 46, 47, 52, 53, 54, 55, 56, 57, 58, 59, (60), 62, 63, 64, 65, 66, 67, 71, 72, 73, 74, 77, 80, 82, 83, 85, 86, 87, 89, 90, 91, 92, 93, 95, 96, 97, 98, 99, 100, 101, 103, 104, 105, 106, 107. [241/253; 20/32]: 1, 2, 3, 4, 7*, 9, 10, 13, 14, 16, 22, 24, 30, 31, 33, 34, 38, 39, 41, 42, 43, 47, 63, 94, 95, 96, 97, 98, 102, 103, 104, 105. [28/29; 13/13]: 10, 13, 14, 16, 19, 24, 33*, 37, 38, 39*, 42, 46, 47, "A Lanzada".	Vulnerable (CGEA, CEEA)
Cetáceos	<i>Delphinus delphis</i>	Golfiño común / <i>Corredora</i> , <i>touliña</i> .	[241/253; 20/32]: 1, 2, 3, 4, 7*, 9, 10, 13, 14, 16, 22, 24, 30, 31, 33, 34, 38, 39, 41, 42, 43, 47, 63, 94, 95, 96, 97, 98, 102, 103, 104, 105. [28/29; 13/13]: 10, 13, 14, 16, 19, 24, 33*, 37, 38, 39*, 42, 46, 47, "A Lanzada".	
Cetáceos	<i>Stenella coeruleoalba</i>	Golfiño riscado .	[28/29; 13/13]: 10, 13, 14, 16, 19, 24, 33*, 37, 38, 39*, 42, 46, 47, "A Lanzada".	
Cetáceos	<i>Globicephala melas</i>	Caldeirón común .	[9/9; 7/7]: 13, 30, 33, 34, 38, 39, 42.	
Cetáceos	<i>Grampus griseus</i>	Arroaz boto / <i>Boto</i> .	[15/20; 14/19]: 3, 13, 20, 22, 29, 33, 36, 37, 38, 39, 41, 42, 43, 47, 50, 55, 56, 57, 63. [45/49; 16/18]: 7, 13, 14, 30, 31, 33, 34, 38, 39, 40, 41*, 42, 43, 47, 50, (61), 62, (69), "A Lanzada", "A Toxa".	Vulnerable (CGEA, CEEA)
Cetáceos	<i>Phocoena phocoena</i>	Toniña / <i>Tuniña</i> .	[45/49; 16/18]: 7, 13, 14, 30, 31, 33, 34, 38, 39, 40, 41*, 42, 43, 47, 50, (61), 62, (69), "A Lanzada", "A Toxa".	
Pinnípedes	<i>Halichoerus grypus</i>	Lobo mariño cincento .	[2/2; 2/2]: 7, 42.	
Pinnípedes	<i>Cystophora cristata</i>	Lobo mariño de capelo .	[1/1; 1/1]: 34.	
Réptiles	<i>Caretta caretta</i>	Tartaruga mariña común .	[24/25; 8/9]: 7, 30, 33, 34, 38, 39*, 42*, 43, 47*.	Vulnerable (CEEA)
Réptiles	<i>Chelonia mydas</i>	Tartaruga verde .	[1/1; 1/1]: 52.	
Réptiles	<i>Dermochelys coriacea</i>	Tartaruga de coiro .	[5/6; 3/3]: 33, 42*, 47, "O Grove".	



FIGURA 2. Arroaces reais (*Tursiops truncatus*) na cuadrícula 55.
(c) Cosme D. Romay.



AS CAMPÁS DA ILLA DE ONS

Por: Estanislao Fernández de la Cigoña Núñez

Na illa de Ons hai dúas campás, aínda que agora non se escoita ningunha: a da capela do cemiterio e a da igrexa de San Xoaquín. A procedencia dunha e outra non pode ser máis dispar como teremos ocasión de ver. A máis pequena atópase na capela, que antes da construción da nova igrexa no barrio de Curro, actuaba como parroquial, mentres que a grande coroa a esvelta torre do templo de San Xoaquín. Ambas son de bronce e na actualidade carecen de uso e, polo tanto, de utilidade.

A CAPELA DO CEMITERIO E A SÚA CAMPÁ

A campá actual da capela do cemiterio non ten epigraña gravada que nos fale do seu fundidor e da súa posible orixe, pero sabemos por boca do doante, o investigador Lino Pazos Pérez, que a mercara nun despece de barcos en Vigo no ano 1982. Segundo lle explicaron no punto de venda, pertencera a un buque remolcador. Sería por tanto a campá que sinalaba os relevos das gardas na ponte de mando. A nós parécenos moi grande para tal cometido, pois a nosa experiencia dínos que as campás que se atopan nos buques son bastante máis cativas e inclinámonos máis por unha procedencia irregular, por non dicir ilícita, xa que non desbotamos que pertencera a algunha igrexa ou ermida. Tamén é certo que a ausencia da cruz, que xeralmente levan todas as campas de orixe relixioso, puidese ser un indicio do seu uso civil. O certo é que a capela do cemiterio sempre tivo unha campá, ata que un bo día desapareceu. E disto, xa hai bastantes décadas.

Ademais de chamar polos fregueses cando o cura párroco de Santa María de Beluso, do que depende eclesiasticamente a illa, se achegaba os domingos e festivos, cumpría tamén outra función non menos importante e que poderíamos considerar vital para a súa xente, pois, segundo conta Trigo Fontán (2012), con néboas intensas tras comprobar os veciños que non regresaran todas as embarcacións que saíran a pescar, achegábanse á pequena capela e repenicaban para que escoitánda os que navegaban despistados, puidesen orientarse e regresar con seguridade.

A familia Pazos-Pedrosa levada polo aprecio que lle profesa á illa e á súa xente, decidiu doala no mes de xuño de 1998. A campá colocouse ao mes seguinte no alto da espadana e tocou pola primeira vez durante a procesión das festas patronais. Íanlle pór na fachada da capela unha placa rememorando este feito (o da doazón), pero como soe acontecer un día por outro endexamais se fixo.



Foto 1 - Lino Pazos (á dereita) entregando a campá ao Vicepresidente Juan Reiriz, en presenza da Presidenta, da AA.VV. Illa de Ons en 1998 (Foto cedida por Tino Pardellas).

O pequeno campanario non ten acceso directo, polo que cómpre pór unha escaleira de man para poder acadar a espadana. A campá carece de xugo e pende directamente do eixe varón que atravesa a súa coroa. Na actualidade, unha fenda limita o seu tanxido, polo que, segundo o dicir popular: “está choca”.

Unha vez medida deu 35 cm de altura e 42 cm de diámetro. Esta última magnitude proporcionáanos un peso aproximado de 43 quilos, aplicando a consabida fórmula do diámetro en metros elevado ao cubo e multiplica por 579.





Foto 2 - E aquel ano, ao son das badaladas, a procesión saíu do cemiterio camiño da igrexa de San Xoaquín coas imaxes do patrón e da Virxe (a súa filla) en andas portadas polos veciños (Foto cedida por Lino Pazos).



<
Foto 3 - A capela do cemiterio de Ons presenta unha espadana sinxela da que pendura unha pequena campá doada pola familia Pazos-Pedrosa en 1998. O autor, no alto do campanario, acompaña-se por "Tucho" Amoedo que asoma por riba da campá (Foto cedida por Agustín Escola).



>
Foto 4 - Maltratada polo tempo e os homes, como se pode comprobar dunha ollada polos moitos golpes e rabuñaduras que amosa na súa superficie, a campá do cemiterio permanece silandeira (Foto: E. Fdz. de la Cigoña).

A CAMPÁ DA IGREXA

A illa, tras ser expropiada polo "Ramo de Guerra" en 1942 para ser convertida nun bastión inexpugnable, pasa en 1964, sen apenas ser tocada polos militares, ao Ministerio de Agricultura e máis concretamente a mans do IRYDA (Instituto de Reforma y Desarrollo Agrario) que axiña inicia a feitura das instalacións do Curro e da igrexa de San Xoaquín, que se erixiría no santo patrón de Ons.

Todas as edificacións que o IRYDA levou acabo en Ons nada tiñan que ver coa tipoloxía galega, xa que os proxectos xestionáranse en Madrid, onde residía o devandito organismo, e o único xenuíno da nosa terra que puxeron foi o cruceiro que se ergueu no lateral esquerdo da flamante igrexa.

No alto da súa lanzal torre, prolongada por unha espadana en forma dunha baleira cruz "tau", pendura unha soa campá, tamén vida de Madrid, pero xa explicamos que anteriormente, na vella capela do cemiterio do barrio de Canexol, había outra que un día desaparecera misteriosamente. Polo tanto na illa de Ons estaban afectos a escoitar con certa frecuencia o tanxido do bronce.



Foto 5 - A igrexa de San Xoaquín presenta un campanario en forma de torre pola parte traseira ao que se accede mediante unha escaleira de 70 chanzos. A campá pendura directamente do arco dunha estraña espadana en forma de cruz tau baleirada (Foto: E. Fdz. de la Cigoña).

A campá da igrexa tampouco ten o xugo de madeira que normalmente sobresaie por riba da coroa de bronce, pois perdeuno co paso dos anos, como tamén perdera a estrutura de ferro da que penduraba antes de que a ancorasen definitivamente ao formigón da torre. No corpo do vaso, en letras grandes, lese: "AÑO 1966" e por debaixo aparece o sinete en forma de óvalo anunciando ao seu fundidor, neste caso fundidora, e o lugar no que se achaba o obradoiro. A campá ten un diámetro de 65 cm, o que nos proporciona un peso aproximado de 159 kg.

COLABORA
ACTIVIDADES:

Concello de
BUEU



O sinete percíbese moi mal, pois o bronce, alixe de cobre co estaño, aínda que resiste moito mellor co ferro as inclemencias do tempo, tamén vese atacado polos ventos salobres que afectando o escaso relevo das letras, acaban por borrar a inscrición case completamente. Precisamos pór unha escaleira de man enriba da torre para conseguir acadar o nivel da campá e poder deste xeito ler algunhas palabras soltas que, sen embargo, serían suficientes para reconstruílo por enteiro. As únicas que conseguimos interpretar con algunha seguridade mentres mantiñamos un precario equilibrio loitando contra o vento, foron: “VIUDA... PROVEEDOR... CARABANCHEL”, pero tampouco precisabamos de moito máis para completar con exactitude un texto que está a piques de se perder para sempre:

“FUNDICIÓN
DE
VIUDA DE CONSTANTINO LINARES
PROVEEDOR DE LA REAL CASA
MADRID CARABANCHEL BAJO”




Foto 6 - A campá da igrexa de San Xoaquín pendura directamente do arco mediante un grillón. No corpo destaca “AÑO 1966”, que lese dunha simple ollada, e por debaixo, aparece o sinete que formando un óvalo recolle o nome da fundición e a súa procedencia (Foto: E. Fdz. de la Cigoña).




Foto 7 - O sinete en forma de óvalo recolle o nome da empresa fundidora: “VDA. DE CONSTANTINO LINARES” e a súa localización: “MADRID, CARABANCHEL BAJO”, aínda que a epigrafía vese moi desgastada pola erosión (Foto: E. Fdz. de la Cigoña).

A SAGA DOS LINARES

A fundición que fixera a campá de Ons tamén colocou algunhas campás por Galicia e nós sabemos dela por esa circunstancia. **Constantino Linares** tivo a súa primeira fundición en Covarrubias (Burgos) trasladando despois o taller a Carabanchel Bajo (Madrid). Procedía do concello de Bareyo, na rexión de Cantabria, berce dos mellores fundidores españois de campás que logo se espallaron por case toda España. Comezou a traballar de mozo co seu pai e por aquel entón firmaban as campás como “**Eduardo Linares e Hijo**”, pero a partir de 1911 e ata 1940 faise cargo da empresa, aparecendo as campás gravadas tan só por el. Trala Guerra Civil deixa a fundición en mans dos seus fillos: “**Hijos de Constantino Linares**”, que desvirtúan a fama do pai ao fabricar tamén campás en ferro fundido. Antes da súa definitiva desaparición, a “**Viuda de Constantino Linares**” retoma as rendas do taller, sendo a campá da illa de Ons a única firmada por ela que coñecemos en Galicia e probablemente das últimas que a nivel de toda España se fundiron no obradoiro madrileño de Carabanchel Bajo.

Foi durante o xerencia Eduardo Linares cando o seu obradoiro acadou o privilexio de ser considerado “Proveedor de la Real Casa”. Os Linares, como outras sagas de campaneiros, tiñan unha longa tradición de séculos, pois dedicábanse á fundición dende o ano 1650. A feitura puntual de campás de ferro, como as feitas para Peitieiros (Gondomar) polos fillos non desvirtuou o prestixio da firma, xa que as de bronce, as tradicionais, as de sempre, seguían destacando pola súa coidada presentación e excelente calidade.

De Constantino Linares coñecemos sete campás espalladas por diversos puntos da provincia de Pontevedra, todas en bronce:

Grande da igrexa parroquial de Vilasobroso (Mondariz). Ano 1919.
Igrexa de San Francisco de Tui. Ano 1919.
Grande da igrexa parroquial de Ribadelouro (Tui). Ano 1921.
Capela do cemiterio de Morgadáns (Gondomar). Ano 1929.
Grande da igrexa parroquial da Piteira (O Carballiño). Ano 1930.
Capela do cemiterio de Mañufe (Gondomar). Ano 1931.
Grande da igrexa de Valeixe (A Cañiza). Ano 1950.

E de “Hijos de Constantino Linares” catro campás máis: dúas en bronce e outras dúas en ferro:
Capela de Liñares (A Xesta, A Lama). Ano 1940.
Grande da igrexa parroquial de Valeixe (A Cañiza). Ano 1950.
Mediana da igrexa parroquial de Peitieiros (Gondomar), en ferro. Ano 1946.
Grande da igrexa parroquial de Peitieiros (Gondomar), en ferro. Ano 1959.

Da viúva de Constantino Linares tan só atopamos, polo de agora, a da igrexa de San Xoaquín da illa de Ons.



Foto 8 - Vista “aérea” dende o alto da torre da igrexa de San Xoaquín dende a que se contempla unha boa parte da illa de Ons (Foto: E. Fdz. de la Cigoña).


AGRADECEMENTOS

Contamos para ver as campás coa axuda de Agustín Escola e de Julio Alberto Amoedo “Tucho”, ambos traballadores do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia na illa de Ons, que ademais de me acompañar transportaron as escaleiras de man que precisabamos para podelas observar con precisión. Con eles subín á espadana da capela do cemiterio, así como ao máis alto da torre da igrexa de San Xoaquín. Para eles a miña lembranza.

Ons, 2 de xullo de 2015

BIBLIOGRAFÍA CITADA NO TEXTO

- * Fernández de la Cigoña Núñez, E. 1989. *Illas de Ons e Sálvora: historia natural e humana*. Edita: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía. 232 páxinas. Vigo.
- * Fernández de la Cigoña Núñez, E. 1991. *Cies y Ons: la ruta de las islas*. Edita: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía. 199 páxinas. Vigo.
- * Trigo Fontán, F. 2012. A illa de Ons. Os sinais de aviso. *Aunios*, 17: 24-28.



MÚSICOS MECOS

Por: José Taboada García

Aló polos anos sesenta s.XX, algo cambiara no noso país. Era a época da Guerra Fría entre as dúas grandes potencias, a capitalista dos EE.UU. e a comunista de URSS.

A melloría empezou a notarse grazas a emigración a Europa: Francia, Suiza, Alemania,..., aos mariños enrolados na mercante, en barcos estranxeiros, traballadores de plataformas... Todo isto, xunto coas empresas que se montaron, fixo que se movesen moito os cartos, unha das mellores medicinas para saír dunha crise.



Abel co seu famoso acordeón, Amalita á guitarra e compañía.

Polas estradas circulaba o mítico 600, do que había dúas lendas: para quen o tiña, - O mellor coche do mundo. E para quen non podía telo, - O que non pode ter coche, ten un 600.

Nas escolas, os mestres repartían queixo, que viña en latas de cinco quilos, con letras en inglés. Repartían tamén leite en po, a uns cativos que nunca viran semellante cousa. Estes produtos mandábanos os americanos. Eu coido que foron os que lles sobraron ás tropas na guerra de Corea. E antes de tiralos, reciclalos.

Quen nunca deixou a terra foi Pedro, home pequeno, regordecho e lingoreteiro, casado con María que rexentaba unha tenda na que vendía aceite, viño, café, azucre, pan,..., e que tamén era bar.

Pedro ganábase a vida tocando o acordeón nunha afamada orquestra de Pontevedra.

O Grove foi sempre terra de músicos, como Abel co seu acordeón, que viña sendo o Diosiño de O Grove; Pepe Vila, o zapateiro, que arraxaba zapatos e daba clases de guitarra; Tonio, o barbeiro,... Formáronse grupos a semellanza dos BEATLES, como os Beyer Boys e moitos máis.

As orquestras, polas festas patronais, ían actuar ás aldeas. Chegaban xa de mañá, e despois da misa solemne e da botada de fogos e bombas de palenque, os músicos agasallaban aos alí presentes coa sesión vermú, dúas ou tres pezas de música que moitos aproveitaban para bailar.

Tamén actuaban nas salas de festa, coñecidas popularmente como bailes. Eran case todas semellantes, plataforma rectangular, piso de madeira e, pegados ás paredes, os bancos. Houbo moitas salas de renome como O Marino no Grove, outras tiñan alcumes, en Tui "O Secadoiro", chamado así porque entrabas todo mollado e coa calor que facía dentro, ao pouco tempo, xa estabas seco; en Marín "O Coladeiro" porque era doado entrar sen ter que pasar polo despacho de billetes.

As mulleres adoitaban poñerse polos lados e os homes achegábanse a elas e sacábanas a bailar.

Ao día seguinte da actuación, Pedro, sempre traía historias para contar:

- Eu cando vou comer a unha casa, miro para a porta e segundo sexa a porta, xa sei como vou comer.

O sábado tocamos en Avión, e mira que había mozas guapas! Alí estaba o mexicano, cun cochazo americano novo do trinque, automático, cristais eléctricos, asentos de pel,... El ía vestido de chaqueta e pantalón branco, zapatos da mesma cor, camisa negra de colo ancho botado enriba da chaqueta, en plan macarra, e "lambido da toura" – dito popular do pelo peiteado con moita brillantina. Reloxo e pulseira de ouro e no pescozo unha cadea cun Cristo do mesmo metal. Púñase no medio do baile, sinalaba a unha moza e ela achegábase e bailaba con el. E, ata que o mexicano bailase, todas dicían que non.

No verán foron actuar ás festas de Vigo. Xa pasaran catro días e aínda non volvera a casa. Alporizada, María, a muller, foino buscar acompañada do seu irmán máis o cuñado. Dar con el non foi tarefa difícil, xa que o home é animal de costumes. Eran sobre as catro e media da tarde cando aparece a muller e os acompañantes na porta do bar <Columns> da Ferrería, o barrio máis amoroso de Vigo. El atopábase no fondo tocando o acordeón.

Este barrio tiña dous ambientes, o da noite que era cando había moita clientela, e o das primeiras horas da tarde que eran case como bares normais, porque case non había traballadoras do amor.

Un dos que ía sempre a tomar café era o Sr. Luís, un vello que fora funcionario do concello de Vigo e falaba con elas e con Pedro...

A canción que estaba interpretando era o pasodobre “Julio Romero de Torres, pintó a la mujer morena”. Pedro, sen soltar o acordeón e sen perder a compostura, saíu de cu para non darlle as costas ao público e seguía tocando. O que si cambiou foi a melodía que pasou do pasodobre ao tango de Gardel: “Adios muchachos compañeros de mi vida”

Xa no taxi, de volta a casa, empezou a cantar “Echame a mi la culpa de lo...”

- A culpa tela toda – Díxolle a muller.

Cando viñan por Arcade, xa camiño de O Grove, cantou de novo, pero esta vez: “Ay, pobre de mi”

- Pobre de ti, cando chegues a casa!

O castigo que lle puxo a muller foi traballar na tenda. A primeira clienta foi unha nena duns sete anos.

- Ten ovos – Díxolle a rapaza.

- María!!!

- Que queres? – Respondeulle ela que estaba na cociña.

- Esta rapaza preguntame se teño ovos.

- Cantos queres bonita? – Díxolle ela.

A outra que viñera déralle sal por azucre.

- María, cal é a pesa de medio quilo? Canto é un cuarteirón de café? Canto pemento lle dou por unha peseta? ...

Isto, xunto coa cantidade de viño que bebía, fixo que á muller non lle quedara máis remedio que sacalo da tenda, pois estragaba máis do que rendía.

Pasara xa máis dun mes e na Ferrería non volveran a ter noticias de Pedro. Luís ese día estaba tomando café, como facía sempre, achegóuselle a unha das traballadoras e preguntoulle se sabía algo do


acordeón, ao que ela respondeu que non.

- Moito o botamos de menos Sr. Luís, sen el, as tardes son tan tristes!

- Claro, co ben que tocaba!

Foi a primeira vez que cantou Luís:

“Desde que tú te fuiste
llora de pena
la Ferrería entera”



No Grove tamén era burlón. Nos bares gustáballe gastarlle bromas aos taberneiros, ás camareiras cachondas, aos turistas e aos moitos veciños que non tiñan ganas de aturalo.

Un día pola mañá foi á taberna da Cruz. Como sede non tiña e con quen meterse tampouco, empredeuna co taberneiro “O Cometas”, home xa de medio século, de pel curtida e engurrada pola súa estancia na pesca, na mariña, na mercante,...

- Que queres? – Díxolle O Cometas

- Tes cravos?

- Cravos, este é un bar non unha ferraxaría.

- Se esta é a taberna da Crus, deberías telos! Terás logu un Cristo?

- Un Cristo xa o matou a semana pasada o teu veciño e marchou cun ollo inchado.

- Ben, non te poñas bravo que veño en son de paz.

- Ponme algo da Crus para beber.

- Queres un INRI?

- Iso que é?

- Un cóctel para homes

- Pois ponmo!

Colleu o taberneiro un chile de México, machucouno nun vaso, botoulle tabasco, pemento picante, azucre, augardente de herbas e un cacho de limón, remexeuno todo cunha culler de rabo longo e púxollo.

Botoulle un grolo e empezoulle a ferver a boca coma se tivera lume nela.

- Ti quéresme matar ou que? – falando adoecido.
- Xa che dixen que era bebida para homes.
- Dáme algo para este ardor!
- Bótalle outro trago! Non sei porque te queixas, onte un xaponés tomou dous e non dixo nada.

Volveu a beber e aínda peor, estaba tan adoecido que semellaba botar fume polas orellas.

- Que fago agora?
- Vaite ao bar das nenas e pídelles auga de rosas. – Bar nomeado así porque tiña dúas camareiras de bo ver.

E alá foi. Nada máis entrar

- Rosa, que guapa estás hoxe!
- Si, pero non para ti
- Non hai rosa sen espiñas – dixo rosmando polo baixo.
- Que che poño?
- Auga de rosas!
- Queres auga de rosas?

Púxolle auga do floreiro, que rosas si tiña, aínda que pedían xa o cambio. Bebeuna e dixo:

- Pois sentoume ben, baixoume o lume que tiña na boca.

Ao día seguinte levantárase cedo e como nos bares había aínda pouca xente, entrou no concello e foi dereito á asistente social:

- Bos días
- Ola – Díxolle ela
- Que queres?
- Quería saber se tendes escola de adúlteros.
- Temos escola de adultos.
- Adulto xa son. O que quero eu é escola de adúlteros.
- Escola de adúlteros – dixo ela ao mesmo tempo que botaba unha gargallada. Levo aquí traballando dez anos e nunca oín unha cousa tan graciosa.

Pero para que queres ti escola de adúlteros se xa es – rematou de dicirlle ela.

- Si pero quero ser adúltero titulado.
- Penso que hai unha no Vaticano – díxolle ela para sacalo de encima.
- Pois vaime ben, porque o mes que ven imos tocar ao

Centro Galego de Roma e achégome alí.

- Si, pero é para adúlteros arrepentidos.
- Retranca tes!
- Pois mira que ti!

Logo foi á consulta de D. Jacobo, o médico.

- Que che pasa? – preguntoulle o doutor.
- Pasar pasar, pásanme poucas cousas. Eu quero un xarope para vivir moito.
- Fumando, bebendo e trasnoitando como ti, vas bo!
- Ben, pois póñame logo un marcapasos nuclear, que os rusos din que funciona.

O médico xa estivo a punto de mandalo a Siberia pero cambiou de opinión e mandouno a China.

- En Pekín poden poñercho.
- Haberá que ir alá.
- Tenche efectos secundarios.
- As radiacións?
- Non, pesa dous mil quilos.




Os Firrás capitaneados por Tonio o Barbeiro e a súa bandurra (Tolaina, como el lle chamaba), nunha comparsa de Entroido.

Ao rematar este artigo atopábame en Casa Pepe, onde estaban tamén Folgada co seu acordeón e Caneda coa súa guitarra, agasallando aos alí presentes, nativos e visitantes, cun gran repertorio de música de sempre. Mentres mollaban as gorxas co tinto de Barrantes. Mentres enfronte, no Habanero, Jacobo celebraba cun sorriso o segundo gol do Celta.

COLABORA:



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



APUNTAMENTOS DA ILLA DE ONS E A FALANXE

Por: Arturo Sánchez Cidrás

Co inicio da Guerra Civil incrementase o control da subministración dos produtos de primeira necesidade en todo o territorio español.

No que atinxe á poboación da provincia de Pontevedra, ao igual que o resto das zonas baixo dominio franquista, este control é coordinado ao máis alto nivel pola Xunta de Abastos. Entre as fins deste organismo estaban o realizar previsións de necesidades, e de ser preciso, conseguir unha correcta redistribución das axudas así como evitar abusos nos prezos dos produtos. Esforzos que, a pesar da exemplaridade nos castigos e multas, non acadaron todos os obxectivos propostos.

Se difíciles foron os anos de contenda as verdadeiras dificultades comezaron sobre todo ao finalizar esta e ter que reconstruírse un país coas súas fontes produtivas devastadas, cun illamento do exterior, cun conflito bélico globalizado e cun longo etcétera de causas políticas e económicas que fan que as penurias se ceben na poboación. Miseria que se palpa máis no rural, na costa, nas pequenas vilas e, como caso extremo, nas zonas illadas.

Para facer fronte a esta crecente demanda de axuda aparecen diversas organizacións benéficas propiciadas pola igrexa, particulares e, sobre todo, polo propio Estado ou organizacións afíns ao mesmo.

Quizais a que máis influencia tivo, e durante máis tempo, foi a coñecida como Auxilio Social que chegou a aglutinar a todas as institucións asistenciais.

O Auxilio Social incorporouse oficialmente á Falanxe no I Congreso Nacional da Sección Feminina en xaneiro de 1937. Favorecida polos cambios que aportaron distintas Leis e Decretos ao longo do 1938 que lle permitiron soporte legal, estabilidade económica, control de subvencións, etc. e que a colocan, sobre todo a partires de maio de 1940, como a máis relevante institución benéfico-social do réxime.

Polo que non é de estrañar que xa a partires de 1938 se incremente o lanzamento de novas “misións” onde axudar aos máis pobres mestúrase coa propaganda e adoutramento nos principios do nacional-sindicalismo.

Estas son as premisas que serven de introdución para entender o anecdótico, pero interesante pola súa utilización política así como de indicación de miseria extrema, dun período doloroso no noso país e no concreto na Illa de Ons.

De forma case que telegráfica, sen abondar moito na explicación, pois son apuntamentos moi claros e esclarecedores en si mesmos que dan testemuña dunha época que aínda segue na memoria duns poucos e que ninguén debería esquecer:

O 25 de marzo do 1938 foi nomeado Xefe Local de Falanxe na illa de Ons, Juan Luís Aguirre Pallarés, de 33 anos, de profesión Torreiro de Faros con destino no da Illa de Ons, onde vivía coa súa esposa, dous fillos e unha serventa.



JEFATURA PROVINCIAL DE FALANGE ESPAÑOLA TRADICIONALISTA Y DE LAS J. O. N. S.

NOMBRAMIENTOS

En virtud de las atribuciones que me confieren los Estatutos de nuestra Organización, vengo en nombrar Jefe Local de Falange Española Tradicionalista y de las J. O. N. S., de Isla de Ons, al camarada:

JUAN LUIS AGUIRRE

Por Dios, España y su Revolución Nacional-Sindicalista.
Vigo, 25 de marzo de 1938. II Año Triunfal.
El Jefe Provincial, *Jesús Suevos*.



Hemicar, S.L.

**Pintura al horno
Bancada de Carrocería**



TALLERES

HEMICAR, S.L.

CHAPA - PINTURA - MECÁNICA

Avda. Médico Ballina, 5
LÉREZ -PONTEVEDRA

Teléf.: 986 870 045
Móvil: 689 300 438
Particular: 986 852 525

Na penúltima semana do mes de maio do 1938 celebrouse en Pontevedra o Congreso provincial da Sección Feminina de Falanxe Española Tradicionalista. Na clausura do mesmo, e ante ás autoridades civís e militares o Xefe Provincial pediulles cooperación “para a obra que se propón levar a cabo a Sección Feminina, de instalar na illa de Ons un campamento para combater a miseria na que aquela illa que case abandonada, viven co atraso e a desidia. Irán as nosas mulleres –dixo- a levar amor e dozura co pan branco para que en vez de odiarnos vaian aprendendo a amar.”

O 6 de xullo de 1938 na clausura en Vigo da Exposición do “Documento Nacional” o xefe provincial do Consello Nacional de Falanxe, Jesús Suevos, deu o discurso titulado “Lección y orden de la Guerra y la Revolución de España”. Case ao final da peroración e falando dos pobres dixo: “...lembrar nestes momentos a estampa terrible dos que habitan na illa de Ons non fai apenas unhas horas visitada pola Falanxe –e que entren pola porta grande a España que levamos no corazón...”

A finais de xullo do 1938, Ons segue a ser branco das miradas de axuda e propaganda pero esta vez dos membros da Central Nacional Sindicalista. Polo que temos que o día 20 o xefe provincial sindical, Díaz Obregón con outros membros da mesma acoden a Ons para facer entrega “dalgúns útiles para a pesca, que eran moi necesarios ás pobres xentes que alí viven”. Din que dado o estado no que se encontran aos habitantes da illa será “probablemente corrixido polas institucións do novo Estado, e a tan humanitaria finalidade oriéntanse algúns traballos que se traducirán en cordiais realidades...”

No novembro do 1938 os mestres tiñan que comunicar por escrito ao Presidente do Consello Local de 1ª Ensinanza do concello que fora “lída a lección dedicada A José Antonio Primo de Rivera para explicar a súa vida e a súa obra”. Todos os mestres do municipio reportaron o correspondente oficio confirmando a lectura na escola ao seu cargo da lección “Vida e obra de José Antonio Primo de Rivera”. Na Illa de Ons o mestre Elías Regueira Alonso o fixo con dilixencia pois estaba neses momentos “cuestionado” ante a alcaldía por algúns “colonos”.

A finais do mes de marzo de 1939, e a pesar das penurias dos habitantes de Ons, atopámonos coa noticia de que en Burgos recibíuse, dentro da subscripción “Pro poboacións liberadas” a cantidade de 165,25 pesetas entregadas polos modestos habitantes da illa de Ons (Pontevedra) e todo baixo o título “Simpático donativo dos habitantes de Ons”

En contraposición ao anterior achamos unha carta do Xefe Local da Falanxe en Ons, Juan L. Aguirre, dirixida o 24 de xullo deste mesmo ano, ao Alcalde de Bueu na que lle remite unha relación de veciños e habitantes da illa relacionada co “subministro de víveres que se fai urxente, fágase o antes posibel, dada a grande falta de pan que se deixa sentir, pois a maioría esgotaron todos os recursos e coméronse xa os centeos recentemente collidos”.


Días despois, o 31 de xullo, volve a escribirlle unha carta ao alcalde indicándolle a forma de reparto, modificacións na relación de habitantes e outras peticións:

“Recibidos os dous sacos de fariña, fíxose o reparto da mesma entre os veciños da Illa, por medio de vales e correspondendo por individuo a cantidade de medio quilo; sobrando unha pequena cantidade de catro quilos a cal unirase ao próximo reparto.

Por non dispor de medios esta primeira partida foi repartida na tenda. As sucesivas partidas repartíranse no local da Falanxe; para o cal xa temos todo disposto, sempre que vostede non ordene outra cousa.

Na relación que se lle mandou deixouse de poñer por esquecemento a casa de Manuel... (aquí cita incidencias de tres unidades familiares); sendo polo tanto o resumo o seguinte: Cabezas de familia 61 e número total de habitantes 392.

E V. comprenderá que a cantidade de fariña repartida é insuficiente. Se non é posibel mandar partida maiores; entón faise indispensable tres destas partidas por semana para poder abastecer de pan esta Illa. Os veciños desta Illa pídenme comunique a V. que se da mesma forma poderían abastecerse de aceite nesta localidade, mediante o envío de bidóns que aquí repartiríanse na forma que V. indicase e co cal evitaríase os prexuízos que lles ocasiona o ter que presentarse nesa (ante o grande favor que V. lles fai de abastecelos de aceite) a maioría das veces nas súas ‘dornas’ por non poder transportalos Agustín polo pequeno bote que hoxe emprega.”



Con data de catro de novembro de 1940 o alcalde envía a todas as escolas una notificación B.L.M (“Besa la mano”) para que os mestres solicitaran aos seus alumnos e aos seus “maiores” conseguiran chatarra dentro dun plan de “traballar en pro de útiles para a Patria”. En Ons, dada a precariedade de medios e ao illamento, esta campaña non tivo ningunha repercusión práctica¹.

O dous de xaneiro de 1946 unha numerosa comisión de pescadores da illa de Ons acompañados do xefe local do Movemento na illa visitaron ao Gobernador civil de Pontevedra, Luís Ponce de León.

“O obxecto da visita foi o de expresar todo o agradecemento dos veciños da Illa cara o señor gobernador, polo decidido apoio e as numerosas axudas prestadas por este en favor dos mesmos.

Visitan al Excmo. Sr. Gobernador civil los pescadores de la Isla de Ons
Expresaron su adhesión al Caudillo de España y al Movimiento

Ao mesmo tempo fixeron constar todo o agradecemento e fe que teñen posto os humildes pescadores daquela Illa no Xefe do Estado e do Movemento, que cunha acertada política de realidades van mellorando as condicións de vida de todos os españois, e especialmente no que respecta á situación dos habitantes da illa.”

E, “como en anos anteriores, e a continuación, o señor gobernador civil procedeu a facer entrega do aguinaldo extraordinario.”

E o gobernador escribílle un telegrama ao secretario de Franco co seguinte texto: “Numerosa comisión humildes pescadores Illa de Ons esta provincia, que viven illados gañando duramente en loita co mar pobre sustento, visitanme día hoxe para expresar por meu conduto Caudillo inmensa gratitude por atención socorro constante prestado este Gobierno cumprimento consignas Franco, contrastando co abandono en que viñeron ata chegada glorioso Movemento...”



Para estímulo dos Correspondentes da Obra Sindical “Previsión Social” a Orde de Servizos número 64 establecía recompensas a dúas persoas en cada mes do ano. Os premios eran outorgados pola Xefatura Nacional, a proposta do Xefe provincial, para os que este consideraba que o mereceran.

Constatamos que no mes de maio de 1946 foi premiado o “Correspondente Local da Illa de Ons o camarada José Martínez Sidrach-Cardona”.

Uns anos despois, 1949-1950, Ons vai caendo no esquecemento para as institución de Beneficencia e Axuda. Así pódese constatar que nas relacións² de Familias Pobres do concello de Bueu ás que se lle adxudican vales de Nadal para artigos de alimentación non aparecen ningunha da illa de Ons.

Bibliografía:

- Agro: Portavoz das Irmandades de labregos e gandeiros da provincia: 01 de decembro de 1946 páx. 4
- Arquivo Xeral da Administración, Secretaría Xeral do Movemento, Delegación Nacional de Provincias, Caixa 98
- Arquivo Municipal de Bueu. Carpeta nº 166, 167, 1135-003, 1345 e 1346
- El Compostelano : 21 de decembro de 1945 páx. 2
- El Diario de Pontevedra: 24 de maio de 1938 páx. 2 e 20 de xullo de 1938 páx. 2
- El Pueblo Gallego: 6 de xullo de 1938 páx. 4; 26 de marzo de 1938 páx. 2; 31 de outubro de 1938 páx. 2; 6 de novembro de 1938 páx. 5; 28 de marzo de 1939 páx. 3; 3 de xaneiro de 1946 páx. 1
- Galicia Nueva: 25 de agosto de 1936
- González Leirós, Xoán; “Expansión de la miseria y auxilios de falange. Pontevedra, 1939-1945” en “Espacio, Tiempo y Forma”, Serie V, Historia Contemporánea. 14, 2001, páxs. 381-418
- Sánchez Blanco, Laura; “Auxilio social y la educación de los pobres: del franquismo a la Democracia” Foro de Educación, N.º. 10, 2008 páxs. 133-166

¹ Non así na escola de Beluso, dirixida polo mestre Antonio José Iglesias López, que conseguiu unha aportación “superior a cen quilogramos” de chatarra.

² No 1949 recádanse de donativos, sen contar a axuda gubernativa, 3102,50 pesetas e se reparten 272 vales e no 1950, 2256 pesetas a repartir en 139 vales.



IGREXA DE MEIS

Por: Xosé Martínez Pontevedra

A todo fillo de mariñeiro, dende ben pequeno, apréndenlle onde estan os faros que lle han valer de guía nos vieiros do mar.

Serán eses altos fachos os que se encargarán de orientar a nao, cando a luz do sol dea paso á perigosa beleza da noite e esas fermosas ondas das que todos gozamos dende a area, se convirtan en agarimosas mans de serea aferrando, xunto cos seus cantos, os corpos dos mariñeiros.

Mais tamén fan falla outros sinais cando se mira cara a terra, non sendo o mar o camiño que se emprega para andar. Nese caso, precísanse doutros altos cumes que tamén informen de por onde andamos, que se ergan maxestuosos no medio das ondas dos montes e emitan, dun xeito inequívoco, un sinal que nos dea suficiente información para nos mover. Así, cando damos as costas ao mar, serán os campanarios das nosas igrexas os que faran de guía.

Se no caso do mar, as lanternas acompañan ao faro para dar sinais de achegamento, na terra serán os cruceiros os responsables de tal encargo.

Eu sonvos dunha terra onde por circunstancias xeográficas, non relacionadas coa actual distancia xeométrica, só referenciamos ao mar un par de veces por semana, cando pasa a peixeira, e lambemos o salitre do mar da Lanzada cando chega o bo tempo.

Polo tanto, dende ben pequeno, o faro que marcaba o meu tempo atopábase no campanario da igrexa de San Salvador de Meis, terra á que todos lle chamamos Meis.

O caso é que a Igrexa parroquial de San Salvador de Meis está situada no lugar de Igrexa. Non é un nome orixinal, mais é o que os do lugar lle deron en chamar, así que, ben está. Preto dalí está a Medoña, sitio no que aínda agora, se nos propoñemos remover a terra, ben seguro que damos atopado vestixios dos ancestros que probabemene alí se atopaban.

Sexa como for, descoñecendo as razóns que levaron a construír a igrexa en tal lugar, configurouse como epicentro da parroquia e á que case, vivas onde vivas, poder ver. E, sobre todo, oír as súas campás, así estas en Quintáns, nas Salcedas, na Bouza, ou en Silván (mais aquí deuse en poñer unha capela a San Nicolao) Pode ser que moitas veces o vento non nos permita escoitar polaa orientación sonora.

Aló polo S. XII construíuse a actual igrexa románica, constituída por unha única nave coa ábsida orientada ao leste.

A entrada principal está decorada con tres arcos de medio punto a diferentes niveis, situándose o exterior sobresaindo da parede frontal, apreciándose decorado con esferas. Os dous interiores apóianse en catro columnas de fuste liso que dan en capiteis con follas planas rematadas con espirais e ábacos achatados impostados ao muro e aos dous contrafortes que rodean a porta.

O paso do tempo e a vexetación van puíndo o traballo dos canteiros da época, co que as decoracións externas xa só se intúen.

No campanario atopamos dúas campás, esas que se encargan de marcar o ritmo dos veciños. Quizais a era dixital nos permita gozar de novos ritmos e xeitos de entender a música, así que, tal e como xa somos capaces de conectar un violín a unha distorsión, tamén as novas tecnoloxías nos permiten conectar as campás a

mecanismos automáticos que arrancan o son que nos conecta co entorno.

Noutros tempos, era o sancristán quen se encargaba de activar o mecanismo que espallaba de xeito compulsivo as ondas sonoras polo val (ancestral conexión dos medios informativos). Á hora coñecida por todos (esta información só é controlada polos sistemas temporais locais) a chamada para a novena activa o regreso do labrego cara á casa.

Nos domingos hai que dar tres sinais antes da entrada da misa, o que nos permite recalcular a hora universal. Estes sinais rematan coas "picadas", sinal sempre puntual coa entrada do sacerdote na igrexa. Xa a finais dos anos setenta do século pasado se adaptou este sistema de aviso nos chamados "reloxos dixitais Casio", eses que cando figuraba na pantaia, sobreimpreso en negro sobre fondo gris unha pequena campá daban un pitido á hora en punto.

As campás, ademais, encárganse de dar avisos especiais, como a morte dun veciño. Nese caso, o número de toques de campá indica se o finado é home ou muller. Ou, se no medio da noite se oen repicar, é moi probable que haxa que saír da cama a toda présa porque se nos está queimando o monte.

Do normal saese os días de festa co repicar. Para iso xa hai que, ademais de coñecer a teoría, ter algo de



Igrexa parroquial de San Salvador de Meis.

arte e aguante, pois non vale calquera para subirse ao campanario e facer soar coa delicadeza que merece a saída da procesión (un erro será apreciado por todos os veciños).

Mais de todos os usos das campás, quedaba un reservado para a noite de San Xoán, cando inda había burros nas casas. Nesa data a rapazada do lugar, daba en coller un e poñelo a comer atado á corda da campá. E...non quedaba outra; o señor párroco do lugar tiña que erguerse da cama e dar acubillo ao pobre do animal, ata que o desafortunado dono se decatara da súa ausencia e o relacionase coa gamberrada, por todos consentida, da meiga noite.

Das dúas campás da igrexa, podemos trazar a maior. Foi fundida en 1952 por Juan Ocampo en Caldas de Reis, sendo párroco D. Santiago Radio Fernández. Da menor, non alcanzamos a ter información, mais non por iso é menos importante, xa que sen ela, o repicar quedaría ronco.

Segundo reza nunha placa exterior, completouse a ampliación da igrexa no ano 1737. Dende o século XII, a poboación da parroquia foi medrando, ata chegar a un punto onde non era posible albergar á comunidade relixiosa, tal e como sucedeu con moitas igrexas da época, e foi preciso remodelar os edificios para adaptarse ás novas condicións. Desta data é a ábsida cadrada actual e a torre do campanario. Do retablo de madeira da época xa só quedan as figuras que o formaron, hoxe substituído por unha estrutura en pedra.

Anexa á ampliación está a sancristía, que mantén unha porta ao exterior, só empregada nos días de gran afluencia ao templo.

Co paso do tempo, fóronse tapiando e abrindo xanelas e portas.

Na cara oriental da sancristía distínguense dúas ventás tapiadas e, no lateral esquerdo da nave da igrexa, dúas xanelas altas e unha porta estreita tapiada; na outra cara, aínda se poden distinguir dúas xanelas altas tamén tapiadas.

Ao redor da igrexa consérvanse seis estacións do Vía Crucis en pedra; estas pezas están datadas no século XVIII, son octogonais e de influencia románica. Unha das estacións, a que está enfrente da porta da igrexa, correspóndese cunha doazón de 1926 polo cura D. Ricardo Rivas. Nela representábase a Adán e a Eva xunto á árbore do Paraíso e á serpe.

Entre as remodelacións levadas a cabo a finais do S.XX, cabe destacar a apertura dunha porta lateral que estivera tapiada, así como a ampliación do adro da igrexa.

Foi nestas obras onde se atoparon catro pezas procedentes dun baldaquino que convirten en especial a este conxunto, do que non temos información do seu emprazamento orixinal. Dátanse estas pezas en torno ao ano 1543, sendo as máis actuais das que se conservan en Galicia. Tense referencia de que o primeiro mandado construír en Galicia foi polo bispo Xelmírez na Catedral de Santiago ao redor do ano 1110 (peza derrubada no século XVII).

Na actualidade, consérvanse estas pezas no valo do adro, tres ao redor dunha fonte central e o cuarto afastado á esquerda desta, representando:

- O nacemento, coa representación habitual do Belén : á esquerda San Xosé, o boi e a mula e á dereita o neno Xesús no presebe e a Virxe María axeonllada.
- Adoración dos Reis Magos : situándose á esquerda os tres Reis e á dereita a Sagrada Familia.
- O Corpo de Cristo sobre o colo da Virxe María tras ser desencravado: con dous homes enmarcando

as imaxes (unha á dereita e outra a esquerda) e San Xoán a carón da Virxe. No fondo represéntanse a cruz e a esqreira.

- Escea de guerra. Representa un cabaleiro a caballo á dereita enfrontándose a outro con escudo cunha perna axeonllada á esquerda. Inda que non hai referencias que o constaten, poderíase tratar da representación da batalla de Clavijo onde, segundo a lenda asignada ao arcebispo

Rodrigo Ximénez de Rada (1243), figura o Apóstolo Santiago defendendo as tropas cristiáns.


Inda nos queda unha sorpresa máis no interior da igrexa. Baixo o coro, ás escuras, atopamos unha pintura de C. Garabal datada en 1915 (probablemente do pintor compostelano Cándido Garabal 1858- Ca. 1950, que tiña o seu estudo nos baixos da Casa da Troia). Pola súa situación, é unha pintura que pasa desapercibida pero que se corresponde con un autor do que se poden atopar diferentes obras en moitas igrexas de Galicia e do que se ten constancia de moitas obras de carácter relixioso.

Chegado ao noso particular peirao, coa bodega cargada de imaxes, non queda outra que situar a nosa nao cara ao seguinte punto, que, dende esta situación ben pode ser calquera dos campanarios que nos guíen polo val. Aparentemente, todas poden soar de igual xeito, mais cada un de nós ten na memoria algo que as fai diferentes e recoñecibles na distancia.

(Quixeramos dar o noso agradecemento ao tripulante Pepe Martínez que tanto nos axudou nesta xeira)



Pezas do baldaquino



O XENIO SAGRADO DOS DEUSES

Por: Maracaibo

Fondeados na praia de San Martiño, a media lúa crecente relucía nas augas encalmadas do canal da illa do Sur.

A bordo do *bajel* “Abrakadabra” o inmenso ceo estrelado nos impresionaba. Sopraba unha cálida brisa, caían fugaces meteoros, cando unha parella de velozes delfíns pasaban baixo a quilla, saltaban e trazaban círculos fosforescentes deixando luminosas estelas, co refluxo da marea, á caza de cabalas, bancos de bolos, xardas, xoubiñas e chipiróns. A bela serea do mascarón de proa sorría. Seducidos os nosos sentidos, enfeitizados polos deliciosos aromas das azucenas e o alelí dos areais, o barrón, o pirixel do mar, o trobisco e o *jaguarzo* (tarais) das dunas illáns onde durmían caracois e eslizóns, andoriñas e pardelas...

O *bajel* abalábase lentamente, cunhas infusións de mel e menta con polvoróns. Roncamos nos catres como focas ou leóns. A noite avanzaba salvaxe e serena ao romper o a alba. Alí nos espertaba en taparrabos, lucindo o seu dourado pendente, o toque de campaiña na entreponte; a vida renacía naquela paradisíaca paisaxe. Pistachos, café, té e tostadas, ameixas ao limón, navallas, bucinas e orellas de mar en salpicón.

Polas alturas das furnas e abruptos promontorios, onde abunda o toxo, a angélica, a armeria,..., e aniña o paíño, o sonoro balbordo, o << kiu - kiu >> das gaivotas sombrías, as patiamarelas, araos, alcas,..., gaivotos, alcatraces e mascatos planeando na súa áxil danza na procura de peixes e cangrexos, ante o curvado horizonte oceánico que se internaba millas ata as inmensidades do Atlántico.

Baixo a quilla de teca, o fondo a dez brazas, o sol no cénit, soltando ovaladas burbullas, baixamos nas transparentes augas do antigo fondeadoiro, protexido dos ventos do Norte e ao abrigo do mal tempo a sotavento do Sur.

Removendo nubes de area e grava, concheiros de bivalvos curiosos, co aire a presión, saía á luz superficial parte da cuberta do misterioso pecio.

Madeiras carbonizadas e reladas, avermellada de cedro... descubrimos vellos anacos e asas de ánforas con figuras gravadas da Illa de Rodas e o tridente de Creta... Unha pequena galera ou unha nave mercante, algo máis de vinte séculos no silencio do leito marítimo. Da afastada Ofir na dourada Palestina, comerciando polo añil do Mediterráneo, alén dos mares das Columnas de Hércules ata o naufraxio no fondeadoiro do Castro Celta de Monte Faro, que se alzaba imponente cara o ceo. Inundados de emoción, esquecida por Poseidón, alí estaba a marabillosa

lámpada da Idade de Bronce... tomámola nas mans e izámola a bordo; así quedou na cámara de popa, ben pulida na derrota, acendida coa doce luz dunha candeia dun exótico aceite de palma. Ouro e prata, oh Gran Mandala!

Mergullándonos case como corvos mariños ou negros cormoráns moñudos, arpoamos a verdes, rodaballos, linguados,..., sepias, polbos, sargos dourados, muxes prateados, pintos encarnados e robalos nas calas e covas submarinas dos axitados cantís. Laminarias,..., anémonas e esponxas, espirógrafos, gorgonias e estrelas, mecíanse nas azuis profundidades onde bailaban morenas moteadas, congros, holoturias, lagostas, santiaguíños e lumbrigantes. Con suave mar de fondo entrando a branca espuma, levamos áncoras do areoso fondo da praia da Illa do Sur. Levantamos áncoras das “Illas dos Deuses” a todo trapo, rumbo ao oeste con mar rizada. Con vento do Norte o *bajel* barloventeaba en longas bordadas en dentes de serra. Xa ao atardecer, varamos na area de Rons, no Grove. Fogueiras nas praias do mar de Arousa. Ao amencer limpamos o casco e o verde temón de algas, percebes, mexillóns e arneiróns. Catro días e alegres noites con luces de vagalumes. Calafateamos con xute e galón de algodón, caldeiro de cobre, patente e esmalte de cor púrpura sobre a liña de flotación. Engraxadas as pastecas, remendamos as velas con liño marfil, os foques de botalón, a maior e a mesana; vernizando os mástiles e a serea do mascarón.

Cargados de cocos, saborosas froitas, ulindo a brea mariñeira, empapados, arribamos polo Centolo á Illa de Ons cun espléndido sol de nácara. Fondeamos en Barbas de gato. Cerca do manancial, voando bolboretas, enchemos os barriliños. Un verde lagarto observábanos. Dente de león, anís, manzanilla, llantén e abruños morados, follas e flores de silva e zumarentas amoras.

Acompañados por peixes cornudos, estibamos a chalupa, arriando a vella cabra da Illa de Sálvora, a última náufraga no illote de Vionta; comendo xestas, camariñas, cistus, azucenas e cardos borregueros. Desembarcando nas areas douradas de Melide con dous sacos de fariña de millo e centeo... Desde a cofa divisando o peñón do Cairo. O sabio Kalikatres, o buzo de Marak e o piloto de Karingos quedaron a bordo co alquimista Fakis, izando ramalletes de ruda, romeu e cravo, por se as moscas da praia de Onza atacaban pola costa do Sur, empicadas nos abellóns e avespóns de Fedorentos. Medusas, fanecas e cabrachos!

Polbos secos ao vento, esponxas, gorgonias e peixe salgado polas enxarcias. Coma culebras ou coellos, polos brezos, toxos e alecríns, chegamos rebentados

polos sendeiros sen burros, nin camelos... refrescándonos naquel oasis, na fresca fonte do Cucorno, onde trilaban os paxariños,..., gorrións, merlos e lavandeiras... verdes paraxes e casas illeiras, piornos, hortas e currais... ladraban os cans máis aló dos canavais.

Xabón da “Illa da Toxa” cunha suave esponxa, un relaxante e espumoso baño. Baixamos ao animado porto pulverizados de esencia de acibar, á sombra dos carballos e salgueiros, xestas, sobreiras e sabugueiros, bidueiros e castaños que crecían cos anos; remos, redes e poutadas, dornas alcatranadas, velas arranchadas, botes polbeiros, traíñas fondeadas, botes xeiteiros, choupanes e gamelas... sardiñas, polbo e congro salgado, cestóns de vimbio... chinchos e xoubiñas á brasa. Sirenas de vapores ao vermello carbón, altas chimeneas, forxados rizóns. Na taberna soaba unha gaita... olivas con anchoa e mandámoslle unhas cuncas dun tinto afroitado. Polbo á feira e nécoras escarlatas. “Pantalóns de Mahón, alpargatas, quinqués de folla de lata, mechas, mixtos e tabaco picado de lear a dous reais,..., graxa de cabalo e de tigre”.

Alí lle caía a baba. Que mozas tan guapas! Canela do Rajá de Serendibis. Aladino probou o viño e foi a meditar á “Cova da Moura”, polos campos labrados e as herbas dos namorados brotáronlle as bagoas ao escoitar a súa doce frauta de fauno.

Respectuosamente regalamos unhas perlas de Oriente... e contemplamos o Sol de Poñente. As tres luces do Faro xiraban no ocaso alumeando aos navegantes do cosmos circundante. En fila india, por atallos e camiños con Sultán o gran can, exclamaba Dionisio na acollidora casa do Cucorno: Os acendidos ollos de Adara como coma o Faro de Alexandria!!!

Zoila miraba asombrada, acendeu un cigarro co chisqueiro e suxeriu que botáramos unha ollada ao ceo. Nos seus negros cabelos levaba unha tiara de flores silvestres.

Recitaba Susana asomada á iluminada ventá con pano floreado: Habelas hainas! Unha noite enfeitizada. A Illa é meiga!!! Jijijiaiaun abellón!

Uns picantes espetados,... cunhas pinzas de boi... un tal Nacho, dunha aldea do Caurel, asaba un sargo entre o fume do verde loureiro. Shedir o Trovador acompañabao. Que ben tocaba o laúde e a acústica guitarra!

Touros e un arco da vella nos tempos dos mouros!

Polo ouro do mouro. Abracadabra. Pata de Cabra, rabo, corno e orellas de Centauro!!!

A lúa chea asomábase polas afastadas montañas do leste de vivo alaranxado. Oh Salaam!! Son o teu

humilde servo!!! - Exclamou Aladino con ollos de faquir trasnoitado, e abrimos outra botella de suave viño branco con gasosa “A Freitasosa”.

- Polas barbas de Zoroastro! Acaso mirades ao Ollo do Diabolo? - Dixo Alí alucinado.

- Maxia da Galaxia! Pasa un cometa, oh, vexo unha nebulosa fabulosa, dicía Zoila

- Coido que é ... “O xenio sagrado dos ceos”. No centro do Triángulo de Verán... lles dixen enfocando aquel vello telescopio de longa vista de aguia ou de falcóns, óptica Copernicóns.



- A máis brillante do Cisne, da Aguia e Lira, xa o vexo... Jo, jo, ja, ja. No medio do triángulo.

- Oh pata de cabra! A anos luz está o espellismo cósmico do Arco Celeste.

- Deneb, Altair e Vega... Xa o teño, é un ser da nada ou un xenio dos ceos.

- Dicía Adara.

- É un fantástico xenio coa súa lámpada marabillosa na Constelación da Raposa - Afirmaba o amigo Carlos baixo a luz dos luceiros. - Está rodeado de rutilantes estrelas, espectros de zafiros, esmeraldas, rubís e diamantes coma xoias do increíble Universo.

- Está moi lonxe nos confíns da constelación de Vulpecula. Un xenio de fábula na Vía Láctea!

- Oxalá nos dea boa fortuna, se é el, hai que pedirle un desexo máxico e belo.

Na agradable noite baixo a frondosa figueira, Zoila e Adara danzaban ledas cos sete velos de seda, perfumadas coa esencia de flores.

Un valente rapaz disfrazado con babuchas, curtos bombachos, chaleco e co meu brillante turbante de fina tela de Damasco, nos dicía saboreando un doce dátíl de polbo zumarento e coloreado. Levantemos áncoras no *bajel* rumbo ás illas de Simbad!

<<Hai plantas e pos medicinais, monos e pavóns, perlas de fino Oriente, vermellos corais, bancos de peixes de mil cores, meros e camaróns, mil festíns, baleas, tartarugas e tiburóns, dragóns e arlequíns, loros e serpes, tigres e panteras, e encantados polas misteriosas xunglas, imos montados baixo as altas palmeiras, ao lombo de obedientes elefantes, Ámbar, incenso e sándalo.>> Esta noite cando durmas, voarás no colchón de folla de millo.

Voaras polas illas de “*Las Mil y una Noches*”!!!

Resoaron cálidas gargalladas... e cantamos a coro co laúde e as guitarras ao son da música, ao ritmo dos grilos e cigarras.

<<Abracadabra>>

AS FESTAS PATRONAIS DA ILLA DE ONS

Por: Fernando Trigo

Fotos Colección Tino Pardellas

PRIMEIROS DATOS ESCRITOS

Álvaro das Casas pasa en Ons uns dez días do mes de xuño do ano 1932. Neses poucos días comprobou a importancia do mundo etnográfico desa comunidade, polo que decidiu tomar unhas notas e posteriormente publicalas.

No referente ás festas escribe¹: “*Na illa as xentes son pouco festeiras, na verdade festas non fan máis que unha i é a de Bueu. Mozas e mozos, vellos e vellás, son dunha tristura inmensa, falan pouco, visten de escuro, apenas cantan e cando o fan danlle ás cantigas un deixo de infinda melancolía.*”

Esta é a primeira testemuña que temos sobre a psicoloxía illeira e o xeito de divertirse desta comunidade. Podemos pensar que o abandono relixioso que sufriron provocou a falla de Festa relixiosa anual, aínda que supoñemos, pese á tristura da que fala de las Casas, que os fins de semana, sobre todo os domingos, se reunirían nalgún lugar, polo xeral na zona de Curro onde estaba o bar e, coa axuda das pandeiretas, cantaban e bailaban. Así o reflicte Álvaro das Casas: “... *merex destacarse, como a festa máis leda da illa, a festa de Páscoa... De noite faise a festa na taberna, os mozos beben e ofrecen viño ás rapazas que non aceitan, mais na galanteira disputa deixan suxarse de viño pra amosrar na saída como foron tentadas insistentemente a beber.*”

Agás o relatado por Álvaro das Casas, non temos datos escritos sobre as Festas de Ons ata que Staffan Mörling, nos seus dous últimos libros², nos relata as súas experiencias durante o tempo que pasou recompilando datos na Illa (1964 - 1967) para o seu traballo de investigación sobre as Embarcacións Tradicionais de Galicia.

O peirao se adornaba para a procesión e bendición dos barcos.



XURDE UNHA NOVA NO PERIÓDICO “El Pueblo Gallego”³

Así tiña comezado eu este artigo, cando charlando cun compañeiro, bo coñecedor da Illa, me pasa unha foto sacada do Blog de Arturo Cidrás, investigador da historia de Bueu e colaborador desta revista, no que se ve a varios barcos a motor asistindo á Festa de Ons e a procesión arredor da ermida de Canexol, feita no ano 1930.

Esta nova, coa foto, deixoume desbarborado e tiraba un pouco pola borda a teoría de Álvaro de las Casas, na que fala que a única Festa á que asistían os illeiros era á de Bueu, agás que houbera un cambio grande nos dous anos que van entre a foto (1930) e a estancia en Ons de Álvaro das Casas (1932).

Seguindo coas indagacións sobre esa foto illeira publicada no Pueblo Gallego, fun a atopar unha posible causa, nesta mesma revista, no artigo de Arturo Sanchez Cidrás sobre a Escola de Ons⁴.

Foto sacada do xornal “Pueblo Gallego” onde se observan os barcos que asistiron a Festa de Ons e a procesión ao redor da ermida de Canexol. 1930



Neste artigo Cidrás relata que no ano 1928 chega como mestre a Ons o Sr. Cambeiro que organiza cos rapaces e maiores a 1ª Festa da Árbore e crea un orfeón que leva a actuar a Bueu.

En marzo de 1929 organiza a 2ª Festa de Árbore,

¹ Álvaro das Casas. “Illa de Ons”. Revista Nos. 1932

² Staffan Mörling. “Namoreime en Ons”. Cumio. 2015. / “Alá no medio do mar. A comunidade da Illa de Ons”. Parques Nacionais. 2013

³ El Pueblo Gallego. “Actualidades Gráficas”. 22/08/1930. Páxina 8.

⁴ Arturo Sánchez Cidrás. “A escola da Illa de Ons. Biografía do mestre Joaquín D. Fernández Cambeiro”. Revista AUNIOS nº 20. Páxs: 70-80. Asociación Pineiróns. 2015.

pero esta vez na Illa de Ons, a onde asisten as autoridades locais que son invitadas a un banquete, na súa casa illeira, polo Sr. Didio Riobó.

Como podemos ler, o Sr. Cambeiro, que vive en Ons coa súa familia, a carón do seu traballo profesional como mestre, realiza un enorme labor cultural cos nenos e maiores. Ese traballo a prol da cultura puido provocar, xunto que ao seu irmán Manuel o nomearan coaxutor de Beluso e que, como tal, vai vivir a Ons en xullo de 1930, que en agosto dese mesmo ano, organizaran a Festa Patronal, houbera misa xa que había cura, despois tivera lugar a procesión que víamos na foto e que, grazas á boa harmonía que había entre Didio, Cambeiro e as forzas políticas de Bueu, organizaran unha viaxe ata Ons ese día de Festa e mesmo actuara o orfeón.

Outra teoría sobre esa foto podería ser de que ese ano (1930) organizara o Sr. Riobó a Festa Patronal. Cousa pouco probable pois o Sr. Riobó era de ideas republicanas, e sería difícil pensar na organización relixiosa da Festa, aínda que si, podería colaborar economicamente e axudar aos veciños á celebración transportando no seu galeón ao párroco de Beluso, músicos, veciños e visitantes.



Saída da procesión da igrexa de Curro.

CHARLAS COS VECIÑOS

Despois de buscarlle un suposto por que á foto publicada no “Pueblo Gallego” que me deixara un pouco confuso, dicir que esta falla de datos escritos obriga á utilización da entrevista ás persoas de maior idade como método para obter datos.

A señora Carmucha contaba: *“Os domingos íamos á de Jesús ou á de Arturo e coas pandeiretas cantabamos. Pasabámolo moi ben. Habíaos que tiñan unha habilidade increíble para argallar coplas e con elas meterse uns cos outros. Normalmente as loitas eran entre mozas e mozos, pero tamén entre barrios, como os de Canexol contra os de Cucorno, os de Chan contra os de Pereiró,... Se estaba en agosto o cura na Illa, facíase unha misa na capela de Canexol e despois sacabamos os santos en procesión ao redor da igrexa. Logo, pola tardiña, bailabamos e cantabamos utilizando como torreiro o espazo que había entre a escola e a casa do Pintor, que está entre os dous piornos grandes. Os maiores sentábanse a mirar e traían algo para comer e beber, normalmente doces feitos no forno da casa, café e coñac.”*




O Sr. Jacinto de Noalla, á esquerda, interpretando unha canción coa súa frauta. Ten actuado nalgunha das festas patronais de Ons. Años 40 s.XX

Podemos supoñer que os anos que van dende que de las Casas escribiu o seu traballo (1932) e o intre en que comezou a emigración forzosa cara ao continente (1960), foron uns anos difíciles para os illeiros e a organización dunhas festas patronais sería case que imposible. Á vez temos que pensar que en Ons non había luz eléctrica e as súas embarcacións, as dornas, non daban pé a traer a ningunha orquestra, aínda que si nelas podían achegarse os habitantes da costa próxima para asistir aos festexos.

Contaba Delmiro: *N“ós faciamos festa os domingos, pero na taberna. En agosto íamos á festa do Carme, a Bueu. O domingo despois do Carme, viña o cura de Beluso e facía misa, ao rematar tirabamos os santos⁵ e rodeabamos a igrexa con eles ao lombo. Despois facíase farra no Canexol. Se cadraba que estivera na Illa o Sr. Jacinto de Noalla, que ía na dorna co seu irmán pois era tratante de gando, viño e outros produtos, tocaba a frauta e bailabamos. Tamén tocaban a pandeireta e cantaban as mulleres, pasabámolo ben. Despois, cando chegou a luz e moitos da Illa xa tiñan barcos de motor, empezáronse a organizar as Festas como son agora...”*

A chegada da luz a Ons a finais dos anos 50 s.XX, xunto coa posta en funcionamento do barco do correo que facía as viaxes Ons - Bueu, sen esquecerse que os illáns máis podentes economicamente, xa mercaran barco a motor, provocou un cambio que, entre outras cousas, trouxo a organización das Festas Patronais en honor a San Xaquín e San Pedro.

⁵“Tirar os santos” tiña o significado de sacalos da igrexa.



O barco "Dous Cuñados" que servía de correo e transporte de mercadorías e persoas de Bueu a Ons.

norte e nos pequenos soportais da casa onde vive o Pintor, montaban unhas pequenas barras onde servían as bebidas, sobre todo, coñac e café.

Viña o cura de Beluso a dar a misa e acudían a Ons moitísimas xentes de Bueu, Noalla e da zona do Barbanza (Aguíño, Pobra do Caramiñal, Palmeira) cos que tiñan transaccións económicas para a compra e arranxo das dornas.

Aproveitaban eses días de Festa para pechar tratos coa xente de Noalla á que mercaban sobre todo viño e animais. Facilitaba eses intercambios comerciais a mediación das familias illáns que casaran nesa parroquia de Sanxenxo.

A FESTA DE ONS A PARTIRES DOS ANOS 60 sXX

Aínda que xa comezara uns anos antes, dende 1960 xurde unha emigración forzosa dos habitantes de Ons cara ao continente, maioritariamente a Bueu, debido a que o porto da Illa no ofrecía resguardo aos novos barcos a motor que pouco a pouco ían substituíndo ás dornas que se varaban na praia ou no alto se había temporal.

Este cambio de embarcación trouxo un auxe económico importante, pero tamén gastos. Primeiro había que comprar o barco, que supoñía un enorme desembolso, e despois había que montar unha nova vida no seu novo destino (compra de terreo, construción da casa, mobles,...).

Estas novas circunstancias e a posta en funcionamento dun barco que facía semanalmente a travesía Ons – Bueu para levar o correo, mercadorías e persoas, trouxo tamén un cambio nas celebracións das Festas patronais da Illa. Agora xa teñen un xerador que, aínda que con pouca potencia, dá a necesaria para iluminar o torreiro da festa e facilitar a corrente á orquestra; á vez, xa dispoñen de barcos adecuados para o transporte, non só dos músicos, senón de persoas que, dende diferentes lugares da costa próxima, querían visitar Ons e gozar das súas Festas.

O escenario segue sendo o mesmo no barrio de Canexol, mesmo debaixo da ermida. Pero agora teñen que compartir espazo co palco para as orquestras e para os dous ou tres chiringuitos que se montaban debaixo dos pequenos soportais (<alpendres sobre columnas> que lle chama Mörling) nos que se despachaban café de pota e licores, coñac e anís.

Staffan Mörling relata no seu libro "Alá no medio do mar. A comunidade da Illa de Ons" os últimos anos de Festa no Canexol (1965 – 1970) xa que a partir de aí e coa construción do Centro Cívico no lugar de Curro con nova igrexa, a Festa pasou a celebrarse neste barrio. Mörling falanos dos

Organizábanse nos últimos fin de semana de agosto. Para iso se formaba unha comisión que se encargaba de pedir e contratar. Normalmente os illáns daban un tanto por familia e, os que tiñan barco, outro tanto polo barco. Contaba o Sr. Arturo: "*Para a Festa da Illa as familias daban o que podían, segundo a súa economía. Para os patróns se poñía unha cantidade, para que todos puxeran o mesmo e non houbera diferenzas entre eles. Eramos moi supersticiosos e se non dabas para a festa o teu barco podía ter problemas co motor, ou non pescar,..., por iso todos poñían.*"

As festas facíanse en Canexol, na banda posterior da escola, entre os grandes piornos que no seu día mandara construír o Marqués de Valladares para gardar os produtos agrícolas que os veciños pagaban como renda agrícola.

Montábase o palco, feito con paus, pegado ao piorno do



A procesión polo peirao. En primeiro termo San Xoaquín, a quen lle segue a virxe do Carme e Santa Ana.

Unha das moitas comisións anuais que organizaban a festa. Presidíaa Manolo do Estrella.



chiringuitos montados por Aurelio Otero Acuña e Eusebio Otero Martínez. Conta que: *“Aurelio era o home de Ons que máis repertorio de cancións coñecía. Sabía de memoria cancións de guerra, himnos relixiosos, historias de naufraxios ou descarrilamentos,..., cancións de amor, cancións de baile antigas, cubanas, cancións mariñeiras e típicas da Illa que cantaban en ton de ladaiña. ...”* É de supoñer que Aurelio sería, antes da chegada das orquestras, o encargado, xunto coas pandeireteiras, de animar as Festas patronais e mesmo as domingueiras.

Fala Mörling de dúas Festas a celebrar en Ons: A Festa dos Mozos e a do patrón San Xoaquín, que se celebraba durante tres días: o día da Milagrosa, o día de San Xoaquín e o día de San Ramón.

Contábanos Luís, que formaba parte do grupo denominado “Os Farristas de Ons” formado por Añazo, que tocaba a gaita, Francisco o bombo e Luís coa caixa: *“... nós actuabamos na taberna os domingos e por mor dalgunha festa familiar como unha voda, matanza do porco, San Xoa, ..., ou algunha celebración especial. Antes, no día da Festa, tocaban coas pandeiretas a irmá do Garulo e Chefa, a muller do sueco. Despois xa viñeron os músicos de terra. Unha vez ata veu John Balan, aquel que era de Seixo e se vestía de vaqueiro e quixo ver ao Presidente dos EE.UU, aquel día pasámolo moi ben, estivo toda a noite cantando cos músicos. Eu non sei como tanto aguantabamos, a Festa comezaba un día e, mesmo como*



En varias ocasións houbo procesión marítima.

viñamos do mar á fonte a lavarnos e a bailar e así dous ou tres días e logo, sen descansar nada, ao mar outra vez...”

A medida que a economía crecía, a Festa Patronal foise consolidando, aínda tendo en conta que as casas de Ons ían quedando deshabitadas ao trasladarse a vivir a Bueu. A partir da primavera as casas volvíanse a abrir, e pouco a pouco foron arranxando aquelas que tiveran que deshabitar pola súa forzosa emigración. Chegado o mes de agosto, a comisión que fora elixida o ano anterior preparaba a Festa, que agora se celebra no lugar de Curro, na igrexa nova e con diferente xeito de actuación.

A partir dos anos 70 s.XX, a festa e a procesión facíase en Curro. 1980



A FESTA PATRONAL A PARTIR DOS ANO SETENTA s.XX

O presidente da comisión organizaba aos demais integrantes para pedir, contratar, montar,... Desprazábanse polos municipios costeiros máis próximos a Ons, Sanxenxo, Noalla, Portonovo, Grove pola zona do Salnés e Bueu, Marín, Cangas pola zona do Morrazo, sen deixar atrás Pontevedra co fin de achegarse aos organismos oficiais.

Polo xeral eran dous días de Festa, aínda que podía comezar o venres con tirada de fogos e orquestra; seguía o sábado con misa, tirada de fogos e orquestra e finalmente o domingo con misa solemne á 1, procesión que, saíndo da igrexa ía ata a punta do peirao para bendicir os barcos. Pola tardiña, música a cargo dalgunha banda ou gaiteiros.

Ao principio organizábanse algunhas actividades como a Corrida do Galo, xogo da Chave, regata de Dornas,..., e algún outro xogo popular dedicado aos máis pequenos, despois foise perdendo.

A Festa pasou por momentos bos, malos e regulares, cada vez ía sendo máis difícil o que algún veciño collera a Presidencia e organizala, pero, coído, que nunca se deixou de facer. Hoxe os máis xoves intentan seguir coa tradición, esperemos que así sexa. Unha comunidade tan importante como a de Ons, que o está a perder todo, non pode quedar sen as súas Festas Patronais.



Despois da misa, mentres tocaban os gaiteiros, xurdía o baile. Eugenia, unha gran bailarina.



O VESTIDO NO TEMPO AS COSTUREIRAS DE O GROVE

Por: Javier Fernández Soutullo

Pénsase que a finais do período chamado Magdalenense, no Paleolítico, os humanos comezan a aproveitar as peles dos animais que cazaban para protexerse do frío e das inclemencias do tempo que lles tocou vivir.

Un dos inventos máis importante deses tempo foi o da agulla, que non era de ferro, senón de óso. Isto ocorreu, aproximadamente, fai uns 15.000 anos, con ela e finos tendóns de animais e mesmo algúns filamentos vexetais, conseguiron adaptar moito mellor esas peles ao seu corpo.

Pensábase que ao principio, este primitivos “vestidos” limitábanse a protexer os flancos, segundo apréciase nas reproducións que podemos atopar en museos e exposicións por todo o mundo. Algúns pensadores expresaron a súa opinión dicindo que un dos motivos, ao carón do da climatoloxía, era o de poder achegarse con máis facilidade e con maior éxito ás presas de caza, ao vestir as mesmas peles dos animais, debido á súa camuflaxe. Incluso ían un pouco máis alá, os xefes e os mellores guerreiros, engadían ás peles tamén a cabeza do animal e, algúns, ata as súas cornamentas.

Dende fai uns 5000 anos, o ser humano foi transformando a súa vida de cazador recolledor nómade para establecerse nun territorio e pasarse á agricultura. Descubre novas fibras vexetais coas que configurar novos tecidos, creando e preparando grandes extensións para recoller, liño, algodón, seda,... Nacen, ao seu carón, as grandes civilizacións: Babilonia, Exipto, Mesopotamia, China,... Dándolle outra dimensión á vestimenta e creando as teas.

Os Fenicios que, traspasando as míticas columnas de Hércules que pechaban o Mediterranium bordean a Península Ibérica ata as Illas Cassitérides habitadas polos Galaicos, comezaron a comercializar con eles e achegaron as primeiras teas, xunto co viño e aceites, para trocalas por peles, estaño e chumbo, moi abundante e de moi boa calidade nestas illas. A citania da Lanzada é un dos principais portos de comercio do Atlántico Galaico.

A evolución das vestimentas nos seguintes séculos foi parella ao do mesmo ser humano, creándose grandes teares por todos os currunchos do mundo. Así nacen novos oficios como os de xastre e costureira. Xa no século XX traballaban por todos os pobos aqueles aos que lle gustaba o oficio, sen embargo, outros ían obrigados por circunstancias familiares. Comezaban, dende moi novos na casa dalgún oficial de xastrería, a coller a agulla, tomar medidas, facer patróns,..., corte e confección dos traxes e vestidos. Traballaban sen cobrar ata aprender o oficio e logo establecíanse pola súa conta. Percorrían todo o pobo, de casa en casa, coa máquina de coser á cabeza. Case que sempre, establecían o xornal de palabra e polo xeral incluía a comida, aínda que as veces, se se prolongaba o traballo, tamén a merenda.



Taller de costura no Grove nos anos 30 s.XX

As teas corrían por conta do cliente. Comezábbase a tomar as medidas necesarias para confeccionar o traxe ou vestido e deseguido pasábase á mesa, xeralmente do salón, para pintar o patrón sobre a tea cunhas xices de cera de distinta cor. Feito o patrón, cunhas tesoiras grandes cortábanse as pezas marcadas e uníanse a man no proceso de ganduxar, cun fío máis cativo pois logo este era retirado. Rematado o ganduxado, pasábanse as pezas unidas á máquina de coser, que acostumaba a ser de

marca (Alfa ou Singer). Os comerciais destas marcas tiñan por costume organizar exposicións en lugares importantes e petados de público, como o caso do Gran Hotel da Toxa.



Exposición de máquinas Singer celebrada no Gran Hotel da Toxa. Aproximadamente nos anos 40 s.XX

No caixón da mesma máquina tiñan cabida todo o necesario: tesoiras, dedais, agullas, carretes e fío de varios tipos e cores, alfinetes, a cinta métrica, as ceras, aceite para a máquina, un desaparafusador pequeno,..., e mesmo unha regra grande.

Lémbrome ben da miña nai, Carme, saíndo moi cedo da casa e chegando xa de noite, e aínda con tempo para deixarnos a casa limpa e a comida preparada para o día seguinte. Ela, xunto con outras rapazas, comezou moi nova, con apenas trece anos, e nos seguintes cincuenta e cinco non se separou da máquina de coser.

Hoxe, pouco a pouco, todo foi trocando, agora o cliente merca a tea e lévaa á costureira, que xa traballa con máis comodidade na súa casa. Estas mulleres, as costureiras, móstranse como un recordo, pero aínda son necesarias para arranxos de todo tipo. As que quedan, teñen traballo para todo o ano, aínda que no Entroido, por ser unha das festas máis grandes de O Grove, é cando se lle acumula máis.


Dende estas liñas, un recordo para todas elas.



Carmen Soutullo traballando en Peralto. Ano de 1950 s. XX.



Taller de costura en O Grove. Anos 60 s.XX.



DE ONS A AUNIOS PASANDO POR 50 ANOS DE VIDA


Por: José Curt

A primeira vez que desembarquei en Ons foi en 1954. Hoxe o calendario marca implacable que pasou máis de medio século, cando me invita Aunios a escribir nas súas páxinas. Para min é unha honra que recorran a este vello e modesto escritor para que diga algunha *quisicosa* sobre esas Ons das que Francisco Franco, o señor Paquiño, de Bueu –que ninguén se alarme-, cando navegabamos rumbo a elas entre toniñas saltareiras, rabaños de espumas e ventos frescachones do Norte, a bordo do seu barquiño, “El Azor”, describíaaas certeiraamente: “*Fijese que lo más curioso que tienen estas islas es que están rodeadas de agua por todas partes*”. Eu creo que aínda non entramos na década dos 70 do século pasado porque un dos naturalistas embarcados, Xosé González Besada, da Cooperativa de Xan Xoán de Poio, que manexaba ben os trémolos, ía debullando as estrofas dunha canción de Massiel recen estreada: “*Voy buscando un lugar perdido en el mar/ que quiera comprender/ la alegría y el dolor/ la ira y el placer*”, ao que o resto dos tripulantes engadían a capella: “*Es más fácil encontrar rosas en el mar*”. E xa chegando a Ons: “*Voy buscando un lugar perdido en el mar/ Donde pueda olvidar del mundo la maldad*.” E os do coro, algo estimulados pola bota de viño, remataban: “*Es más fácil encontrar rosas en el mar*”, pero cantábano xa sen moita convicción porque entón as Ons, misteriosas, mariñeiras e belísimas tiñan moito de remanso de paz e un algo de sucursal do Paraíso, a pesar de que cada vida insular, entón, era un poema de austeridade, un drama de soidade, a épica do remo para regresar a casa, si San Xoaquinciño da Illa concedía a mercé dun ventiño en popa.

á tentación de saír navegando, como fixo a balea-illote de San Brandán que, a dicir do fareiro das illas, o meu tantas veces contertuliano José María Seguí, menorquín transplantado de lanterna balear a lanterna galega, se podía avistar en crepúsculo de primavera con só mirar dende Chan da Pólvora, cara ao Oeste, a carón do *Raio Verde*, seguindo augas do sol de poñente. Un enxame de gaviotas levantaba estela no atardecer e internábase no mar, dicían que para rezar a San Brandán, aínda que a verdade era asistir ao milagre do descarte de peixes que o quimérico cetáceo desprezaba, saciado seguramente, das estupendas fanecas que daban as rochas insulares da cara Leste, aínda que a máis de 30 metros de profundidade, polo que, se un quería facer *pescata* había que ter bos brazos. Eu reuníame



O Sr. Checho, primeiro pola dereita, botando unha partida de dominó no seu bar insular.



As illas Ons cambiaron moito nas últimas décadas, pero seguen estando alí, encerradas na gaiola dos meridianos e paralelos de costume. Non sucumbiron

con José María a media mañá na taberna de Checho, que entón, recordo, tiña os teitos moi baixiños e ondulados. Checho contábanos de Germán Leira e nós botabamos á súa saúde un par de cuncas de aquel viño colorado, cor da papoula, que tinguía coma unha pintura de Sotomayor e comprobabamos que tal resultara o canonciño de escorrentar ás grallas (*Corvus monedula*) que José María mercara en illa arredada. Con aquel enxeño soaba en Ons ritmicamente, de rato en rato, unha queda explosión que levantaba ás miríades de grallas, azoutes do millo recen sementado, que fuxían espavorecidas, dicía José María porque, por fin, deron coa lonxitude de onda adecuada para que o canonciño machucase, vía tímpanos, o avaricioso apetito daquelas aves barballeiras que, tantas había que escurecían o ceo onceño e, de paso, o porvir das colleitas que aqueles homes, metade mariñeiros metade labregos, sementaran alternando o rizón co sacho.

De vez en cando nos dabamos unha volta a ver os coellos, auxiliados por un can pura raza palleira que

como José María, vivía no Faro insular e dábase maña para osmar entre o fero toxo insular. E que beleza cando, sobre as súas espiñas, a flor xenerosa maquillaba de amarelo os ladeirasas que nos levaban a O Centulo que, convertido en xigantesco *cagarruteiro* de cormoráns, branqueaba de estrume mariño e escurecida de vida apertada. Coellos como os de Ons non os volvían a ver na miña vida nin en ningún outro sitio. Eran negros coma o carbón, seguramente estirpe de antigas soltas de coellos domésticos efectuadas na época *dos vellos dos vellos*, unha referencia cronolóxica un tanto imprecisa e moi galega que a nada compromete pero que sempre suxire boa pátina. A caza estaba xa entón prohibida nas illas e mentres na Península a mixomatose facía estragos, a poboación cunícula de Ons mantíñase saudable.

Había tamén varios bandos de perdices que, non me atrevo a levantar falsos testemuños, mariscaban xunto aos biluricos e mazaricos polas praias de levante. Comían pulgas de mar ou pescaban miñocas? Porque, que eu saiba, a mar nunca deu besbellos (saltóns). Aquelas perdices, como todo o de Ons, eran un misterio.



O impresionante Buraco do Inferno un día de marusía.
Ao fondo a illa de Onza e as illas Cíes.

Pero do que nunca me poderei esquecer é da media ducia de pombas bravías, puras, que, co seu doce nome latino, *Columba livia*, sobrevivían nos máis vertixinosos cantís un pouco ao norte do Buraco do Inferno. Andaban todas xuntas, non querían nada coa civilización e era unha gozada ver aos machos, de imponente peito tornasol, de tenor, contornándose facéndolles o corro ás femias, cortexándoas cun *zureo* (arrollo) apaixonado que se oía en media illa coa cadencia dun hendecasílabo de Rosalía.

E si había bicho digno dun <máis difícil aínda circense> ese era o *vencejo* real que hoxe chaman *Tachymarptis melba*. Ao contrario do *vencejo* veciñal, tan aquerenciado aos ceos urbanos, o real era ave de marusía, de rompente, libertina; o ave que nun picado podía deixar curto en velocidade ao falcón peregrino, aínda que uns leven a fama e outros carden a la. Nas verticalidades de Ons vías ao gran *vencejo* voar coma unha saeta e berrar satisfeito de vivir e, de súpeto, convertido en meteoro, enfiaba cara a unha rocha e cando parecía que se ía rebotar conta ela, desaparecía tragado polo granito sen que as súas ás parasen de moverse. Acababa de colarse

por unha greta inverosímil, aparentemente imposible de penetrar para o tamaño da ave. Alí tiña o niño. Ao rato producíase o prodixio: o *vencejo* saía voando xa dende o interior das estreitas e escuras anfractuosidades familiares.

As Ons non foron tan gaivoteiras como as Cíes. Haber gaivotas habíaas, pero non moitas. Na Onceta catro parellas despistadas. É outro misterio, porque sitio tiñan para medrar. Pero avantaxaban ás illas viguesas en cormoráns moñudos. Estando tan cerca ambos arquipélagos, en Cíes, os do moño, criaban baixo pedras e en Ons nos máis alarmantes cantís da cara oeste. No Buraco xuntábanse varias parellas. Nós baixabamos a media furna pola súa cara máis accesible, a norte, asegurados cunha superficial cordada, para fotografar aqueles increíbles niños dispostos en equilibrio malabar sobre calquera resalte da cara sur por mínimo ou difícil que fora o seu acceso. O lugar era a rebotica da natureza, o secreto de alcoba da fauna onceña, tan íntima que, ao vernos, as de por si silenciosas *canilongas*, esgorxábanse cun sonoro trompeteo coral de alarma que nada tiña que envexar en sonoridade á “*Marcha de las trompetas*” de Aida.



Homenaxe da Escola Naval ao gardamariña José Luís Herrero Padín no cincuenta aniversario do seu pasamento.
(Foto Faro de Vigo)

Un pouco máis arriba unha cruz, entón moi deteriorada pola marusía. Nela unha placa recordaba: “*La Escuela Naval Militar al guardiamarina José Luis Herrero Padín, 18-10-63*”. Sempre que ía por aquelas cornixas pensaba que canto tempo faría que ninguén pasaba por lugar tan solitario. Seguro que moito. Por razóns corporativas había unha relación espiritual con Jose Luís e a min tamén me impresionaba aquilo que lle doía tanto a Unamuno: “*Que solos se quedan los muertos*”. E a paisaxe, no que se debuxaban as Cíes ao lonxe, esfumadas na brétema do horizonte, rodeadas pola mar aberta sen fin, adquirían unha grandeza metafísica que invitaba a reflexionar sobre a levedade da vida. Na rocha núa que era pedestal da cruz crecía espontáneo, fresco, inmarcescible e increíble un bo ramo de armerias sempre en flor. Era o mudo homenaxe dunha natureza que sempre soubo ser nai.

E que hai dos insulares de nación e devoción? Teño unhas notas (moitas delas publicadas no Diario de Pontevedra) nas que consta que cara ao ano 1976 aínda permanecían en Ons cincuenta e tantas familias. Dous anos antes, aproximadamente, naceron as dúas xemelgas

que, supoño, foron as últimas das illas que viñeron ao mundo asistidas por unha veciña, que se daba maña en iso de parir. De ser así, as dúas irmáns de Ons serían o colofón dunha cultura que se extinguiu para sempre. Felizmente, porque se pare mellor no hospital e con epidural! Pois si, non cabe dúbida. Que foi delas? Gustaríame saber das súas vidas. Pero a historia da Galicia profunda e máxica ben se merece esa cita. O día 24 de febreiro de 1979 andaba eu de paxareo en Ons e anotei que dentro do perímetro insular só quedaban 5 familias cun total de 24 persoas. Outra nota sinala que o último morto de Ons, soterrado no seu diminuto cemiterio, foi Eduardo Otero. E me preguntaba eu en libro e nalgún artigo de aquel 79, cabe ser máis das illas Ons que o defunto Otero, que xa é terra insular, que xa é a Ons mesma? E o acompañaba coa foto dun cartel no que se lía: “*Illa de Ons / Patrimonio del Estado / Administración Iryda*”. O pé de foto rezaba concisamente: “*La tierra no les corresponde en propiedad*”. O contrapunto viña no texto: *Y los muertos tampoco?*



Staffan Mörling e Josefa Otero, á esquerda, xunto coa Conselleira de Pesca, o día da inauguración dunha exposición de fotos de Mörling en Ons.


De todo isto quen sabía de verdade era Josefa Otero Patiño. Compartín moitos anos de profesorado na Escola Naval Militar co seu marido, o increíble cabaleiro sueco Staffan Mörling, antano profesor de inglés en Marín e hoxe fillo predilecto de Bueu que, entre dornas e arqueoloxías insulares, escribiu unha das máis belas historias de amor que se deron en Galicia. Vamos, que poden voar as *oscuras golondrinas* de Becquer, que pouco teñen que rascar ante o delicado soneto que son dúas vidas que, procedente unha do setentrión europeo onde

as grullas e os mascatos fan niño, soubo atopar á outra no recanto máis arredado de España. Cando vía a Chefa me faltaba tempo para preguntarlle polos intrínquilos de Ons. Sabía que ela tiña a chave do faiado que garda a vella memoria. Xenerosa en palabras contábame da súa familia, do que supoñía para ela nacer nunha pequena e apartada illa e, incluso recordo, de como se remata o empate dun anzol tensando a sedela cos dentes. Afortunadamente o matrimonio acaba de escribir un tratado que pescuda a fondo na alma destas illas pontevedresas cuxo título inclúe unhas cantas rosas sen espiñas, por moito que a romanza de Massiel se empeñe no contrario: “*Ala no medio do mar*”. Xa llo estou pedindo ao meu libreiro.

As illas de Ons forman parte do recién creado Parque Nacional das Illas do Atlántico. Da primeira Junta Rectora do Parque Natural das Islas Cíes, que presidín eu durante cinco ilusionados anos a principios da década dos pasados 80 s.XX, formaban parte algúns vocais dos que hai que destacar o seu amor pola natureza galega e, concretamente, polo arquipélago de Ons. Falo en concreto de Felipe Bárcena e de Estanislao Fernández de la Cigoña. Pois ben, daquela Junta Rectora foi a primeira idea de ampliar a protección de Cíes ao que nós sabíamos que eran fitos importantes na ruta das aves mariñas emigrantes. O plan era moi ambicioso, a nosa proposta era crear un Parque que incluíse as illas Sisargas, Sálvora, Ons, Cíes e as Berlengas en Portugal. Tivo unha entusiasta acollida polo resto dos seus membros: Pepe Rial, Peláez Casallerrey, Fernando Sáez de Miera, Ernesto Viéitez, Joaquín Fernández del Riego,... Complicacións de tipo internacional o foron demorando, a pesar de que Portugal mostraba a súa conformidade. Quede constancia diso. Nas actas da época quedará reflectida esta historia, máis ben un anhelos.

De Aunios chegoume a colección enteira da súa revista. Non é literatura para ollar, botar unha ollada aos textos para ver de que tratan, nin para mirar pasando as páxinas para facerse unha idea de que van. O seu contido é tan variado e interesante, as súas firmas tan boas e entendidas, as Ons un tema tan apaixonante que é literatura para ler con detención. Por desgraza o meu tempo vaise acabando e non sei si me dará tempo de completar algún día a súa lectura. Con este desexo a poño na cola de todo o que teño pendente de ler, que é moito.

As Ons cambiaron, seguramente para ben. O libro en papel languidece sumido na barbarie da letra dixital. Pero queda un vello lector, gafas en ristre, que sabe que as Ons nunca pertenceron en papeis aos insulares, pero que sempre foron sudario dos seus maiores. Alguén debería arranxalo.



“EL MORENO DEL LÉREZ”. Libro de José Curt Martínez. Clan Editorial.

En las páginas del *Moreno del Lérez* apreciamos una serie de valores que van más allá de la escopeta y de la caña: la descripción de escenarios naturales, una peculiar filosofía de vida y un lenguaje especial, ligado precisamente a los usos y costumbres del campo y de sus gentes. Este libro transcurre en una Galicia secreta, salvaje y remota. Una esquina de España en la que la vida ha sido siempre de una dureza especial y donde la supervivencia ha estado a veces por encima de la ley. El Moreno, pescador y cazador con aptitudes excepcionales, con gran conocimiento del medio y un inusual talento natural, bordea la marginalidad porque la sociedad de su tiempo no le ofreció mejor lugar. Esta condición extrema se refleja en su lenguaje, muchas veces tremendista y procaz, pero también lleno de gracia y de puntería verbal. La suya es un habla sin domesticar, propia de alguien que tuvo que arrancar con las manos desnudas sus presas a la naturaleza, dando lugar a lances de caza y de pesca que a menudo rayan en lo increíble.

AS PROTESTAS DOS CAPITÁNS I. RÍA DE PONTEVEDRA . MARÍN.

Por: Emilio Ferrer Jaureguizar

Ao longo dos anos quedaron rexistrados, polos notarios dos pobos e cidades costeiras, as protestas dos capitáns e patróns polas incidencias sucedidas aos seus buques durante as súas travesías. Estas protestas tiñan como propósito principal dar testemuña diante das casas aseguradoras para que estas resarciran aos armadores o valor da carga perdida deste.

Nesta primeira entrega vou citar aqueles protocolos notariais existentes no **Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra** e que puiden alcanzar a revisar dun notario apelidado **Fon** e só dende o ano 1822 ata 1826. Algunhas protestas só as mencionarei ou farei unha breve recensión e noutras, que me parecen máis interesantes, estendereime máis.

Año 1822.

Folio 9. Protesta otorgada por **José Antonio de Matos Lima**, de Nacionalidad Portuguesa, Capitán del hiate denominado "**Flor de Viana**". Capea un temporal y "protesta una, dos y más veces contra la mar y el mal tiempo...."¹. Certifican los testigos **D. José Oliber**, Capitán del Bergantín Español "**La Concepción**" que los recató a él y a algunos de sus tripulantes.

Año 1823.

Folio 1. Protesta otorgada por **D. Juan Antonio Albela**, el 3 de Enero de 1823, Capitán y Piloto del Bergantín Español de la matrícula de Villajuan nombrado el "**Carmen**". Hallándose en la Bahía de Cádiz, bien carenado, perfectamente asegurado de quilla y costado y aparejado de todo lo necesario², cargó de Sal, Azeite y otros efectos de diferentes particulares de aquél comercio para éste puerto y el de Carril. Y a las ocho y media de la mañana del 16 de Diciembre último dió a la vela en compañía de otro Bergantín y un Quechemarín, Comboiados los tres por el Bergantín Goleta de Guerra Español al qual ya perdió de vista al amanecer del día diecisiete y sin dicho comboy fué siguiendo su navegación hasta el día veinte que hallándose veinticinco leguas al Oeste de las Berlingas le cargo el viento fuerte por el Estenoroeste y dicho viento empeora el día veintiuno y el buque empieza a hacer agua por lo que decide darle vía y arribar en demanda del Cabo San Vicente hasta el amanecer del veintiséis que llama el

viento del Sursureste fuerte y corre sólo con el Trinquete y todos los rizos en las gavias ...y arriba a las Islas de Ons al amanecer del treinta. Sanidad le da observación hasta hoy que lo admite a plática y comercio.

Folio 7. Protesta otorgada el 6 de febrero de 1823, por **D. Acasio José Correa**, Capitán del Bergantín Portugués "**Andoriña do Norte**". Zarpa de la Bahía de Río de Janeiro con carga de arroz, azúcar, Cueros y otros efectos con destino a Oporto el día 1 de Diciembre último. Vientos y mar fuerte le causan daños y pérdidas por lo que protesta una, dos, tres y más veces, etc, etc.

Uns días máis tarde este Capitán amplía a protesta ante o mesmo notario.

Folio 20. Protesta otorgada por **D. Acasio Correa**, capitán del Bergantín Portugués "**Andoriña do Norte**" el 10 de Marzo de 1823.

El capitán es acompañado por **D. Juan Antonio Méndez** Vicecónsul portugués en Marín.

Que hallándose dicho buque bien anclado en el fondeadero de ésta Bahía desde su arribo y en disposición de emprender el viaje para su destino en el día 3 del corriente, que no pudo verificar a causa del continuo temporal y vientos contrarios del Sudeste al Oestenoroeste sin cesar, le sucedió el impensado acaso de que a las nueve de la mañana del día 8 habiendo saltado a la travesía con un Uracán de viento y fuerte aguacero con pedrazo, arrastró el barco las tres Anclas un cuarto de legua sin habitar o aproar a ellas por la violencia, rompiendo por esta la tercera metiéndose por encima de piedras hasta la Ensenada de los Placeres en donde casualmente el Ancla principal agarró en un Petón de piedra y contuvo el Buque a tiempo que se hallaba en tres brazas de altura de agua con lo que se evadió de naufragar en otras que estaban a distancia de veinte brazas, y en las que hera indispensable si allí llegase, por lo que dicho capitán viéndose en este apuro, tremoló la Bandera enrollada, clamando por esta señal socorro, y visto por el citado cónsul buscó éste con la mayor celeridad y sin perdida de momento tres Lanchas tripuladas con treintaiocho hombres, dos Anclas y dos cables, y al instante se dirigieron a bordo del citado Buque, al que después de los mayores esfuerzos y sacrificios lograron salvar, etc,etc.

¹ Unha das fórmulas habituais.

² Outra das fórmulas habituais nestes documentos.

A continuación siguen los gastos : Hombres y lanchas, tres días y tres noches 6.062 reales. Servicio y demerito de los cables y tres lanchas 4.000 reales.³

Folio 30. Protesta otorgada el 6 de Mayo de 1823 por **D. Francisco Lago**, Capitán del Quechemarín “**San Antonio y Animas**”.

Parte de Torreveja con sal, jabón y otros efectos el 7 de Febrero último y el mal tiempo le obliga a refugiarse en Peniche desde donde más tarde sale pero por los fuertes vientos y la vela bastante destruida retrocede a Peniche donde a la entrada está a punto de naufragar, rompiendo el timón y destruyendo la popa por lo que el barco hace agua y el Cónsul Español de allí le envía una lancha para remolcarlo, alijan carga y no se pierde toda. Ante esta situación los marineros de su barco lo abandonan teniendo que contratar marineros portugueses, Regresa haciendo agua e intenta llegar a su destino, Villajuan, pero no puede embocar la Ría de Arosa por lo que recalca en éste puerto de Marín .

Folio 56. Protesta otorgada el 28 de Noviembre de 1823 por **D. Juan Antonio Mariño**, Capitán del Bergantín Goleta “**Santa Liberata**” de la matrícula de Bayona. Parte desde San Lucar de Barrameda con carga de jabón, aceite y otros efectos con destino Vigo, Bayona y otros puntos.

Año 1824.

Folio 15. Protesta de **D. Ignacio Masó** contra **D. Simón Suárez**, capitán del Patache “**San Nicolás**” y otro (ilegible) . Comparece también **Domingo Antonio Barreiros** en representación de **D. Ramón Barreiros**, Capitán del Quechemarín “**Santo Tomás**”, ambos de la matrícula de Muros.

La protesta se basa en que ambos buques tienen carga de **Miguel Jover y Compañía** de Villajuan pero ambos capitanes alegan que como hay guerra con el argelino no quieren correr riesgos.

Folio 26. Protesta otorgada por **D. Joaquín Díaz Torre**, Capitán de la Goleta Portuguesa “**San Juan Baptista**” . Relata que hallado su buque en el puerto de Pernambuco y en el camino a Oporto le sorprendió un Huracán el 11 de abril que les partió la botavara de la mayor . A partir de aquí se narra con detalle durante seis folios todo tipo de desgracias que le pueden ocurrir a un barco durante una travesía oceánica. Arriban al puerto de Marín, de milagro.

Folio 49. Protesta otorgada el 17 de Julio de 1824 por **D. Caetano Torres**, Capitán del Bergantín Goleta “**Dos Amigos**” de la matrícula de Coruña . Propietarios **Sres.**

González y Torres del comercio de La Coruña. Parte de Cádiz y tiene que refugiarse en la rada de Sagres, Espichel, Cascays y finalmente en Marín. Firma también un pasajero, **Bernardo Lojo**.

Año 1825.

Folio 18. Protesta que otorga el día 1 de Marzo de 1825 **D. José Francisco Dos Santos**, Capitán del Bergantín “**Aurora do Cavo**” . Cargó en Río de Janeiro, Cueros, Arroz y Azúcar para Gibraltar. El día 16 de Junio de 1825 sobreviene una tormenta en N’36° 6’ y W 9°14’ de Londres, que le produce roturas varias.

Folio 45. Protesta que otorga el día 25 de Junio de 1825 **D. Juan José Pequeño** vecino de Vigo y Capitán del Bergantín Goleta Español “**San Antonio**” alias “**El Veloz**”, del porte de 40 toneladas y de la matrícula de Pontevedra. Sale de Torreveja y el 6 del corriente hallándose a 10 millas al Sureste de Lagos avistan al anochecer una Goleta de Bandera Inglesa que les dispara un cañonazo de bala y metralla. Dicha Goleta “**Aguilita**” estaba al mando del Capitán **Cotheall** natural de Estados Unidos de América . Le saquean el buque y a continuación sigue una lista de lo robado.

Folio 50. Protesta otorgada el día 16 de Agosto de 1825 por **D. Joaquín Manuel Freire** contra **D. Ramón Vidal**, Capitán éste ultimo del Yate Español “**Flor de Vigo**”, por incumplimiento de contrato.

Folio 53. Protesta otorgada el 28 de Agosto de 1825 por **D. José Pérez Bazarra**, Capitán del Bergantín Español “**Nuestra Señora del Carmen**”, matrícula de ésta villa. Sale de Cádiz con carga de sal para Betanzos y hace escala en la ensenada de Sagres por viento fuerte del Norte y un Bergantín insurgente les asalta al Oeste del cabo de la Roca y les roban. Sigue una lista de lo robado.

Folio 56. Protesta que otorga el 16 de Septiembre de 1825, **D. Tomás de Huya**, Capitán del Quechemarín “**Sacramento**” matrícula de Sanxenjo. Diez millas al Norte del Cabo San Vicente avistan un Bergantín que le pareció ser insurgente titulado el “**Águila**” de la República de Colombia, con 36 hombres de tripulación, seis obuses y un cañón giratorio a proa. Dicho Bergantín, les saquea y le obligan a llevar a **D. Martín de Musaurrieta** y a siete más a puerto.

A siguiente protesta aclaranos un pouco a situación.

Folio 58. Protesta otorgada el día 17 de Septiembre de 1825 por **D. Martín de Musaurrieta**, Capitán y Piloto

³ Unha verdadeira fortuna naquel momento.

del Bergantín Goleta de la matrícula de La Coruña “*Guadalupe*”, Relata que carga de trigo en Bilbao por cuenta de Hubaon y Hermanos de aquel comercio. Esperó en Coruña a que se formara el comboy ; pero que como no se formó,salió navegando hasta la mañana del ocho que hallandose en N 37°30’ y W 4° 30’ del meridiano de Cádiz un barco con bandera colombiana les dispara un cañonazo, se queda con su buque y lo manda a Puerto Cavello. A continuación los trasporda a él y a su tripulación al Quechemarín “ Sacramento”. Firman como testigos los tripulantes vascos.

Folio 60. Protesta que otorga el 30 de Septiembre **D. Alejandro Santamarina**, Capitán del Bergantín Goleta “*Los Dos Hermanos*” alias “*El Rayo*” Declara que carga en Coruña maíz y otros efectos `por cuenta de D. José Pastor Rodríguez del comercio y Armador de dicho buque. Sale hacia Cádiz con los buques de guerra Corbetas “*Diana*” y “*Descubierta*” y el Bergantín “*Jasón*” y que en la noche del 27 a tres millas por proa aparecen Buques Extranjeros,desapareciendo los buques de guerra y entonces opta por venirse al puerto de Marín.

Folio 62. Protesta otorgada el 2 de Octubre de 1825 por **D. Agustín Fernández**, Capitán del Quechemarín Español “*Nuestra Señora de la Soledad*” de la numeración de Sevilla. Carga en Santoña trigo por cuenta de **D. Julián de Lombera** del comercio de Limpías, en la montaña de Santander, con destino a Cádiz . En Ferrol carga 61 sacas de habichuelas y 15 jamones de **D. Joaquín Borell** y parte hacia Coruña para participar en el comboy con la “*Diana*”, la “*Descubierta*” y el “*Jasón*”. A las doce de la noche, perdido de vista el comboy, se situó en N 43° 29’ y W 11° 13’ del meridiano de París, divisaron dos embarcaciones y por la mañana al comboy. El día 30 de septiembre por la mucha mar, el barco hace agua por lo que decide venir a puerto. El relato sigue en el folio 64.

Folio 68. Ratificación de protesta el día 4 de Octubre de 1825 de **D. Manuel de Naverán** , Capitán del Quechemarín Español “*San José y Animas*” de la numeración de Bilbao. Salió de Cádiz con cargamento de sal para los Alfolíes de Pontevedra y arroz para los señores de la Casa de Barca del Comercio de La Coruña y con motivo del tiempo se ve obligado a arribar al puerto de Vigo donde protesta y aquí en Marín se ratifica en ella.

Folio 76. Protesta otorgada el día 12 de Noviembre por **D. Blas de Igartua**, Capitán del Quechemarín “*San Pedro*” de la matrícula de La Coruña. Carga Sal en Cádiz por cuenta de la Real Hacienda con destino a Betanzos. El día 9 en N 41° 30’ y W 13° de París un golpe de mar en el costado de babor le obliga a venir a puerto con graves daños en el buque.

Folio 85. Protesta otorgada el día 2 de Diciembre de 1825 por **D. Ramón Sendón**, Capitán del Bergantín “*San José*” de la numeración de Muros. Relata que en Torrevieja carga Sal por cuenta de la Real Hacienda con destino a los Alfolíes de la ciudad de Pontevedra. El día 18 de Octubre a la altura de Aveiro con Norte recio y repentino le obliga a racalar en la cala de Figueira donde no se le admite a Sanidad, subsistiendo por consiguiente en quarentena hasta el 25 de Octubre pero no puede salir y se dirige a Cascais donde le suceden diversas circunstancias durante un tiempo hasta que por fin arriba a Marín.

Folio 87. Protesta otorgada el día 3 de Diciembre de 1825 por **D. Josas Iliwelof** (?) de Nación Sueca, Capitán de la Fragata de la propia denominada “*Carlos Juan*”. Carga sal en Torrevieja por cargo a la Real Hacienda con destino a los Alfolíes de Padrón- Por causa del mal tiempo y mala mar, hace agua y decide acudir a Marín.

Año 1826.

Folio 14. Protesta otorgada el 16 de Mayo de 1826 por **D. Manuel de Ygartua**, Capitán del Bergantín Español denominado “*Frasquita*” de la numeración de Cádiz . Sale de Cádiz con carga de Aceite, Cacao, cueros, aceitunas y otros efectos por cuenta de particulares del comercio con destino a Coruña y Santander, y el día 3 del actual a las seis de la mañana se da a la vela con todo aparejo largo y Piloto práctico que despidió a las ocho de la mañana, en cuyo día navegó con distintos vientos hasta la latitud de 36° 20’ y longitud 18° al oeste del Meridiano de Cádiz,navegando hasta el 11 del actual que hallándose en, (ilegible) grados sufre un golpe de mar con mar gruesa que le obliga a navegar a la capa hasta refugiarse en el puerto de Marín.

Ben, como vemos, as protestas dos capitáns rexistradas nos protocolos do Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra, infórmannos de moitas cousas: o nome do buque, do capitán, a matrícula, nalgún caso do armador, do clima, da carga, dos destinos, dos comerciantes, do meridiano usado nas cartas náuticas... En fin, unha información de tanta magnitude que dende o meu punto de vista debería acometerse a enorme tarefa de acumular todos os protocolos dos pobos e cidades costeiros nunha grande base de datos. O cal beneficiaría sen dúbida, ao coñecemento da navegación comercial do noso país nunha época moi interesante e, sen embargo, tan descoñecida.

Nota do autor: No próximo número de Aunios, se o coordinador o ten a ben, o seguinte capítulo será dedicado ás rías de Arousa e Muros.



A RÍA DE AROUSA AI SÁLVORA, AI SAN VICENTE!

Por: Manuel Chazo Cores

Illa de Sálvora que tes unha legua de longo e como un cuarto de ancho, e estás situada a media legua ao sur de Santa Uxía de Ribeira. Con calma es fermosa, con vendaval furiosa e con vento moi forte de travesía estremeces e impresionas ata tal punto, que galeóns, como o motoveleiro <Joaquín> mandalos ao garete. Rompen as augas nos baixos Esqueiros, nos Mesós e nos Jidoiros pedregosos e areosos nun bater de espuma.

A Ría de Arousa, con importantes illas como a de Arousa e Cortegada, comeza a desenvolverse a partir do esteiro do Ulla, entre Rianxo e Carril. Ten un fondo de ría lacustre, debido á tranquilidade das augas protexidas do mar aberto pola illa de Arousa e a suavidade do seu litoral, tendo como centro a popular vila de Vilagarcía.

A ría de Arousa é a máis profunda e a máis ampla das rías galegas, so superada pola de Vigo en lonxitude.

Outro punto desta ría está formado pola costa que vai dende o Puntal das Sinas (Vilanova de Arousa) ata a illa da Toxa, parte histórica e monumental que ten a Cambados como punto de referencia e a desembocadura do río Umia como importante lugar ornitolóxico e punto de recalada de numerosas aves, que comparte, na enseada do Bao, co Grove, vila turística e fermosa, cunha costa repleta de praias, algunhas de mar aberto onde nunca acougan nin o mar nin o vento.

O brazo de mar que forma a Ría de Arousa, ten 26 km. entre Ribeira e Cambados e 3 entre a Punta de Cabío (Poboa do Caramiñal) e a illa de Arousa. A súa profundidade oscila entre os 70 metros da boca da ría e os 20 na entrada da enseada.

Moitas historias pasadas nesta ría, como cando, andando ao arrastre, prendemos nos piñeiros que o mar traía das riadas. Que gran esforzo!, tirando polos cabos que suxeitaban o aparello. Os pinos, encharcados, facían a manobra difícil tendo medo de que rompera a coroa do aparello do bou de vara.


Logramos, despois de moito traballo, meter as toradas de pino no barco, de nome <María Rosa> sen perder de pescar. Recordo que foi un día de fanecas grandes, collidas na zona onde fondeaba a Escuadra Inglesa e a Española.

Dende o mar, ollamos a península do Salnés con superficie suave e ondulada que se atopa entre dúas importantes alturas entre as que discorre o Umia, o monte

Xiabre (640 m.) ao norte do río e o monte Castrove (607) ao sur, estes dous accidentes do Salnés constitúen auténticas serras, sucadas polas pistas forestais que permiten o acceso ata o cumio.

Esta ría de Arousa, por natureza fermosa, tivo e ten unha chea de embarcacións históricas, dende as dornas -grandes e pequenas- aos galeóns, pasando por chalanas, lanchas, motoras do cerco, botes, racús, traíñas,..., ás que acompañaban nas súas tarefas pesqueiras as gaivotas, os cormoráns, os charráns,..., e os piadores araos.

A ría de Arousa dende Punta Cabalo. Illa de Arousa.



Ai Sálvora!, ai San Vicente!.
Ai Sálvora que es moi valente!.
Ai Sálvora a boca da ría,
as nenas bonitas viven en Mourente.

O GROVE: LUÍS A. MESTRE

Por: Francisco Meis

Ao longo destes dez últimos anos fun recompilando toda a obra publicada do poeta Luís A. Mestre tanto en distintos certames poéticos celebrados en España, como artigos e poesías de revistas e xornais. Fun trazando unha biografía debuxada polas súas idas e vindas desde Vigo ao Grove e do Grove á cidade Olívica. Unha trasfega de historias que foron creando ao personaxe que debe acadar o lugar que lle corresponde na historia da Cultura Galega. Coñeceu a Eduardo Pondal, a Rosalía de Castro, a Murguía, a Curros Enríquez, co que mantiña unha entrañable amizade, á insigne escritora feminista Dona Emilia Pardo Bazán, ao Castelar Galego Alfredo Vilas e a tantos outros que marcaron a nosa cultura do século XIX na comunidade. Luís A. Mestre nunca foi máis grande na historia das letras, nin na política, porque a súa humildade impediullo totalmente.

Íntimo, reservado e dotado dunha gran sensibilidade, o poeta e escritor Luís A. Mestre naceu en Cuba no ano de 1848 chegando a España cos seus pais en 1852. No Grove, lugar de acollida dos seus avós paternos, comprarían os seus pais unha Casa Grande de secular historia familiar que sobreviviría, parte dela, ata os nosos días como o nome da Casa de Escuredo. Nela compuxo numerosas poesías e ocuparía gran parte dos seus veráns.

Foi membro, non de número, da Real Academia Galega, obtivo profusos premios nos certames poéticos que se facían, sobre todo, no Século XIX co sobrenome de Xogos Florais. Foi director e redactor de varios xornais en Vigo, socio de mérito da Academia Literaria e de Belas Artes e da Bibliográfico-Mariana, de Lérida, socio tamén do Centro de Lectura de Reus que aínda existe, membro titular de L'Academie Mont-Real de Toulouse e individuo correspondente da Xunta Poética Malacitana, de Málaga. E non esquezamos a súa etapa consular á fronte do goberno Cubano primeiramente- comunicouullo Curros Enríquez desde a illa- e máis tarde, co de Guatemala ata o seu falecemento.

Unha persoa ilustrada que con todo, no Grove xamais foi valorada pola súa importancia cultural no contexto de Galicia, senón pola súa bondade e caridade. Persoalmente para min foi a única persoa, de todos os individuos da súa época que mantiñan unha elevada importancia económica, que axudou desinteresadamente e de forma altruísta a numerosas familias do municipio.


Aínda que o médico Don Jacobo Otero Goday, da familia catalá Goday, foi testemuña xa dunha xeración posterior, a súa comparación non sería obxecto de contraste polas formas diferentes en que axudaron ás xeracións pasadas. D. Jacobo pertencía a unha familia de caciques e Mestre republicano de convicción xamais antepuxo os seus intereses persoais aos xenerais. E non é de estrañar que os grovenses o lembrasen sempre pola súa bondade e caridade por que foron moitas as accións que realizou no pobo do Grove. Que hoxe teñamos unha rúa principal co seu nome é a gratitude que herdou de todo aquilo que fixo por nós e que aínda así, con todo iso, foi facer ben pouco.

Luís Antonio socorreu en 1886 a unha familia de náufragos do municipio que quedaban na máis triste das miserias e que hoxe grazas á súa axuda económica,

puideron sen dúbida variar o curso das xeracións futuras. Son numerosas as familias actuais, que ignorantes deste feito, viven actualmente no municipio. Na epidemia de vexigas negras que exterminou en 1893 a boa parte da poboación, levando a moitísimos nenos ás sepulturas do atrio da igrexa parroquial, Mestre colaborou co Concello achegando unha importante suma de diñeiro coa finalidade de socorrer con medicamentos e coidados ás familias da vila. Uns anos máis tarde, alá polo 1902, no conflito da pesca entre os partidarios da Traíña e os do Xeito, un amplo continxente de mariñeiros mecos -cabezas de familia- trasladáronnos ao cárcere de Noia quedando as súas mulleres e nenos nun total desamparo económico. O noso poeta decatado do contratempo

social abriu as portas da súa casa e as contas do seu banco para axudar a sustentar a máis de 17 familias mentres non foron liberados do cárcere.

Queda patente por todo o que relatei que Luís Antonio Mestre foi unha persoa que sempre estivo a defender á clase traballadora e, clara mostra diso, foi outra das súas iniciativas que me gustaría tamén destacar. Fundou en setembro de 1900 a constitución da Asociación de Mariñeiros do Grove, que contaba con preto de mil socios, co propósito de defender aos xeiteiros fronte á introdución das traíñas. A Confraría de Pescadores é a realidade dun proxecto auspiciado na súa orixe por este home que ocuparía o cargo de Presidente Honorífico da Asociación ata a súa morte. Que a néboa do tempo non nos faga esquecer aos que tanto lles debemos.



Luís A. Mestre

A ILLA QUE FALA

Por: Manuel e Eduardo Parada

Na madrugada dun oito de abril do ano 2008, antes da *lusada* ou do *manexo*, como diría un xeiteiro, a bordo do noso barco no porto de Bouzas, saímos ao mar, ás 06 h oficiais, a nosa dona e nós, eu e mais o Nobalaura, que é como lle chamamos a el, ao noso barco.

Adoitamos durmir a bordo as vésperas do día que contamos de saír ao mar, para madrugar e aproveitar a xornada.

A mañá é fresca como corresponde á estación astrolóxica. Á estrela do día aínda lle falta mais dunha hora para achegarse e comezar a producir diferenza térmica no ar que nos agarima e que neste intre non vai nin ven e polo tanto non produce ningún movemento que engurre a superficie chan do elemento que nos permite desprazarnos sendo empurrados de momento por unha manada de ruidosos ferros.

Ao cabo dunha hora, levando a proa a 275° do Norte e deixando unhas 6 millas náuticas pola popa, toca ir virando ao *destrobordo* (estribor) e deixar as puntas do Subrido, da Robaleira e do Home para encarar a costa de Soavela á par do bordo destro que Ferrín describe con atino.

Xa apuntaba o día, cando faltaban trinta para as oito, e unha airexa do NNE facía notar o fresco da mañá; insistente, evocaba guindar os panos do velame sobre o mastro marconiano que abanaba de banda a banda arrolado por unhas leves ondas do mar abraldoucado que provocaban os cantís da costa.

Dous lenzos brancos de propio nome, o Xenovés e a Bermudiana interpuxéronse ao ar forzando á proa a derivar ao *bombordo* (babor) para marcar uns 35° ao Oeste do Norte, no mesmo intre que o astro solleiro deixábase ver coroando Donón, ao tempo que deixaba caer con timidez o seu agarimo morno enriba das costas compensando a frescura do reveleste que baixaba das airas.

Cando levabamos 2,5 millas náuticas aprox. batendo coa proa contra os mares de fóra, viramos na volta de leste con proa ao monte dos Deuses Manes de Breobriga (monte do Facho). Cando acadámola súa sombra, o fresco, e a proximidade a terra convidáronos a unha

nova virada oriental, o que nos posibilitou de novo unha nova saída do sol. Que privilexio ver saír a Lourenzo dúas veces o mesmo día! O mar é así, diría un vello.

O ventiño mantivo a súa comandante presenza e intensidade. Cando despuntamos o Cabalo da ría de Aldán, botounos unha mancha roulando de NE a LNE, o que nos permitiu manter rumbo ao peirao de Ons con galgas dabondo, sen mais bordadas, deixándonos tempo para gozar desta mañá do abreinte equinoccial mentres un mascato diante da proa, pousado no mar, soltaba un lastre de catro sardiñas do seu boche para poder coller voo. Seino porque ao ver que deixaba caer algo, fun correndo á proa e vin as catro sardiñas entre augas, por iso.

Recalamos en Ons pasadas as 10. Rematada a manobra de fondeo nas boias de “Casa Checho” decidimos ir á insular terra valéndonos da auxiliar inchable que nos levou ao peirao do Curro e á praia das Dornas. En terra enfilamos á taberna de “Checho” para tomar un quente, pero estaba pechado. Foi bo que nos atopamos co garda forestal Luís, quen nos comentou que, os de Checho, ían sementar patacas no Chan da Pólvora e convidounos a tomar o café a súa casa. Non deixamos que chegara ao segundo intento para aceptar a amable invitación que tivo como escenario a sala quecida por un lar encandilado da súa morada. Unha grata e instruída conversa fixo que ese café quedara na lembranza indefinidamente. Todo é bo por moi bo que sexa.

De seguido, apuntando xa as 11 da mañá, botámonos a camiñar cara ao faro, entrando en harmonía co entorno desta illa que na tranquilidade que amosa cando está soa nun día como o de hoxe, transmíteche unha sensación de como si quixera falarche e que, si a atendes, cóntache moito saber en cada risco.

Foi levantar a vista subindo a costa do Caño, cando divisamos unha fumeira contra o alto do Cucorno que nos chamou a atención e que, dalí a un pouco, foi esmorecendo e desapareceu, o que nos dou mais tranquilidade, por si era lume forestal. Xa tivemos a experiencia dun polo ano 85 aprox. e tivémonos que tirar ao mar. Seguimos o camiño e, no intre de albiscar a casa de Emilio preto do faro, volveu a sorprendernos ver un grupo de xente no medio da rúa, pasaría algo? Pois o fume saía dalí. Sí, pasaba algo. Diante da soleira e no medio do vieiro, Emilio, a súa dona e os seus netos rodeaban a un celta sobre dun banco no que estaban rematando a faena da matanza do porco. Xa o chamuscamos con fento! Foi debidamente



lavado e delicadamente repasado e preparado para guindalo si podemos, porque é un bo barco, comentou un dos rapaces. Eu bótovos unha man a colgalo, ofrecinlles, e así foi o porco de máis de 200 kg. guindado sen mais voltas que as que daba un cabestro nunha viga cumial do alprende a carón da casa. Alí quedou lembrando tradicións que anos atrás lle daban esencia ao lugar. Un salgadoiro de porco, algún galo ou coello, unhas ducias de ovos, o leite recién muxido, un piorno de millo e patacas, nabizas da leira e bastante peixe fresco ou salgado, fan e fixeron boas percebeiras, percebeiros e polbeiros ao longo da illa. Así foi e así era.

Despedímonos da familia e proseguimos o camiño. Aí está o faro de Ons. 42° 22' 52" N 08° 55' 59" W. FL (4) 24S 25M (BL) Démoslle a volta ao entorno da edificación peculiar de contornos graníticos similar a outros veciños das rías baixas como o de Sálvora, Corrubedo o de Punta Cabalo na illa Areosa (Arousa) ou o seu irmán da illa de Rúa do mesmo autor, construídos na segunda metade do século XIX. O de Cíes xa non ten casa. No campo do faro pastaban as ovellas e o burriño fariñeiro de Emilio. O horizonte limpo de brétema, deixa outear o cabo de Fisterra, Corrubedo, Sálvora e Sagres con Falcoeiro, que están ao carón, co alto da Curota máis ao leste. O Grove, a Lanzada, a Faxilda, Montalbo e Cabicastro a tiro de pedra. A Ría de Marín ao leste e a Ría pequena entre o cabo Udra e Punta Couso. O Cabalo manda na Soavela buscando ao sur o cabo do Home e o Silleiro. O Tegra que lle amosa ao noso río onde esta o mar, e as illas Ficas (Cíes), cara as illas dos Azores, medra o mar, case nada; as Rías Baixas nun pano de vela.

Continuamos facendo camiño cara a Liñeiros observando o mar-mar (mar aberto) no transcurso da senda; de cando en vez séntese rabuñar algún bicho no medio do mato, albiscamos que son lagartos arnais (lagartos ocelados) que están chantados nas beiras das corredeiras a cargar a dermes da enerxía solar que precisan para defendela ceifa e que ao noso paso corren a se agochar, algúns con mais dificultade porque aínda non recargaron suficientemente, pois o sol aínda malla miúdo no valoroso chan.

Estábamos aproximándonos a Caniveliñas cando axexamos nas augas da enseada unha parella de touliñas nadando en círculo e decidimos achegarnos ao cantil da costa para observalas. Dados catro pasos nun sendeiro polo medio dos toxos, sorprendeunos a presenza dun ofidio que raspando o solo detívose ante a nosa presenza e nós ante a del@. Medía, ben calculado, 120 / 130 cm de eslora, de tons pardos e escuros; coidamos que era unha serpe común, non sentiamos sensación de risco e botamos un bo anaco de tempo observándoa ata que razoamos que debíamos retirarnos para que el@ tomase unha decisión. Así o fixemos e o réptil sixilosamente desprazouse e perdeuse no fento (mato seco) mentres unha parella de gaviotas encima dun risco facían o amor.

Nós ao noso. Apousentamos nunha laxe preto de onde hoxe fica unha dedicatoria a Camilo polo seu pasamento a outra dimensión.


Dende a atalaia continuamos observando a parella de touliñas que continuaban nadando en círculos destros e saíndo a bufar dúas ou tres veces seguidas cada minuto máis ou menos, sen desprazarse do lugar e sempre á vez e xuntas. Botamos máis de hora e media observándoos e seguían na mesma. Marchamos pensando que tamén se estarían amarándose e alí quedaban na mesma teima.

Que espectacular o que a natureza amosa! e todo de balde!.

Xa era hora de xantar para nós, porque nós xantamos pola hora, a eles dálle igual ou fano cando teñen ocasión.

Volvemos polo carreiro do Chan da Polvora procurando pasar sen pisar un manto de margaridas brancas que sementaban o camiño polo alto do Canexol, tentando persuadirnos de que non ten quen non quer.

Cando chegamos ao Curro, tomamos un viño na de Acuña con Manolo que, como esta bo día, vén con xente de terra para asollar as casas, e con Cesáreo que viña de varear algún robalo a bordo da motocicleta. Tamén xa estaba aberto a casa "Checho"; as patacas quedaron aterradas na eira do Chan e mentres esperamos pola xanta que fornecía Lola na cociña, siño José "Checho" contábanos de cando ían á venda a Bueu e Portonovo nas dornas ou de recalada aos percebes chegando a Cíes nos gabidos polbeiros, dous homes en cada dorna de oito cuartas e media durmindo a bordo, e de cando o "sueco" (Staffan Mörling) chegou e descubriu unha illa con 70 dornas, das que quedan 7, e 70 familias. Que ninguén pense que se foron sen máis, porque irse é esquecer e eles non esqueceron a illa que fala.



Emilio, despois de colgar o porco

O FARO DE SÁLVORA

HISTORIA, CARACTERÍSTICAS E FUNCIONAMENTO DUN DOS ÚLTIMOS FAROS SEN AUTOMATIZAR DE GALIZA

Por: Roberto Castiñeira Lavadores



O faro de Sálvora na actualidade


A día de hoxe, a illa de Sálvora mantense como un lugar ó marxe do turismo masivo que na época estival enche as localidades costeiras das rías baixas e incluso as súas illas irmáns de Ons e Cíes. É Sálvora unha illa que mantén unha esencia robinsoniana, onde se pode ser o primeiro en pisar a area da praia, sempre e cando as lontras non o fixeran antes. Impregnado da sensación de ser un naufrago nunha illa abandonada, parece obrigada a búsqueda do faro como lugar de referencia. Despois dun pequeno paseo dende o peirao, preséntase ante nós o imponente edificio do Faro de Sálvora.

En Sálvora existiron outros faros antes. Seguindo as directrices do “Plan xeral para o alumeado marítimo das costas e portos de España e illas adxacentes” aprobado en 1847, constrúese o primeiro faro de Sálvora en 1852, prendéndose a luz en 1853 grazas a unha lámpada de aceite, substituída por unha “Lámpada Maris” de petróleo en 1883 e considerándose dende ese intre unha luz de 4º orden, cun alcance de 12 millas náuticas. Non quedan na localización orixinal, apenas, vestixios deste pequeno edificio. As pedras que quedaban del utilizáronse na década dos sesenta do pasado século na remodelación da fonte da telleira e na residencia que o dono da illa construíu sobre as ruínas do antigo almacén. En 1902 nun novo plan de reforma do alumeado prolectase un novo faro para Sálvora, coa intención de mellorar as características técnicas do vello faro e as penosas condicións de vida dos torreiros. Provisionalmente instalase en 1908 un aparato universal que melloraría as características da luz ata o acendido do novo faro. Deste aparato atópanse as anclaxes nunha rocha próxima ó vello faro e as ruínas do corredor que unía o vello edificio con este novo aparato.



O primeiro faro de Sálvora


No ano 1920 conclúense as obras do edificio do faro actual, como recorda o catavento situada no máis alto da torre, acendéndose a luz o 5 de decembro de 1921 coa categoría de *Faro de Tercer Orden Gran Modelo* e cun alcance de 17 millas náuticas. A característica é dende entón 3 e 1 escintileos brancos cada 20 segundos, marcando un sector de perigo entre os 126° e os 160° cunha característica de 3 escintileos cada 20 segundos. Estas novas características técnicas, sumado á gran mellora das instalacións para os torreiros e as súas familias, fixo que se considerara pola prensa da época un dos mellores e máis modernos faros de España. A luz producíase cunha lámpada de incandescencia de vapor de petróleo a presión, orixinalmente da casa alemá “J.Pinch”, substituída anos despois por unha da casa inglesa “Chance”, dado que esta era menos esixente co refinado do petróleo. Este modelo de lámpada funcionou ata xaneiro de 1992, cando se substitúe por unha lámpada eléctrica alimentada por grupos electróxenos e meses despois por un sistema fotovoltaico co apoio de grupos electróxenos. Este faro foi un dos últimos en funcionar con petróleo en España. En Galiza os últimos foron os faros de Ons, Sálvora e Sisargas.



Novo faro de Sálvora poucos anos despois da inauguración

O foco de luz está rodeado pola óptica do faro, que se compón de varios conxuntos de lentes escalonadas ó redor doutra central, o que se coñece como lentes escalonadas de Fresnel. Este enxeño desenvolvido polo físico francés Agustín Fresnel en 1819 refracta e concentra os raios da fonte luminosa nun haz paralelo, incrementando notablemente o alcance do sinal luminoso. Este foi, sen dúbida, o avance máis importante na óptica dos faros.

A pesada óptica xira ó redor da lámpada, para que dende o mar, se identifique o faro ó observar o número de haces luminosos propios deste faro nos 20 segundos que dura a volta completa. Pero facer xirar a óptica a esta velocidade suporía un enorme esforzo, se non fose porque todo o conxunto está flotando sobre mercurio vertido nunha cuba anular, o cal diminúe en gran medida a resistencia ó movemento, podendo facer xirar a óptica en repouso cun pequeno esforzo. O movemento conseguíase grazas a unha máquina de relojería de motor de peso situada por baixo da óptica e que consiste nun complexo sistema de engrenaxes, rodas e piñóns que transmite o movemento dun peso que se deixa caer dende unha altura definida da torre. Este sistema de rotación funcionou ata o ano 2000, ano no que se instala un motor eléctrico de rotación.



Vista parcial da óptica

Este faro ten dúas características luminosas para poder previr ós mariñeiros dos perigosos baixos de Corrubedo, polo tanto a característica principal cambia e dende ese sector obsérvanse tres haces luminosos en vinte segundos. Isto é posible grazas a ocultación dun dos catro haces cando emite cara a zona de perigo por medio dun conxunto de pantallas móbiles, chamado “Pantalla Otter”. Deste xeito o mariñeiro sabe que ata que non observe Sálvora coa característica

de catro escintileos non estará fóra da zona de perigo. A “Pantalla Otter” en funcionamento, hoxe en día, é unha peculiaridade que aínda podemos gozar no faro de Sálvora. Xunto co seu faro irmán en Ons, o faro de Sálvora resístese, case inexplicablemente, a súa completa automatización, e polo tanto a presenza do persoal da autoridade portuaria na illa é imprescindible, sendo Julio, Pepe e Carmen uns dos últimos torreiros en activo.

O traballo dos torreiros mudou moito de cando o iniciaron na década dos oitenta. Entón o petróleo era o combustible e a gravidade facilitaba o xiro da óptica. Neses tempos había moito máis traballo, polo cal estaba previsto, ademais da presenza dos tres torreiros en quendas, peóns de faros de apoio ó servizo.




Pantalla Otter

Un dos traballos máis pesados era a recepción anual do petróleo, (refinado especialmente para o servizo de faros por CAMPSA), que chegaba á illa en aproximadamente 100 bidóns de 50 litros na embarcación “Rías Baixas”, contratada para abastecer o balizamento das Rías de Vigo, Pontevedra e Arousa. Esta embarcación, dadas a súas dimensións, fondeaba nas proximidades do peirao e a bordo dun bote a remos se ían, pouco a pouco, levando bidóns ata o peirao, onde os cargaban a man no tractor para almacenalos nas instalacións do faro. En ocasións este traballo solía alongarse máis dun día, polo que os bidóns que non era posible subir ata o faro a primeira xornada gardábase na caseta de formigón que aínda se pode ver no peirao da illa.




Embarcación “Rías Baixas”

A rutina diaria de acendido do faro comezaba na cámara de servizo, no interior da torre, bastante tempo antes do anoitecer, alí había un depósito de aire e outro de petróleo conectados entre si, (o depósito de petróleo enchíase cuns 50 litros cada tres días en inverno e cada catro no verán). Comezábbase accionando a bomba manual de inxección de aire, que comprimía o aire no primeiro depósito ata os 4,5-5 Kg/cm² e isto facía que, ó estar conectados os depósitos, incrementara a presión no segundo depósito mobilizándose o petróleo pola tubaxe de condución ata a chave reguladora de paso, situada antes da lámpada Chance. O manómetro do depósito de petróleo non podía baixar de 4,5 Kg/cm², polo que esta operación realizábase cada noite tres veces no inverno e dúas no verán.



O seguinte paso realizábase dentro da óptica, un espazo moi estreito e con pouca manobrabilidade, onde se situaba a lámpada nun soporte. Para que o petróleo pasara do estado líquido ó gasoso ó entrar na lámpada conducíase polo vaporizador. Esta peza tiña que estar quente para o acendido, polo cal uns 15 minutos antes quentábase cunha lámpada de alcohol de dúas mechas.




No máis alto da lámpada situábase o *capillo*, (saquiño de tecido de seda empapado nunha sustancia especial), que ó inflamarse a mestura de oxíxeno e petróleo vaporizado, emitía unha potente luz branca. O mesmo *capillo* podía durar moitas noites máis despois do primeiro uso.

Unha vez quente o vaporizador e en consecuencia o conxunto da lámpada, abríase a chave reguladora de paso e cando o vapor de petróleo saía con forza por entre o tecido do *capillo* acercábaselle unha estopa prendida comezando así a combustión do petróleo e a emisión da potente luz branca do faro, ó tempo prendíanse os quentadores da lámpada que mantiñan o vaporizador a temperatura óptima para o seu correcto funcionamento. A continuación debíase retirar a lámpada de alcohol do soporte, esta era una operación delicada e precisaba de bo pulso, pois calquera erro podíase traducir nun perigoso incendio.

Prendida a lámpada podíase pór en marcha a rotación da óptica, para o que previamente se elevaba manualmente o peso motor ata a posición inicial dando unhas mil voltas de manivela, substituída anos despois por un vello motor eléctrico de lavadora. Unha vez arriba o peso descendía durante unhas seis horas e media e transcorrido ese tempo tocaba dar corda unha vez máis de madrugada no verán ou dúas veces máis nas noites de inverno.

Ó comezo de prestar servizo no faro un dos problemas crónicos que se toparon os torreiros foi que os repostos orixinais da casa “Chance Brothers” de Berlín practicamente non existían e os novos repostos que chegaban dos “Talleres Cerezo” de Madrid eran de peor calidade, sendo a paciencia e o enxeño dos traballadores quen supliu esas carencias impostas.



Vaporizador

Un dos primeiros problemas foi cos *capillos* da lámpada. Os que chegaban tiñan menor diámetro que os orixinais, polo que rompían con facilidade. Foi neste caso María, a parella dun dos torreiros, quen deu coa solución cosendo un *capillo* coa metade doutro co mesmo fío de seda, desta maneira se chegaron a superar as cen noites co mesmo *capillo*. Outro problema, aínda que máis ocasional, era a rotura do *capillo* polo roce á hora de manipular a lámpada ou por algún insecto atraído pola luz, pois unha vez queimado por primeira vez o , a estrutura que queda era moi feble.

O vaporizador foi sen dúbida o elemento que precisaba de máis atención. A súa limpeza debía ser metódica e concienciada, pois ensuciábase continuamente polo uso. Un vaporizador limpo era garantía para o bo funcionamento da lámpada. De todas maneiras debíase cambiar con frecuencia, pois se se apagaba a lámpada, a substitución do vaporizador supoñía a lo menos 20 minutos co faro fóra de servizo, pois debíase ademais de cambialo por outro, quentar antes este.

A velocidade de xiro da óptica tamén foi tema de estudo por parte dos torreiros, por máis que se axustase o regulador de velocidade a óptica daba as voltas en 18,5 segundos e non en 20 como marca a característica do faro. Segundo Pepe, (un dos torreiros), parece que o problema ven de lonxe, pois revisando as anotacións nos libros de servizo do faro parece ser que un cambio nas pantallas de aluminio da pantalla Otter por outras máis anchas puido desequilibrar a óptica e polo tanto afectar o xiro. Dende entón algúns intentaron solucionalo. En 1970 engadiuse unha pedra no peso motor e con posterioridade engadíronse contrapesos na óptica e volveuse a engadir peso cuns discos de chumbo artesanais, pero non se chegou a corraxir o problema. Non foi ata a incorporación no ano 2000 do motor eléctrico de rotación, cando este problema se solucionou en parte.

Hoxe en día os problemas son ben diferentes, ter repostos de lámpadas alóxenas de 250W, (que substitúen a vella lámpada de petróleo), a célula fotoelétrica da alarma e o mantemento dos equipos electróxenos, baterías e placas solares, son algunhas das preocupacións dos torreiros.

Cando Julio, Pepe e Carmen chegaron a Sálvora, este era un destino pouco cobizado polos compañeiros de profesión. Ata a súa chegada, os torreiros evitaban permanecer moito tempo traballando na illa. A condición de insularidade, o estado das instalacións e a falta de luz eléctrica, non seducían á maioría, pero nesta nova xeración de torreiros houbo quen se sentiu atraído por unha illa privada e deshabitada, que tan só compartirían co garda Francisco e o peón de faros.

Hoxe, unha estancia no faro supón unha viaxe no tempo, a ausencia de subministro eléctrico nas vivendas condiciona a vida diaria, tan só se pode gozar da electricidade cando se acende un dos dous ruidosos grupos electróxenos dos que se dispón. O silencio e a escuridade da noite remóntanos máis dun século atrás, podendo un identificarse con aqueles primeiros torreiros que en 1853 comezaron o servizo nesta illa, utilizando, coma eles, os vellos quinqués para alumear as estancias na escuridade da noite.

Os primeiros anos os torreiros gozaron da pesca na illa, aínda que os que máis aproveitaron da pesca e da caza foron os peóns, que en ocasións tras apagar o faro apurábanse para ir á seca na costa da illa. Ó ser a illa un coto privado, a caza non lles estaba permitida, aínda que se poderían contar a milleiros os coellos abatidos a tiros ou atrapados en trasmallos que encheron os estómagos e algunha vez a carteira dos habitantes do faro.

Hoxe a vida do torreiro é, en xeral, moito máis tranquila, o vixiante do agora Parque Nacional e os dous cans do faro son a única compañía, aínda que en ocasións as visitas dos vellos amigos ou a familia rompen a rutina. Cóntanse por meses o tempo que lle queda ós torreiros en Sálvora, a automatización do faro parece inminente. Nese momento a illa perderá parte do romanticismo que aporta a presenza dos últimos torreiros da illas galegas.

AGRADECEMENTOS:

Este traballo tería sido imposible sen a colaboración dos propios torreiros do faro de Sálvora, polo que manifesto o meu agradecemento a Pepe Pertejo pola súa axuda na documentación, consulta dos libros de servizo e testemuñas, e a Julio Vilches e Carmen Carracedo pola colaboración na búsqueda de imaxes e por compartir a súas vivencias no faro de Sálvora.

BIBLIOGRAFÍA:

- GUTIERREZ GRACIA, JUÁN. *Faros y señales marítimas*. Madrid. 1926.
 PAZOS PÉREZ, LINO J. *Faros de Galicia*. Ed. galaxia. 2003.
 SANCHEZ TERRY, MIGUEL ÁNGEL. *Los faros españoles: historia y evolución*. Ministerio de obras públicas y transportes. 1986
Señales Marítimas (Revista). N ° 18. Madrid. 1943.
 V.V.A.A. *Faros de Galicia*. Fundación Caixagalicia. 2004.

FOTOGRAFÍAS:

- Corral, Santiago: Novo faro de Sálvora.
 Carracedo, Carmen: Primeiro faro de Sálvora.
 Castiñeira Lavadores, Roberto: O faro na actualidade, óptica, persiana e figuras explicativas.
 Vilches, Julio: Embarcación "Rías Baixas"



Regulador de velocidade

O GROVE, ESA GRANDE VILA MECA

Por: Redacción

A medida que esta revista ía crescendo comprobamos que, ao igual que a nosa querida Illa de Ons, o Grove ofrecía un importante número de peculiaridades históricas, etnográficas, antropolóxicas, sociais,..., que había que dar a coñecer pero que, por desgraza, moi pouco ou nada se investigara ou escribira sobre elas.

Foi entón cando decidimos que O Grove fóra outro dos nosos principais obxectivos, poñendo en valor a interesante cultura grovense e así foi que contactamos con persoas do mundo cultural meco para encher de contido esa grande falta.



O mundo da pesca e da conserva en O Grove, cantas cousas nos poden contar.

Contamos, nun primeiro intre, coa inestimable axuda de Jose Miguel Besada e Xohán Fuentes que, por esas causas do destino, nos abandonaron demasiado cedo, pero o seu legado quedou plasmado nesta revista. Eles escribiron e puxéronnos en contacto con outras persoas mecas que foron aportando moita luz a esta escuridade cultural, e así xurdiron Javier Fernández, Francisco Meis, Xan Caneda, Eduardo e Miguel Parada, Luís Rei (QED), Moncho Lavandeiro, Lolita Aguín, Pepe Taboada, Cosme Romai, Abaham Padín,..., e moitos outros grovenses que, aínda non escribindo, si nos axudaron na procura de datos e postas en común.

Pero tamén sobre O Grove e a Ría de Arousa escribiron outros articulistas non nados nesta fermosa vila e así contamos con excelentes artigos de Lino Pazos, Estanislao F. de la Cigoña, Cabeza Quiles, Calo Lourido, Ferrer Jureguizar, Manuel Chazo,... Coas súas colaboracións axudaron a coñecer un pouco máis a historia e a etnografía da vila meca.

Non podemos esquecernos neste repaso aos pequenos colaboradores que están a facer posible este novo rexurdir cultural e aquí tivemos as achegas feitas polos colexios Bizocas, Conminiño e Rosalía de Castro que nos descubriron os traballos dos seus avós, deron un primeiro repaso as muíños de San Vicente, traballaron as chatas mecas,..., e aportaron fotografías antigas dos álbums familiares.

Dende estas humildes letras queremos animar a todos os grovenses a escribir, a contar as historias, contos, lendas que escoitaron dos seus maiores,..., a investigar sobre o seu pobo, a remexer nas



A Illa da Toxa, un universo de lenda.

fotos familiares e contar esa pequena ou gran historia que agocha cada unha,..., a dar a coñecer os antigos aparellos de pesca e de labranza, os cruceiros, os piornos, os fornos, as telleiras, os lavadoiros,..., a pedir axuda institucional para descubrir a vida dos seus antepasados agochada nos castros da vila. As vidas dos seus ilustres habitantes e os non tan ilustres pero que contribuíron, coa súa peculiar vida e feitos, á historia deste pobo

Poñemos esta revista a disposición de todo aquel que queira colaborar aportando os seus traballos en forma de pequenos artigos.



Esas persoas entrañables con tantas historias as súas costas.